1. Para os efectos do presente regulamento considéranse elementos de urbanización calquera componente das obras de urbanización, entendendo por estas as referidas á pavimentación, xardinería, saneamento, sumidoiros, iluminación, redes de telecomunicación e redes de subministración de auga, electricidade, gasa e aquelas que materialicen as indicacións do planeamento urbanístico.

2. Os elementos de urbanización integrados en espacios de uso público poseirán con carácter xeral unhas características de deseño e execución tales que non constitúan obstáculo á liberdade de movementos das persoas con limitacións e mobilidade reducida, debendo ademais, se é o caso, axustarse ás condicións de adaptación establecidas na base 1.2 do código de accesibilidade.

Sección sexta
Características do mobiliario urbano

Artigo 23º.-Elementos de mobiliario urbano.

1. Para os efectos deste regulamento considéranse elementos de mobiliario urbano o conxunto de obxectos existentes nas vías e espacios públicos que se atopen superpostos ou apoiados ás elementos de urbanización ou da edificación de forma que sexa posible o seu traslado ou modificación sen alteracións substanciais daquelas, tales como semáforos, postes de sinalización e semellantes, cabinas telefónicas, fontes públicas, papeleiras, veladores, toldos, marquesinas, quioscos, contedores, varandas, bolardos, controis de aparcamento e calquera outro de semellante natureza.

2. Os elementos de mobiliario urbano deseñaranse e colocaranse de maneira que non obstaculicen a circulación de calquera tipo de persoas e permitan, se é o caso, ser usados coa máxima comodidade.

3. Os elementos de mobiliario urbano considéranse adaptados cando reúnan as condicións establecidas na base 1.4 do código de accesibilidade.

Artigo 24º.-Sinais e elementos verticais.

1. Os sinais de tráfico, semáforos, postes de iluminación ou calquera outro elemento vertical de sinalización que se sitúe nun itinerario ou espacio de acceso peonil deberán ser deseñados e colocados de forma que resulten adaptados, situándose de maneira que non obstaculicen a circulación de calquera tipo de persoas e permitan, se é o caso, ser usados coa máxima comodidade.

2. Os elementos salientes que se sitúen nas alineacións das fiestras de edificios que interfiran un itinerario ou espacio peonil, tales como marquesinas, toldos ou outros semellantes, deberán evitar en todo caso ser un obstáculo para a libre circulación de todo tipo de persoas.

Sección sétima
Obras nas vías públicas

Artigo 25º.-Protección e sinalización de obras na vía pública.

1. Todo tipo de obra ou elemento provisional, como gabias, andamios ou semellantes, que impliquen perigo, obstáculo ou limitación de percorrido, acceso ou estadía peonil deberá sinalizarse e protexerse de maneira que garanta a seguridade física de tódolos viandantes.

2. A protección e sinalización das obras en vías e espacios públicos deberá ser adaptada nos termos previstos na base 1.4.3 do código de accesibilidade.

En todo caso, a protección realizarase mediante valos estables e continuos, dotados de sinalización luminosa de cor vermella nos casos de insuficiente iluminación, de maneira que poidan advertirse con antelación por persoas con calquera tipo de limitación. En situacións de evidente perigo para a seguridade dos invidentes instalaranse sinais acústicos intermitentes con límites que non molesten o resto da comunidade.

3. Os itinerarios peonís cortados por obras substituiranse por outros que permitan o paso a persoas con mobilidade reducida.

Sección oitava
Sinalización

Artigo 26º.-Símbolos homologados e exigencias de sinalización.

1. No anexo II a este regulamento recóllense os logotipos dos símbolos de accesibilidade homologados para o seu uso.

2. Co obxecto de facilitar o acceso e uso dos edificios, instalacións e servicios adaptados, sinalizaranse permanentemente co símbolo internacional de accesibilidade e con aqueloutros sinais ou textos complementarios que fallen unha mellor información ás persoas con limitacións:

-Os itinerarios peonís adaptados, cando existan outros itinerarios alternativos non adaptados.

-Os itinerarios mixtos de peóns e vehículos adaptados, cando existan outros itinerarios alternativos non adaptados.

-As prazas de estacionamento adaptadas e os itinerarios peonís adaptados de acceso a elas, incluíndo as reservadas en edificios e instalacións de uso público, tales como estadios e polideportivos, teatros e cines, prazas de touros, salas de conferencias, hotels, centros relixiosos e culturais, etc.

-Os elementos de mobiliario urbano adaptados que polo seu destino ou uso requiran sinalización.

-Os servicios hixiénicos adaptados.

-Os edificios de uso público adaptados.

-Os transportes públicos que poidan a condición de adaptados.

-As paradas de transporte público adaptadas.

-As paradas de taxis nas que exista un servicio permanente de taxi con vehículo adaptado.

3. A localización e características da sinalización descríbense para determinados casos concretos neste regulamento así como no código de accesibilidade, debendo realizarse nos supostos de carencia de regulación específica de forma que calquera usuario poida obter información sobre a existencia de vías, espacios, edificios, instalacións e servicios adaptados.

Capítulo II
Disposicións sobre barreiras arquitectónicas na edificación (Bases)
Sección primeira
Edificios de uso público

Artigo 27º.-Accesibilidade en edificios de uso público.

1. Para os efectos deste regulamento considéranse edificios de uso público os edificios de titularidade pública ou privada destinados a un uso que implique concorrencia de público, de acordo co previsto no artigo 8º do presente regulamento.

2. Considéranse incluídos dentro deste epígrafe de edificios de uso público, xunto a outros de natureza semellante, os seguintes:

-Edificios públicos e de servicios das administracións públicas.

-Centros sanitarios e asistenciais ou calquera outro centro social.

-Estacións ferroviarias, de metro e autobuses.

-Portos, aeroportos e heliportos.

-Centros de ensino.

-Garazes e aparcadoiros colectivos.

-Centros de traballo que empreguen un número de 50 ou máis traballadores.

-Embarcacións marítimas e fluviais destinadas á transporte público de persoas cunha eslora entre perpendiculares igual ou superior a 18 metros.

-Centros sindicais.

-Museos, arquivos, bibliotecas e salas de exposicións.

-Teatros, salas de cines e espectáculos.

-Casas de cultura.

-Instalacións deportivas.

-Lonxas, mercados, prazas de abastos e establecementos comerciais e bancarios de superficie igual ou superior a 500 m².

-Centros relixiosos.

-Instalacións hoteleiras e hosteleiras.

3. A construcción, ampliación ou reforma de edificios de uso público efectuarase de maneira que se garanta que os mesmos resulten adaptados para persoas con limitacións coas excepcións e alternativas establecidas no presente regulamento e no código de accesibilidade.

Artigo 28º.-Edificios de nova planta.

1. A construcción dos espacios, instalacións ou servicios propios das edificacións de titularidade pública ou privada destinadas a un uso que implique concorrencia de público realizarase de forma que resulten accesibles nas condicións que se establezan no cadro contido na base 2.1.4 do código de accesibilidade.

2. Os proxectos destes edificios deberanse axustar ás determinacións contidas no regulamento e na base 2 do código de accesibilidade, na que se establecen

as exigencias arquitectónicas que hai que ter en conta no deseño deste tipo de edificios.

Artigo 29º.-Adaptación de edificios de uso público existentes.

1. Deberán cumpri-las determinacións contidas no regulamento e no código de accesibilidade as obras de restauración, rehabilitación, ampliación ou reforma de edificios que comporten un cambio de uso ou afecten un 20% ou máis da superficie inicial do edificio. A existencia de reformas fraccionadas non impedirá a aplicación deste precepto cando a suma delas teña alguna das características citadas.

2. Poderán quedar exentos do previsto no punto anterior aquelas ampliacións ou reformas que requiran medios técnicos ou económicos desproporcionados. Considéranse que se requieren medios técnicos ou económicos desproporcionados cando o orzamento das obras que se van realizar para adaptar un espazo, instalación ou servicio dunha edificación sexa superior en máis dun 50% á custo que resultaría de realiza-las obras necesarias para facelos practicables. Esta circunstancia deberá xustificarse na documentación do proxecto con estudio comparativo dos custos.

Neste caso, os espacios e elementos dos edificios ampliados ou reformados serán como mínimo practicables.

3. Con independencia das ampliacións ou reformas anteriormente citadas os edificios de uso público existentes deberán adaptarse gradualmente ás normas sobre accesibilidade previstas neste regulamento de acordo coas seguintes reglas e condicións:

a) As administracións públicas galegas establecerán anualmente unha porcentaxe das súas partidas orzamentarias de investimento para a supresión das barreiras existentes nos edificios de uso público da súa titularidade ou sobre os que dispoñan, por calquera título, de dereito de uso. Con tal finalidade elaboraranse plans de adaptación e supresión de barreiras dentro do prazo de dous anos desde a entrada en vigor do presente regulamento. Estes plans serán revisados cada cinco anos e o prazo para a súa realización non superará os dez anos, podendo ser subvencionados con cargo á fondo para a supresión de barreiras previsto na Lei 8/1997 e no presente regulamento.

b) Os inmobles que se encontren declarados bens de interese cultural ou incluídos nos catálogos municipais de edificios protexidos non lles será de aplicación o disposto neste regulamento, sempre que as modificacións necesarias afecten elementos obxecto de protección.

Neste supoxto, procederase á realización dun programa de accesibilidade, que terá por obxecto mellora-la accesibilidade e a eliminación daquelas barreiras arquitectónicas que non precisen a realización de obras que afecten elementos protexidos. Nestes casos, habilitaranse as axudas técnicas necesarias para que estes edificios se adecuen, na medida do posible, para a súa visita por persoas con limitacións ou con mobilidade reducida.

c) As administracións públicas galegas e as persoas físicas e xurídicas titulares de edificios de uso público confeccionarán programas específicos para a supresión de barreiras na edificación, os cales poderán subvencionarse polo fondo para a supresión de barreiras previsto na Lei 8/1997.

Artigo 30º.-Accesos desde o exterior.

1. Todo edificio de uso público deberá ter como mínimo un acceso á súa interior desde a vía pública a través dun itinerario que deberá cumpri-las condicións establecidas para itinerarios adaptados ou practicables, segundo o caso, neste regulamento e no código de accesibilidade.

2. No supoxto dun conxunto de edificios, polo menos un dos itinerarios que os una, entre eles e coa vía pública, debe cumpri-las condicións establecidas para itinerarios adaptados ou practicables, segundo o caso, no presente regulamento e no código de accesibilidade.

3. Cando exista un acceso alternativo para persoas con mobilidade reducida, este non poderá ter un percorrido superior a seis veces o cotián, nin poderá condicionarse o seu uso a autorizacións expresas ou outras limitacións.

Artigo 31º.-Mobilidade vertical.

1. Para facilita-la mobilidade vertical entre espacios, instalacións e servicios comunitarios situados en edificios de uso público, a comunicación entre plantas realizarase como mínimo mediante un elemento ascensor ou rampla, adaptado ou practicable, segundo o caso.

2. As escaleiras de uso público deben ser adaptadas, consoante o establecido na base 2.2.2 do código de accesibilidade e na base 2.2.4 cando se tratase de escaleiras mecánicas. En todo caso, a súa construcción deberá realizarse conxuntamente cunha rampla ou ascensor adaptados de acordo coas condicións establecidas, respectivamente, nas bases 2.2.1 e 2.2.3.

3. Os tapices rodantes adaptaranse ás condicións previstas na base 2.2.5 do código de accesibilidade.

4. Os foxos dos ascensores poseirán dimensións que permitan a instalación dun ascensor adaptado ou practicable segundo as condicións sinaladas na base 2.2.3 do código de accesibilidade.

Artigo 32º.-Mobilidade horizontal.

1. A mobilidade ou comunicación horizontal entre espacios, instalacións e servicios comunitarios situados en edificios de uso público permitirá o desprazamento e manobra de persoas con limitacións. Para tal efecto, como mínimo as portas interiores e corredores axustaranse ás condicións sinaladas na base 2.1.1 e 2.1.2 do código de accesibilidade.

2. Por outra banda, debe haber como mínimo un itinerario interior adaptado ou practicable, segundo o caso, que faga posible a aproximación ás diferentes elementos de uso público, e que se axustará ás condicións sinaladas na base 2.1.1 e 2.1.2 do código de accesibilidade.

3. Cando existan desnivéis salvaranse mediante rampas adaptadas que se axustarán ás condicións sinaladas na base 2.2.1 do código de accesibilidade e na base 2.2.5 cando se trate de rampas mecánicas do tipo de tapices rodantes.

Artigo 33º.-Servicios higiénicos.

Os servicios higiénicos de uso público que existan neste tipo de edificios disporán, como mínimo, dunha unidade adaptada nas condicións previstas na base 2.3.1 do código de accesibilidade ou dun aseo adaptado para cada sexo se se atopan dentro dos vestiarios dunha instalación deportiva.

Artigo 34º.-Dormitorios.

1. Os servicios residenciais de uso público disporán de dormitorios adaptados de acordo coas condicións sinaladas na base 2.3.2 do código de accesibilidade e na proporción mínima de prazas que se establece no mesmo.

2. A reserva de prazas en establecementos destinados a fins asistenciais e sociais regularase pola súa propia normativa, debendo disponer-los que teñan unha capacidade inferior a 25 prazas, como mínimo, dunha praza adaptada.

Artigo 35º.-Vestiarios.

Os vestiarios de uso público disporán, como mínimo, dunha praza adaptada para cada sexo, que se axustará ás condicións sinaladas na base 2.3.3 do código de accesibilidade.

Artigo 36º.-Mobiliario.

Como mínimo un elemento de mobiliario de uso público para cada uso diferenciado será adaptado e axustarase ás condicións sinaladas na base 2.3.4 do código de accesibilidade.

Artigo 37º.-Aparcadoiros.

1. Nos garajes ou aparcadoiros de uso público, ra sexan exteriores ou interiores, que estean á servicio dun edificio de uso público, reservaranse prazas de estacionamento adaptadas tan cerca como sexa posible dos accesos peonís e de forma permanente.

2. As prazas adaptadas deberán ter un itinerario de peóns adaptado nas condicións establecidas na base 2 do código de accesibilidade.

3. As prazas e espacios anexos axustaranse ás condicións sinaladas na base 3 do código de accesibilidade.

4. Estas prazas e o itinerario de acceso a elas sinalizaranse co símbolo de accesibilidade situado sobre o pavimento. Así mesmo, instalaranse sinais verticais co texto: «Praza reservada para persoas con mobilidade reducida».

5. O número de prazas adaptadas que deben ser reservadas calcularase en función da capacidade total do aparcamento de acordo coa proporción que se establece no código de accesibilidade.

6. Os edificios destinados a hospitais, clínicas, centros de saúde e de atención a persoas con mobilidade reducida, centros de rehabilitación e de día que non dispoñan de aparcadoiro de uso público terán na vía pública e o máis cerca posible do acceso, como mínimo, unha praza adaptada reservada para persoas con mobilidade reducida.

Artigo 38º.-Reserva de espacios en locais públicos.

1. Os establecementos e recintos nos que se desenvolvan espectáculos ou acontecementos deportivos, as salas de conferencias, auditorios cubertos ou non, aulas e outros locais públicos con actividades semellantes, disporán de espacios reservados de uso preferente para persoas con mobilidade reducida con independencia do seu dereito a ocupar calquera outra localidade.

2. Estes espacios adecuaranse ás condicións establecidas na base 2.3.5 do código de accesibilidade.

Sección segunda
Outros edificios de titularidade privada

Artigo 39º.-Accesibilidade en edificios de titularidade privada e uso residencial.

1. Os edificios, instalacións e servicios de titularidade privada e uso residencial de nova construcción, nos que sexa obrigatoria a instalación de ascensor, deberán reunir, como mínimo, os seguintes requisitos:

a) Disponer dun itinerario practicable, consonte as condicións establecidas na base 4 do código de accesibilidade, que una as vivendas e os locais do edificio cos espacios e dependencias de uso comunitario que estean á servicio del, incluíndo nestas os garajes vinculados ás vivendas.

b) Disponer dun itinerario practicable, consonte as condicións establecidas na base 4 do código de accesibilidade, que una a edificación coa vía pública, con outras edificacións ou servicios anexos de uso comunitario e cos edificios veciños.

2. Os edificios de titularidade privada e uso residencial de nova construcción nos que non sexa obrigatoria a instalación de ascensor deberán disponer dun itinerario practicable -excepto polo que se refire á existencia dun ascensor ou á necesidade de complementalas escaleiras cunha rampla prevista no artigo 31º.2-, consonte o establecido na base 4 do código de accesibilidade. Desta exigencia exceptúanse, en todo caso, as vivendas unifamiliares.

Artigo 40º.-Reformas.

1. Os proyectos de reforma, rehabilitación ou restauración de edificios, servicios ou instalacións de titularidade privada e uso residencial deberán cumpri-los requisitos esixidos ás de nova construcción sempre que as obras que se van realizar supoñan unha modificación da configuración do edificio, variando o número de vivendas ou a superficie delas. A existencia de reformas fraccionadas non impedirá a aplicación deste precepto cando a suma das mesmas teña alguna das características citadas.

2. Cando o custo da adaptación represente un incremento de máis do 50% do custo das obras que se van realizar, realizarase unha proposta alternativa que requerirá, previamente á concesión da licencia, o informe favorable do Consello Autonómico para

a Promoción da Accesibilidade e a Supresión de Barreiras.

3. No que se refire ás obras de adaptación que leven a cabo os propietarios ou usuarios de viviendas, haberá que atender ó disposto na Lei 15/1995, do 30 de maio, sobre límites do dominio sobre inmobles para eliminar barreiras arquitectónicas ás persoas con discapacidade ou maiores de 70 anos.

Sección terceira

Accesibilidade nestes edificios de titularidade pública e uso residencial

Artigo 41º.-Accesibilidade nestes edificios de titularidade pública e uso residencial.

Os edificios, as instalacións e os servicios de titularidade pública e uso residencial de nova construción, así como os proxectos de reforma, rehabilitación ou restauración deles deberán, ademais axustarse á normativa propia das viviendas de protección oficial de promoción pública, cumprir como mínimo coas exigencias de accesibilidade establecidas nesta lei para os edificios de uso residencial e titularidade privada.

Sección cuarta

Reserva de viviendas para persoas con limitacións

Artigo 42º.-Reserva de viviendas adaptadas.

1. Como mínimo un 3% das viviendas de cada promoción de viviendas de protección oficial de promoción pública deberá reservarse para persoas que dispoñan da certificación de minusvalidez expedida polos equipos de valoración e orientación (EVO) que acredite a existencia de graves problemas de mobilidade que requiran a realización de obras de adaptación no interior das ditas viviendas.

2. No caso de minusválidos menores de idade ou incapaces, poderán acceder ás devanditas viviendas as persoas que exerzan a patria potestade, a tutela e, se é o caso, as que acrediten tales ó seu cargo de forma permanente.

3. Igualmente, os promotores privados de viviendas de protección oficial ou sometidas a calquera outro réxime de axuda pública deberán reservar, respectando en todo caso a porcentaxe indicada no punto anterior, a proporción mínima establecida nas disposicións reguladoras de viviendas de protección oficial, agás das viviendas promovidas por cooperativas ou para uso propio.

Artigo 43º.-Condicións das viviendas reservadas.

As viviendas reservadas para persoas con limitacións deberán posuír as seguintes características:

a) Ter adaptado o seu interior e os accesos a el consonte as condicións establecidas na base 5 do código de accesibilidade.

b) Dispoñer dun itinerario adaptado, consonte as condicións establecidas na base 2.2.1 do código de accesibilidade, que una as viviendas adaptadas con espacios e dependencias de uso comunitario.

c) Dispoñer dun itinerario adaptado, consonte as condicións establecidas na base 2.1.1 do código de accesibilidade, que una a edificación coa vía pública, con outras edificacións ou servicios anexos de uso comunitario e cos edificios veciños.

d) No supoxto de que o edificio disponha de garaxe deberá reservarse igual número de prazas de aparcadoiro adaptadas, vinculadas ás viviendas e situadas tan cerca como sexa posible dos accesos peonís, debendo establecerse un itinerario adaptado que comunique os garaxes coas viviendas agás no referente ás escaleiras, que poderán ser practicables.

Artigo 44º.-Procedemento de acceso ás viviendas reservadas.

1. A adxudicación de viviendas de promoción pública estará sometida ó procedemento establecido na súa normativa reguladora vixente e ó establecido neste regulamento.

2. Ás viviendas reservadas de protección oficial de promoción privada ou sometidas a calquera outro réxime de axuda pública accederán prioritariamente persoas en situación de mobilidade reducida e, no caso de que resulten vacantes, a entidades públicas ou privadas con personalidade xurídica propia e sin finalidade de lucro para dedicalas a minirresidencias, pisos compartidos ou calquera outro tipo de vivenda destinada a persoas con mobilidade reducida. Non obstante o anterior, e polo que se refire ó acceso ó financiamento cualificado, rexerá o disposto na normativa reguladora de viviendas de protección oficial.

3. Créase un Rexistro Central de Viviendas Vacantes para Persoas con Mobilidade Reducida Permanente no Instituto Galego da Vivenda e Solo, o que se nutrirá directamente das bases de datos previamente creadas na áreas provinciais dispoñendo da información correspondente á súa situación, dimensións, características e prezo.

4. Créase un Rexistro de Demandantes de Viviendas Adaptadas nas áreas provinciais de Servicios Sociais, as cales remitirán o nome e características dos inscritos ó Instituto Galego da Vivenda e Solo para a súa posterior adxudicación. Poderán inscribirse neste rexistro como demandantes de viviendas adaptadas as entidades públicas ou privadas con personalidade xurídica propia sen ánimo de lucro e as persoas con graves e permanentes problemas de mobilidade.

5. Para acceder ás viviendas de promoción privada as entidades públicas ou privadas con personalidade xurídica propia deberán cumpri-los seguintes requisitos:

-Estar inscritas no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servicios Sociais.

-Presenta-lo correspondente certificado da Dirección Xeral de Servicios Sociais que acredite que a entidade está capacitada para a xestión dun piso tutelado.

Artigo 45º.-Garantías para a realización de obras de adaptación.

1. Os promotores privados de viviendas de protección oficial ou sometidas a calquera outro réxime de axuda pública poderán substitui-las adaptacións

interiores de vivendas reservadas para persoas con mobilidade reducida polo depósito, é solicitarse a cualificación provisional ou certificación administrativa equivalente, dun aval suficiente dunha entidade financeira legalmente recoñecida que garanta a realización das obras necesarias para as adaptacións correspondentes, segundo o tipo de limitación que poida o futuro usuario.

2. O importe do aval será do 10% do prezo máximo autorizado de venda da vivenda de que se trate. A constitución do aval axustarase á modelo sinalado no anexo IV do Real decreto 390/1996, do 1 de marzo, de desenvolvemento parcial da Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das administracións públicas.

3. Este aval garantirá a cobertura das responsabilidades que eventualmente poida contraer-lo promotor por incumprimento das súas obrigas na materia e, específicamente, o abonamento dos gastos, por tódolos conceptos, da execución subsidiaria das obras de adaptación. O aval poderá cancelarse tan pronto presente o promotor escritura de venda da vivenda avalada a un minusválido, na que se especificará o carácter de discapacitado do comprador e a realización das obras de adaptación a súa minusvalidez.

4. As vivendas reservadas que resultasen vacantes por non demandarse no prazo de seis meses desde a cualificación definitiva ou certificación administrativa equivalente poderán ser ofertadas libremente polo promotor. Para acredita-la falta de demanda deberá acompañarse certificación do Instituto Galego da Vivenda e Solo ou da Dirección Xeral de Servicios Sociais acreditativa da falta de demanda nos rexistros previstos no artigo anterior, procedendo no dito caso a cancelación do aval.

Capítulo III
Disposicións sobre barreiras no transporte (BAT)
Sección primeira
Accesibilidade dos transportes públicos

Artigo 46º.-Condicións xerais.

1. Tódolos transportes públicos de viaxeiros dependentes das administracións galegas que circulen por terra, mar, aire e leitos fluviais deberán observa-lo disposto neste regulamento e na base 6ª do código de accesibilidade.

2. Así mesmo, os transportes públicos de viaxeiros deberán axustarse progresivamente ás medidas que se dicten e aqueloutras que resulten como consecuencia de avance tecnolóxico das que estea debidamente acreditada a súa eficacia.

3. En todo caso, na concesión ou en calquera forma de contratación da xestión dos servicios de transporte, tanto urbanos como interurbanos, terase en conta a dotación de sistemas que permitan ou faciliten a accesibilidade como un dos factores a puntuar entre as propostas dos concursantes cando os ditos sistemas non sexan aínda de obrigado cumprimento para tódolos vehículos de transporte público existentes.

Artigo 47º.-Condicións das instalacións é servicio do transporte.

1. Toda construcción ou reforma das infraestructuras é servicio do transporte público deberá axustarse ás determinacións contidas neste regulamento para a construcción, itinerarios, servicios e mobiliario que sexan comúns ás edificios de uso público.

2. En canto ás adaptacións específicas das devanditas instalacións realizaranse de acordo co previsto neste regulamento e na base 6 do código de accesibilidade.

3. En todo centro de servicio do transporte público, como estacións de autobuses, estacións de ferrocarril, estacións marítimas, aeroportos ou calquera outro de natureza análoga, dispoñerase dun servicio de megafonía para información de viaxeiros das chegadas e saídas así como de calquera outra noticia ou información.

4. Igualmente, nas devanditas instalacións dispoñerase de mecanismos de información e sinalización visual que garantan o acceso á información citada ás persoas con diminución auditiva.

Artigo 48º.-Condicións dos medios de transporte.

1. Os medios de transporte público serán aptos para a súa utilización por todo tipo de persoas, mantendo as adecuadas condicións de autonomía e comodidade para o seu uso por persoas con mobilidade reducida ou calquera outro tipo de limitación.

2. Nos autobuses urbanos e interurbanos, metro, ferrocarril e embarcacións de transporte público de viaxeiros dependentes das administracións galegas deberá reservarse para persoas con mobilidade reducida un número de tres asentos por vehículo, próximos ás portas de acceso e sinalizados adecuadamente. Dispoñerá ainda a eles dun timbre de aviso de parada nun lugar facilmente accesible.

3. As axudas técnicas pessoais que, se é o caso, sexan utilizadas polos pasaxeiros, dispoñerán do espacio físico necesario para a súa ubicación.

4. Os pasaxeiros que vaian acompañados de cans guía poderán viaxar con un é seu lado, baixo a súa responsabilidade e sen custo adicional.

5. O chan de tódolos vehículos de transporte será antiesvarante.

6. Nos autobuses urbanos e interurbanos de servicio público as persoas con mobilidade reducida poderán saír pola porta de entrada para evitar o seu desprazamento polo do vehículo.

7. As portas dos vehículos de transporte público contarán con dispositivos que abran automaticamente cando é pechadas aprisionen calquera obstacle.

8. Todo o material móbil de nova adquisición deberá estar adaptado ás medidas técnicas que se establezan na base 6 do código de accesibilidade.

Artigo 49º.-Vehículos especiais e taxis adaptados.

1. Deberá existir polo menos un vehículo especial ou taxi adaptado que poida ser utilizado polas persoas de mobilidade reducida nos seus desprazamentos:

-Nos concellos de máis de 25.000 habitantes. O número de vehículos especiais ou taxis adaptados

aumentará numha praza máis por cada 100.000 habitantes do concello ou fracción.

-Nos concellos cabeceiras de comarca que se establezan nos plans de desenvolvemento comarcal previstos na Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal de Galicia, cando no ámbito das zonas rurais non exista ningún concello que alcance os 25.000 habitantes.

2. Os vehículos especiais ou taxis adaptados cumprirán as condicións previstas na base 6 do código de accesibilidade.

Sección segunda
Tarxetas de accesibilidade

Artigo 50º.-Tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez.

1. A tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez concederase ás persoas con graves problemas de mobilidade como documento acreditativo da súa situación, con carácter persoal e intransferible, coa finalidade de favorecer-lo uso dos transportes privados e para que o seu titular poida gozar das facilidades de estacionamento relacionadas coa devandita tarxeta.

2. Os concellos deberán aprobar normativas que garantan e favorezan a accesibilidade das persoas titulares deste tipo de tarxeta debendo establecer, como mínimo, o seguinte:

a) Reservas con carácter permanente de prazas de aparcamento debidamente sinaladas para vehículos que transporten ás persoas titulares desta tarxeta. Situaranse próximas ás accesos de peóns dentro das zonas destinadas a aparcamento de vehículos liceiros, ben sexan exteriores, interiores ou subterráneos.

b) Ampliación do límite de tempo, cando este estivera establecido, para aparcamento de vehículos titulares desta tarxeta.

c) Autorización para que os vehículos ocupados polas devanditas persoas poidan detenerse na vía pública durante o tempo imprescindible e sempre que non entorpezan a circulación rodada ou peonil.

3. Terán dereito á expedición da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez todos aqueles interesados que teñan recoñecida a imposibilidade de uso do transporte público polos equipos de valoración e orientación (EVO) dependentes das seccións de cualificación e valoración de minusvalidez.

4. Cando o titular da tarxeta sexa unha persoa física poderá utilizala en calquera vehículo en que se trasladen, sexa ou non da súa propiedade e sexa o titular da tarxeta o condutor do vehículo ou non. Cando a titular da tarxeta sexa unha persoa xurídica deberá incluír a/as matrícula/s dos vehículos habilitados para transporta-las persoas con graves problemas de mobilidade. Cando se faga uso dos dereitos que outorga esta tarxeta colocaranse nun lugar visible do vehículo.

Artigo 51º.-Tarxeta de accesibilidade de usuarios.

1. A tarxeta de accesibilidade de usuarios concederase ás persoas con alguma limitación, con carácter persoal e intransferible, como documento acreditativo da súa situación de discapacidade, para favorece-lo uso e disfrute dos transportes públicos.

2. Os concellos deberán aprobar normativas que garantan e favorezan a accesibilidade das persoas con limitacións e que con respecto ás persoas titulares deste tipo de tarxeta sexan, como mínimo, as seguintes:

a) Reserva das prazas nos transportes colectivos.

b) Bonificación nas tarifas para as persoas que dispoñan da tarxeta.

c) Reserva da prazas nos centros de servicio do transporte público.

3. Terán dereito á expedición da tarxeta de accesibilidade de usuarios todos aqueles interesados ás que se lles recoñeza a condición de minusválidos polos equipos de valoración e orientación (EVO) dependentes das seccións de cualificación e valoración de minusvalidez.

Artigo 52º.-Modelos de tarxetas.

1. Os modelos de tarxetas serán únicos para todo o ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. De acordo coas recomendacións do Consello da Unión Europea a tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez axustaranse ás características sinaladas no anexo III do presente regulamento.

3. A tarxeta de accesibilidade de usuarios axustaranse ás características sinaladas no anexo III deste regulamento.

Artigo 53º.-Expedición das tarxetas de accesibilidade.

1. Corresponde á concello onde resida o interesado a concesión das tarxetas de accesibilidade mediante o seguinte procedemento:

a) O expediente iniciarase por instancia da persoa interesada.

b) O este local remitirálle copia da solicitude á equipo de valoración e orientación (EVO) correspondente para a realización do informe preceptivo e vinculante para a resolución do procedemento.

2. As tarxetas de accesibilidade concedidas por unha entidade local de conformidade co procedemento recollido no punto anterior terán validez en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Non obstante, en caso de cambio de domicilio do beneficiario dunha tarxeta de accesibilidade, este deberá solicita-lo traslado do expediente á novo municipio de residencia.

3. No caso de que a cualificación da minusvalidez sexa permanente, a tarxeta caducará ás dez anos da concesión e, no caso de que a cualificación da minusvalidez sexa provisional caducará cando transcorra o prazo que esta indique. Para a renovación débese seguir-lo mesmo procedimento que se seguiu para o outorgamento da tarxeta inicial.

4. No supoxto de que se detecte o uso indebido da tarxeta de maneira reiterada e debidamente probada, con independencia da sanción pecunaria que puidese recaer no procedemento sancionador incoado para o efecto, a citada tarxeta será retirada durante un prazo de dous anos polo órgano que a outorgase.

Capítulo IV
Disposicións sobre barreiras na comunicación (BC)

Artigo 54º.-Accesibilidade dos sistemas de comunicación e sinalización.

1. As administracións públicas galegas deberán promove-la supresión de barreiras na comunicación e o establecemento dos mecanismos e alternativas técnicas que fagan accesibles os sistemas de comunicación e sinalización a toda a poboación.

2. Establécense criterios de accesibilidade na comunicación na base 7 do código de accesibilidade para efectos de aplicación do que se establece neste artigo.

3. A consellería competente en materia de servicios sociais, en aplicación dos criterios a que se fai referencia no punto anterior, deberá:

a) Promover entre os entes e órganos das administracións públicas galegas a utilización de mecanismos e alternativas técnicas co obxecto de facilita-la accesibilidade de sistemas de comunicación e sinalización, no ámbito das súas respectivas competencias.

b) Divulga-los criterios de accesibilidade na comunicación e sinalización no ámbito privado, efectuando recomendacións a aqueles sectores con especial incidencia en actuacións de interese xeral.

c) Potencia-la investigación dirixida a elimina-las barreiras na comunicación.

Artigo 55º.-Medidas para a supresión de barreiras na comunicación.

As administracións públicas galegas deberán:

a) Fomenta-la supresión de barreiras na comunicación e sinalización no ámbito privado con finalidade de garantir a toda a poboación o dereito á información, á comunicación, á cultura, á ensino, á sanidade, á emprego, ás servicios sociais e á lecer.

b) Fomenta-la formación de profesionais intérpretes de lingua de signos e guías intérpretes para persoas sordo-cegas, facilitando así a comunicación directa á discapacitado auditivo ou sordo-cego.

c) Facilita-la utilización de intérpretes de lingua de signos e de guías intérpretes e persoas sordo-cegas.

Artigo 56º.-Medios audiovisuais.

Os medios de comunicación audiovisuais dependentes das administracións públicas realizarán e manterán debidamente actualizado un plan de medidas técnicas que permita gradualmente, mediante o uso da lingua de signos ou de subtitulacións, garantirlle-lo dereito á información ás persoas con limitacións auditivas.

Artigo 57º.-Persoas con limitación visual.

1. Os organismos públicos promoverán as condicións que permitan eliminar ou palia-las dificultades que teñen as persoas que padecen limitación visual, sexan estas usuarias de cadeiras de rodas, muletas ou cegas, para detectar ou superar obstáculos, para determinar dirección e para obter información visual.

2. As persoas con limitacións visuais acompañadas de cara-guía terán acceso ás lagares e nas condicións que se establecen na Lei 5/1996 da Comunidade Autónoma galega, do 6 de maio, sobre o acceso á contorno das persoas con deficiencia visual.

Artigo 58º.-Persoas con limitación auditiva.

1. Os organismos públicos promoverán as condicións que permitan eliminar ou palia-las dificultades de comunicación que teñen as persoas que padecen limitación auditiva.

2. Para supera-las dificultades derivadas da limitación auditiva, ademais doutras técnicas de comunicación complementarias, disporanse as seguintes medidas:

a) Establecemento dunha clara e completa sinalización e información visual.

b) Os medios de comunicación audiovisual dependentes das administracións públicas fomentarán a existencia de subtítulos ou lingua de signos nos programas informativos e culturais, debendo dispoñer polo menos dun programa informativo diario con este tipo de sistemas de comunicación.

c) Nos lugares de contacto co público fomentarase a dotación de axudas e mecanismos que posibiliten a comunicación ás persoas con limitación auditiva, tales como teléfonos de texto, videoteléfonos e impactos visuais complementarios ás sinais de aviso e alarma que utilicen fontes sonoras.

TÍTULO III
Medidas de fomento

Artigo 59º.-Fondo para a supresión de barreiras.

1. Conforme o establecido no artigo 30 da Lei 8/1997, o fondo para a supresión de barreiras destinarase a subvenciona-la supresión de barreiras arquitectónicas urbanísticas (Baur), na edificación (Baed), no transporte (BAT) e na comunicación (BC), así como para a dotación de axudas técnicas de acordo co que establezan anualmente a Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A Comunidade Autónoma consignará partidas orzamentarias finalistas en cada exercicio para a dotación deste fondo, que se adscribirá á consellería competente en materia de servicios sociais.

3. Así mesmo, integrarán o dito fondo as doazóns, herdanzas e legados, que por vontade expresamente manifestada deberán dedicarse ás fins previstos neste regulamento.

Artigo 60º.-Destino do fondo.

1. Unha parte do fondo destinarase a subvencionar os programas específicos dos entes locais para

a supresión de barreiras no espacio urbano e rural, nos edificios de uso público e no transporte público do seu termo municipal, así como á supresión das barreiras de comunicación existentes.

2. A outra parte do fondo irá destinada a subvencionar-lles programas presentados por entidades privadas e particulares para a supresión de barreiras e adquisición de axudas técnicas.

3. A consellería competente en materia de Servicios Sociais establecerá, mediante convocatoria anual ou a través do instrumento de convenio, os criterios para a súa concesión de acordo coas disponibilidades orzamentarias e as prioridades de planificación.

4. No tocante á réxime orzamentario do fondo haberá que atender á disposto nos artigos 71 e 81 e demais concordantes do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Artigo 62º.-Programas específicos de actuación dos entes locais.

1. Os programas específicos de actuación presentados polos entes locais estarán integrados, como mínimo, polos seguintes contidos:

a) Un inventario ou relación daqueles espacios, edificios, locais, infraestructuras, medios de transportes e comunicación que sexan susceptibles de adaptación. Neste documento distinguiranse as actuacións que se van realizar en núcleos urbanos das previstas no medio e núcleos rurais.

b) Relación das actuacións do programa, establecendo a orde de prioridades nas que as adaptacións se vaian acometer dentro del.

c) Fases en que se desenvolve o programa.

d) Dotación económica que a entidade solicitante destinará á programa, sinalando a consignación orzamentaria aprobada para esta finalidade.

e) Custo total estimado do programa.

2. Terán prioridade para acceder a este financiamento os entes locais que destinen á programa unha contía similar á achegada polo fondo da Comunidade Autónoma.

TÍTULO IV
Medidas de control

Artigo 63º.-Principios de control da accesibilidade.

1. Os concellos e a Administración autonómica, no ámbito das súas respectivas competencias, desenvolverán as actividades de control previstas na Lei 8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e no presente regulamento.

2. Son principios da actividade de control da accesibilidade:

a) Facer cumprir a normativa de accesibilidade e supresión de barreiras.

b) Establecer-los mecanismos de coordinación das funcións de control e seguimento para a súa execución no ámbito que ten atribuído.

c) Promover e facilitar-la participación das organizacións e asociacións representativas dos colectivos de afectados, na adopción de medidas de control da accesibilidade.

Artigo 63º.-Licencias e autorizacións.

1. Os concellos e a Administración autonómica, no ámbito das súas respectivas competencias, esixirán e verificarán o cumprimento do disposto na Lei 8/1997 e no presente regulamento, nas aprobacións de instrumentos urbanísticos e no outorgamento de licencias, autorizacións e calificacións de viviendas sometidas a algún réxime de protección pública.

2. Para estes efectos, os distintos instrumentos urbanísticos, así como os proxectos de edificación ou construcción, deberán facer constar expresamente na súa memoria o cumprimento da Lei 8/1997 e deste regulamento sinalando as determinacións normativas de aplicación e as solucións adoptadas para lles dar cumprimento a elas.

3. Os pregos de condicións dos contratos administrativos conterán cláusulas de actuación adaptadas á disposto na Lei 8/1997 e neste regulamento.

Artigo 64º.-Visado de proxectos técnicos.

Os colexios profesionais que teñan atribuída a competencia no visado dos proxectos técnicos denegarán os visados de proxectos que contesten alguna infracción das normas contidas na Lei 8/1997, no presente regulamento e na demais normativa de aplicación en materia de accesibilidade e supresión de barreiras.

Artigo 65º.-Barreiras no transporte e na comunicación.

1. As administracións competentes na autorización e regulación dos medios de transporte e comunicación en Galicia velarán polo cumprimento do disposto na Lei 8/1997 e no presente regulamento.

2. Para estes efectos, nos pregos de condicións das convocatorias que se realicen para a autorización de medios de transportes ou de comunicación, as administracións competentes farán constar expresamente a esixencia de que os mesmos se adapten ás normas vigentes en materia de accesibilidade.

Artigo 66º.-Control de execución.

1. Os concellos e a Administración autonómica, no ámbito das súas respectivas competencias, con independencia dos controis previos anteriormente

sinalados, desenvolverán durante a execución de obras e instalacións e o funcionamento de medios de transportes e de comunicación os controis necesarios para comprobar o cumprimento das normas de accesibilidade.

2. Cando a través dos controis anteriormente previstos se observen accións ou omisións que contraveñan as normas de accesibilidade e supresión de barreiras procederase a realizar a correspondente denuncia perante a Comisión Técnica de Accesibilidade.

3. Con independencia do anterior todo o que teña coñecemento da existencia dalguna infracción do ordenamento en materia de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas poderá interpoñer, independentemente das accións legalmente previstas, denuncia perante a Comisión Técnica de Accesibilidade.

4. O incumprimento das condicións de accesibilidade dará lugar á incoación do procedemento sancionador previsto no título seguinte e á incoación dos correspondentes expedientes de protección da legalidade urbanística previstos no título III do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.

TÍTULO V
Réxime sancionador

Artigo 67º.-Infracións.

1. As accións ou omisións que contraveñan as normas sobre accesibilidade e supresión de barreiras constitúen infracción e serán sancionadas consonte o establecido na Lei 8/1997 e neste regulamento.

2. As infracións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

3. Considérase infracción leve o incumprimento das normas de condicións de accesibilidade e supresión de barreiras que non impida a utilización do espacio, o equipamento, a vivenda, o medio de transporte ou o medio de comunicación por persoas con limitacións.

4. Considérase infracción grave o incumprimento das normas de condicións de accesibilidade e supresión de barreiras que obstaculicen, limiten ou dificulten a utilización do espacio, o equipamento, a vivenda, o medio de transporte ou o medio de comunicación por persoas con limitacións e en especial as seguintes:

a) O incumprimento das normas sobre supresión de barreiras urbanísticas en obras de urbanización e o seu mobiliario de nova construcción, ampliación e reforma de espacios destinados á uso público.

b) O incumprimento das normas sobre supresión de barreiras na edificación, construcción, ampliación ou reforma de edificios de propiedade pública ou privada destinados a servicios públicos ou a un uso que implique a concorrencia de público.

c) O incumprimento das normas de condicións de accesibilidade e supresión de barreiras en edificios de nova construcción ou rehabilitados totalmente, que deban ser destinados á uso de vivenda, ou en edificios de titularidade privada e uso non residencial.

d) O incumprimento das normas de accesibilidade establecidas para os transportes públicos e medios de comunicación.

e) A reincidencia por comisión de máis dunha falta leve no prazo de 2 anos.

5. Considérase infracción moi grave o incumprimento das normas de condicións de accesibilidade e supresión de barreiras que impidan o libre acceso e uso de calquera espacio ou medio, infrinxindo a normativa contida na Lei 8/1997 e neste regulamento e, en especial, as seguintes:

a) O incumprimento das normas sobre supresión de barreiras urbanísticas en obras de urbanización e o seu mobiliario de nova construcción, ampliación e reforma de espacios destinados á uso público, e que impidan o libre acceso e uso de calquera medio ou espacio.

b) O incumprimento das normas sobre supresión de barreiras na edificación, construcción, ampliación ou reforma de edificios de propiedade pública ou privada destinados a servicios públicos ou a un uso que implique a concorrencia de público, e que impidan o libre acceso e uso de calquera medio ou espacio.

c) O incumprimento da obriga que se establece na Lei 8/1997 e no presente regulamento, de reserva de vivendas para a súa utilización por persoas de mobilidade reducida.

d) O incumprimento das normas de condicións de accesibilidade e supresión de barreiras que suporte grave perigo ou afecten gravemente a seguridade das persoas.

e) A reincidencia por comisión de máis dunha falta grave no prazo de 2 anos.

Artigo 68º.-Sancións.

Sen prexuízo da obriga da reposición da orde medida infrinxida, as infracións tipificadas na Lei 8/1997 e no presente regulamento darán lugar á imposición de multas, con seguinte graduación, para a que se procurará que a sanción non sexa inferior ó beneficio obtido:

a) Para infracións leves: multas de 100.000 a 1.000.000 de pesetas.

b) Para infracións graves: multas de 1.000.001 a 10.000.000 de pesetas.

c) Para infracións moi graves: multas de 10.000.001 a 50.000.000 de pesetas.

Artigo 69º.-Graduación das sancións.

Para graduar o importe das multas terase en conta a gravidade do feito constitutivo de infracción, o beneficio obtido, o custo económico derivado das obras de accesibilidade necesarias, o prexuízo directo ou indirectamente causado e a intencionalidade ou reiteración dos infractores.

Artigo 70º.-Responsabilidade.

1. Son sucesos responsables as persoas físicas e xurídicas que incorran nas accións, omisións ou infracciónes tipificadas na Lei 8/1997 e neste regulamento, e en particular as seguintes:

a) Nas obras e demais actuaciónes que se executaran sen a licencia municipal correspondente ou con inobservancia dela, o empresario das obras, o técnico director das mesmas e o promotor.

b) Nos actos autorizados ou de supervisión de proyectos que teñan un contido manifestamente constitutivo dunha infracción das tipificadas na Lei 8/1997 serán responsables os facultativos que emitisen o informe favorable, de acordo co ámbito da súa intervención.

c) Así mesmo, serán responsables as autoridades e o persoal á servicio das administracións públicas galegas actuantes que acordaran o outorgamento dun acto autorizado sen o informe técnico preceptivo previo ou cando este fose vinculante e de carácter desfavorable. A citada responsabilidade estenderase ós casos de voto favorable nos supostos de adopción de acordos por órganos colexiados.

2. As multas que se impoñan ós diferentes sucesos como consecuencia dunha mesma infracción terán entre sí carácter independente.

Artigo 71º.-Órganos competentes para a imposición das sancións.

1. Os órganos competentes para impoñer-las sancións previstas na Lei 8/1997 son os seguintes:

a) Para infracciónes leves e graves un órgano colexiado composto por:

-O director xeral competente en materia de servicios sociais.

-O director xeral competente en materia de urbanismo.

-O director xeral competente en materia de cooperación coas corporacións locais.

O réximen xurídico do citado órgano colexiado axustarase ós normas contidas no capítulo 2 do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réximen xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Actuará como presidente o director xeral competente en materia de servicios sociais e como secretario deste órgano colexiado, con voz pero sen voto, un dos licenciados en dereito que formen parte da Comisión Técnica de Accesibilidade.

b) Para as infracciónes moi graves, o Consello da Xunta de Galicia.

Artigo 72º.-Comisión Técnica de Accesibilidade.

1. A Comisión Técnica de Accesibilidade é o órgano administrativo competente para a tramitación dos expedientes sancionadores derivados da Lei 8/1997 e deste regulamento.

2. Son funcións da Comisión Técnica de Accesibilidade a incoación, tramitación e proposta de resolución á autoridade competente dos expedientes sancionadores na materia así como a resolución de calquera cuestión interpretativa sobre o contido deste regulamento.

3. A Comisión Técnica de Accesibilidade estará adscrita á dirección xeral competente en materia de servicios sociais, que a dotará do persoal administrativo necesario para a tramitación dos expedientes.

4. A composición da Comisión Técnica de Accesibilidade será a seguinte:

-O subdirector xeral de Acción Social.

-O xefe de Servicio de Atención ás Persoas con Minusvalidez.

-1 licenciado en dereito adscrito á Consellería de Sanidade e Servicios Sociais.

-1 arquitecto superior adscrito á Consellería de Sanidade e Servicios Sociais.

-1 letrado pertencente á escala de letrados da Xunta de Galicia, que actuará como asesor xurídico.

Actuará como presidente o subdirector xeral de Acción Social e como secretario, con voz e voto, un dos licenciados en dereito que forme parte do órgano, designado polo director xeral de Servicios Sociais.

Artigo 73º.-Procedemento sancionador.

1. As infracciónes das normas contidas na Lei de accesibilidade e neste regulamento serán sancionadas de acordo coa normativa vixente sobre o procedemento sancionador.

2. As persoas protexidas pola Lei 8/1997 ou as asociaciónes e federaciónes nas que se integran terán sempre a consideración de interesadas nestes procedementos nos termos previstos na Lei do réximen xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Contra o acordo de arquivo das actuacións ou resolución desestimatoria expresa ou tácita da denuncia de posibles infracciónes, as persoas, asociaciónes e federaciónes antes referidas quedarán lexitimadas para interpoñer recursos ou, se é o caso, as acciónes judiciais que consideren procedentes.

Artigo 74º.-Destino das sancións.

Os ingresos obtidos pola imposición das sancións previstas na Lei de accesibilidade serán destinados á fondo de supresión de barreiras arquitectónicas, urbanísticas, de transporte e da comunicación, así como para a dotación de axudas técnicas.

Artigo 75º.-Prescrición.

1. Os prazos de prescrición das infracciónes son:

-As infracciónes moi graves prescribirán ós catro anos.

-As infracciónes graves prescribirán ós doze anos.

-As infracciónes leves prescribirán ó ano.

2. O prazo de prescrición empezarase a computar desde o día en que a infracción se cometera, que no caso de execución de obras entenderase que é

no momento no que as obras se atopen totalmente finalizadas.

TÍTULO VI

Consello Galego para a Promoción da Accesibilidade e a Supresión de Barreiras

Artigo 76º.-Consello Galego para a Promoción da Accesibilidade e a Supresión de Barreiras.

1. O Consello Galego para a Promoción da Accesibilidade e a Supresión de Barreiras é o órgano de participación e consulta establecido polo artigo 44 da Lei 8/1997.

2. O consello estará adscrito á consellería competente en materia de servicios sociais e estará composto por un número de 15 membros en representación da Xunta de Galicia, das corporacións locais, das entidades públicas e privadas e das asociacións e colexios profesionais con interese na materia.

Artigo 77º.-Composición.

1. O Consello Galego para a Promoción da Accesibilidade e a Supresión de Barreiras, do que os membros serán propostos polos respectivos órganos ou entidades neste representadas e nomeados polo conselleiro competente en materia de servicios sociais, terá a seguinte composición:

-Presidente:

* O conselleiro competente en materia de servicios sociais.

-Vicepresidente:

* O director xeral competente en materia de servicios sociais.

-Vocais:

a) Pola Administración autonómica:

* O director xeral competente en materia de urbanismo.

* O director xeral competente en materia de cooperación coas corporacións locais.

* 2 representantes das consellerías da Xunta de Galicia nomeados entre as persoas propostas polas diferentes consellerías.

b) Polas administracións locais:

* 3 representantes designados pola Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

c) Polas asociacións de persoas con limitacións e mobilidade reducida:

* 3 representantes, nomeados entre as persoas propostas polas entidades representativas rexistradas.

d) Polos colexios de profesionais:

* 2 representantes, nomeados entre as persoas propostas polos colexios profesionais relacionados co urbanismo, a edificación, o transporte e a comunicación.

e) Expertos:

* 1 experto en materia de accesibilidade e eliminación de barreiras, nomeado polo conselleiro competente en materia de servicios sociais.

2. Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un dos licenciados en dereito que forme parte da Comisión Técnica de Accesibilidade.

3. O Consello Galego para a Promoción da Accesibilidade e a Supresión de Barreiras poderá establecer comisións executivas, ponencias e grupos de traballo formados por membros do mesmo, para un mellor funcionamento e delegar neles parte das súas funcións.

Artigo 78º.-Funcións.

1. Son funcións do Consello Galego para a Promoción da Accesibilidade e a Supresión de Barreiras:

a) Emitir informe sobre os anteproxectos de lei e decretos relativos á promoción da accesibilidade e á supresión de barreiras e sobre os programas de gasto do fondo para a supresión de barreiras e os programas específicos de actuación desenvolvidos á amparo do mesmo.

b) Asesorar sobre as propostas que fagan referencia á ámbito de promoción da accesibilidade e a supresión de barreiras e asesorar e fomentar, en relación coa accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, as adaptacións e as axudas técnicas.

c) Propoñelles á órganos competentes os criterios de actuacións en materia de urbanismo, edificación, transporte e comunicación que sexan necesarios para a promoción da accesibilidade e a supresión de barreiras así como as medidas de fomento que se consideren oportunas.

d) Resolver as propostas alternativas realizadas con base no establecido nos artigos 22.3º da Lei 8/1997 e 16 e 40.2º deste regulamento.

e) Calquera outra función informativa ou asesora que lle sexa solicitada polas diferentes administracións públicas galegas en materia de accesibilidade e supresión de barreiras.

f) Impulsar e realizar un seguimento xeral das accións de control da accesibilidade que leven a cabo as consellerías e outros órganos ou entes da Xunta de Galicia, así como as outras administracións públicas ou entidades competentes no control da accesibilidade.

g) Realizar un seguimento xeral das denuncias presentadas nas diferentes administracións e do cumprimento dos prazos de elaboración, revisión e execución dos plans de adaptación e supresión de barreiras previstos na Lei 8/1997 e neste regulamento.

h) Emitir informes sobre o cumprimento da normativa, avances técnicos, sugerencias e recomendacións sobre actuacións futuras e demais aspectos relacionados co ámbito das súas competencias.

2. Para o exercicio das funcións anteriormente descritas o consello recibirá a necesaria colaboración de tódalas administracións públicas con competencia sobre a materia.

Artigo 79º.-Pleno do Consello.

1. O Pleno é o órgano competente para o exercicio das funcións previstas no artigo anterior.

2. Reunirase en sesión ordinaria, polo menos, unha vez cada seis meses e, con carácter extraordinario, cando sexa convocado polo presidente, ben sexa por iniciativa propia ou da metade dos membros do consello.

3. Para a súa válida constitución será necesaria a concorrencia de tódolos seus membros en primeira convocatoria e da maioría deles en segunda, debendo transcorrer trinta minutos entre ámbalas días.

4. Tódolos membros do pleno terán dereito a voto. Os seus acordos adoptaranse por maioría dos membros presentes, decidindo o voto do presidente no caso de empate. O secretario, que non ten a condición de membro e carece de voto de acordo co previsto no artigo 77º, fará constar en acta os votos discrepantes mál como a súa fundamentación, se mál se solicitase.

Artigo 80º.-Funcións do presidente.

1. Son funcións do presidente ou persoa que o substitúa:

a) Exercer-la representación do consello.

b) Acorda-la convocatoria das reunións do Pleno, formula-la orde do día e presidir e moderar-lo desenvolvemento dos debates.

c) Someter á consideración do consello tódolos asuntos que sexan da súa competencia.

d) Visa-las actas e certificacións de acordos do consello.

e) Cantas outras resulten propias da súa condición de presidente.

2. Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade do presidente será substituído polo vicepresidente.

Artigo 81º.-Funcións do vicepresidente.

1. Corresponderíalle á vicepresidente ou persoa que o substitúa:

a) Constituír, xunto co presidente e o secretario, a Mesa do Pleno do consello.

b) Colaborar co presidente nas tarefas que lle encomende e substituílo nos casos legalmente previstos.

c) Presidir e coordinar, en nome do presidente, aquelas comisións de traballo constituídas polo Pleno.

d) Todas aquelloutras que sexan inherentes á súa condición de vicepresidente.

2. Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade do vicepresidente será substituído pola persoa na que o mesmo delegue.

Artigo 82º.-Funcións do secretario.

1. O secretario levará a cabo as seguintes funcións:

a) Convocar, por orde do presidente, as reunións do Pleno.

b) Asistir ás reunións do Pleno e das comisións que se constitúan, levantando acta delas.

c) Expedir certificacións, visadas polo presidente, dos acordos, propostas e informes aprobados polo Pleno.

d) Executa-los acordos do consello, xestionando e coordinando as súas actividades e velando polo seu correcto funcionamento.

e) Prepara-lo despacho dos asuntos dos que vaia coñecer-lo Pleno.

f) Recibir e tramita-las comunicacións dos membros do consello.

g) Despachar co presidente os asuntos ordinarios e aquelloutros que lle fosen encomendados.

2. Cando o volume, axilidade e a eficacia do traballo o aconselle, a Dirección Xeral de Servicios Sociais poderá proporter ó conselleiro competente en materia o nomeamento dun adxunto ó secretario, que asistirá a este e o substituirá en caso de ausencia, vacante ou enfermidade.

Artigo 83º.-Función dos vocais.

Os vocais actuarán como portavoces das administracións, asociacións, entidades ou colexios que representan.

Artigo 84º.-Duración do mandato dos vocais.

1. A duración do mandato dos vocais representativos será de catro anos, sen prexuízo da súa revocación e da posibilidade de substitución dos titulares, por proposta da administración, asociación, entidade ou colexio a quen representen.

2. Ademais do disposto no punto anterior, producido un novo proceso electoral para o respectivo órgano de representación, procederase a reestructura-la composición do Consello Galego para a Promoción da Accesibilidade e a Supresión de Barreiras de acordo co grao de representatividade obtido no referido proceso, sendo o prazo de duración dos novos membros o que restase a aquelloutros por eles substituídos.

3. O nomeamento dos vocais deberá publicarse no *Diario Oficial de Galicia*.

4. A proposta de separación dos vocais, titulares ou suplentes, deberalle ser comunicada ó presidente do consello, a través do secretario, xunto coa proposta do novo representante.

Artigo 85º.-Dereitos dos vocais.

Os vocais terán dereito a:

a) Participar nos debates e exercer-lo seu dereito á voto.

b) Acceder á documentación que conste en poder do consello.

c) Disporter da información dos temas e estudios que se desenvolvan.

d) Coñecer previamente a orde do día das reunións e a información precisa sobre os temas incluídos nela.

e) Cantas funcións sexan inherentes á súa condición de vocais. En ningún caso poderán atribuírse a representación ou facultades do consello, agás que expresamente lles fose outorgado polo Pleno e para cada caso concreto.

Artigo 86º.-Deberes dos vocais.

Os vocais teñen o deber de:

a) Asistir ás sesións do Pleno e das comisións ás que fosen convocados.

b) Adecuar a súa conducta a este regulamento e ás directrices e instruccións que, no seu desenvolvemento, dicte o propio consello.

c) Non facer uso da súa condición de vocal para o exercicio de actividades mercantís.

Artigo 87º.-Ausencia dos vocais.

1. Todo vocal que prevexa que non vai poder asistir a unha sesión do Pleno ou das comisións poderá ser substituído por outro vocal designado para o efecto.

2. O presidente poderá, no caso de incumprimento dos deberes de vocal ou de ter máis de tres ausencias consecutivas sen causa xustificada, solicitar á administración, asociacións, entidades ou colexios que representa que consideren a oportunidade de propoñe-la súa substitución.

Artigo 88º.-Cesamento dos vocais.

1. Os vocais perderán a súa condición por:

a) Falecemento.

b) Transcurso do período de catro anos de mandato, sen prexuízo do disposto no artigo 84º.

c) Por renuncia aceptada polo órgano correspondente da administración, asociación, entidade ou colexio a quen represente.

d) Por incumprimento reiterado dos deberes establecidos no artigo 86º. Neste caso será de aplicación o disposto no artigo 87º.

e) Por decisión da administración, asociación, entidade ou colexio.

En tódolos casos, a perda da condición de vocal, titular ou substituto deberá ser comunicada á presidente do consello, a través do secretario, junto co nome do novo representante.

2. Se durante o período de mandato para o que foron eleitos, alguna entidade, colexio ou asociación causase baixa no rexistro de servicios sociais, o vocal que o represente cesará nas súas funcións.

3. No caso de que unha administración, asociación, entidade ou colexio con representación no consello se integre ou funcione noutra das representadas no mesmo consello, un dos representantes cesará e o outro representará a nova entidade.

Artigo 89º.-Deliberacións.

1. O presidente tanto do Pleno como das comisións abrirán a sesión, dirixirá o debate e velará pola observancia das normas de organización e funcionamento do consello previstas no presente regulamento.

2. O presidente poderá, antes de inicia-lo debate e durante este, limita-lo tempo do que dispoñen os oradores. Acordará o peche do debate e dará paso á votación correspondente.

3. Por proposta do presidente poderase acorda-la suspensión da sesión, establecendo o momento en que se reiniciará esta.

Artigo 90º.-Convocatorias.

1. As convocatorias faranse sempre por escrito e polos medios máis idóneos para garanti-la recepción con debida antelación que será, como mínimo, de dez días hábiles para as sesións ordinarias e de catro para as extraordinarias. Non obstante, o presidente, no caso de especial urxencia e inaprazable necesidade, poderá alonga-lo referido prazo, sempre que se lles garanta ás vocais do consello o coñecemento previo e suficiente das convocatorias.

2. As convocatorias deberán comunica-lo día, a hora e o lugar da reunión, así como a orde do día e incluír, en todo caso, a documentación adecuada para o seu estudio previo.

3. Na citación da primeira convocatoria incluírase a da segunda.

Artigo 91º.-Orde do día das sesións.

1. No caso de reunións ordinarias, os membros do consello Galego para a Promoción da Accesibilidade e Supresión de Barreiras poderán enviar propostas de temas e o presidente poderá decidir sobre a súa inclusión, sempre que se reciban canha antelación mínima de quince días naturais á da súa celebración.

2. A orde do día das sesións ordinarias conterá a lectura e, se é o caso, a aprobación das actas da sesión ordinaria anterior e das extraordinarias que se celebrasen entre ámbalas sesións, así como dos demais puntos que se acorden.

3. A orde do día das sesións extraordinarias conterá os temas propostos pola presidencia ou, se é o caso, polas partes que legalmente o solicitaren.

Artigo 92º.-Acta das sesións.

1. O secretario do consello asistirá ás sesións do Pleno e das comisións, levantará acta delas, na que se fará constar:

a) Lugar da reunión, data e hora de comezo.

b) Nome e apellidos do presidente, vicepresidente, dos vocais presentes e ausentes que escusasen a súa asistencia, secretario e das persoas que, se é o caso, fosen chamadas para comparecer.

c) Carácter ordinario ou extraordinario da sesión.

d) Asuntos que figuraran na orde do día.

e) Opinión sintetizada de cada unha das diferentes intervencións dos membros do consello. Calquera vocal poderá solicitar que se transcriba íntegra a súa intervención, sempre que incorpore no acto o texto que se corresponda exacta e fielmente con aquela, facéndose constar así na acta e xuntándose copia autenticada do escrito.

f) Os resultados das votacións.

g) Hora de remate da sesión.

2. Cando non se celebre sesión, por calquera motivo, o secretario suplirá a acta cunha diligencia autenticada coa súa sinatura e a do presidente na que se fará constar-la causa da non celebración e, se procede, o nome dos asistentes e dos que se excusaron.

3. As actas, logo de aprobadas, serán asinadas polo secretario e visadas polo presidente. O secretario será responsable da súa custodia.

Artigo 93º.-Votación e adopción de acordos.

1. Establécense as seguintes regras:

a) A votación será nominal se así o acordan a metade dos vocais presentes.

b) A votación será secreta cando así o acorde o presidente pola natureza das cuestións.

c) Nos demais casos, a votación será á man alzada.

2. Os vocais discrepantes, en todo ou en parte, do sentir da maioría, poderán formular individual ou colectivamente votos particulares que deberán quedar unidos á resolución correspondente.

3. Os votos particulares deberán presentarse perante o secretario nun prazo máximo de corenta e oito horas contadas desde o final da sesión.

Artigo 94º.-Sede do consello.

O Consello Galego para a Promoción da Accesibilidade e a Supresión de Barreiras terá a súa sede en Santiago de Compostela, aínda que poderá celebra-las súas reunións en calquera localidade da Comunidade Autónoma cando así o decida o presidente.

ANEXO I

CÓDIGO DE ACCESIBILIDADE

Base 1

Disposicións sobre barreiras arquitectónicas urbanísticas

Base 1.1. Rede viaria.

1.1.1. Itinerarios peonís.

	Adaptado	Practicable
A. Largura mínima Áreas R: ordenación marginal En áreas desenvolvidas a través de redacción de instrumentos de ordenación marginal o larguras mínimas de paso libre de obstáculos, será de:	1,80 metros	1,20 metros
Nas zonas en que mínimas dimensións de espacios e de ordenación permanezcan (muralla, etc., edificios de carácter, etc.) a larguras mínimas de paso non libre de obstáculos, será de:	1,50 metros	1,20 metros
Outras áreas: En áreas NON desenvolvidas, a través de redacción de instrumentos de ordenación marginal e larguras mínimas de paso, libre de obstáculos, será de:	0,90 metros	0,90 metros
Nas zonas en que mínimas dimensións de espacios e de ordenación permanezcan (muralla, etc., edificios de carácter, etc.) a larguras mínimas de paso non libre de obstáculos, será de:	0,90 metros	0,90 metros

Tódolos itinerarios (adaptados o practicables), pertencan ou non a áreas desenvolvidas a través de instrumentos de ordenación integral, cando posúan un vao peonil en sentido perpendicular (tipo A definido en el punto 1.1.3) ou un vao para vehículos, deberán deixar unha largura mínima de paso, libre de obstáculos, de 0,90 metros.

	Adaptado	Practicable
B. Pendentes. A pendente máxima longitudinal será:	10%	12%
A pendente máxima transversal será:	2%	2%
C. Altura libre mínima A altura mínima de paso libre de obstáculos será como mínimo:	2,20 metros	2,10 metros
D. Desnivels. Cando no desnivel exista a altura equivalente a un ó chanzo deberá cumprir as medidas:	Rampa adaptada	Chanzo altura máxima 0,15 m
Nas situacións que xordan para a circulación de persoas con mobilidade reducida cando por máis ceda cumplir dúbidas complicadas ou:	Rampa adaptada	Rampa practicable
salvo que se cumpla máis ceda:	Ascensor adaptado	Ascensor practicable

Fig. 1.1.3.
ITINERARIOS PEONÍS ADAPTADOS



PENDENTES



1.1.2. Itinerarios mixtos dedicados ó tráfico de peóns e vehículos.

	Adaptado	Practicable
A. Largura mínima A largura mínima de paso libre de obstáculos será de:	3,00 metros	2,50 metros

	Adoptada	Permitida
[illegible]	1,00 metros	1,00 metros
B. Pendentes.		
[illegible]	8%	10%

	Adoptada	Permitida
[illegible]	2%	2%
C. Altura libre mínima.		
[illegible]	[illegible]	[illegible]
D. Elementos sen ocupar vías.		
[illegible]	Rampla adoptada	[illegible]

Fig. 1.1.3.A
ITINERARIOS MIXTOS DESTINADOS Ó TRÁFICO DE PEÓNS E VEHÍCULOS



1.1.3. Vaos peonís.

Os vaos peonís son rampias que salvan o desnivel entre un itinerario peonil e a zona de circulación de vehículos.

Vaos tipo A:

Desenvolveranse en sentido perpendicular ó itinerario peonil, debendo evitarse que se diferencie de nivel terminen en aresta viva.

Deben utilizarse sempre que a dimensión da beirarrúa permita deixar un largo mínimo de paso libre de obstáculos de 0,90 metros.

	Adoptada	Permitida
[illegible]	1,00 metros	1,00 metros

	Adoptada	Permitida
[illegible]	1,00 metros	1,00 metros
[illegible]	12%	14%
[illegible]	2 cm	3 cm

Sinalaranse en todo o largo da beirarrúa, desde a liña de fachada ata o vao, cunha franxa perpendicular ó mesmo situada no eixo vías, con pavimento de textura diferenciada e con largo mínimo de 1,00 metros. Este pavimento sinalizador poderá substituirse polo previsto para os vaos tipo B.

Fig. 1.1.3-A
VAOS PEONÉS



Vaos peonís tipo "a" perpendicular á liberalia

Vaos tipo B:

Desenvolveranse no sentido do itinerario peonil en todo o largo da beirarrúa e bordo, de modo que aquela alcance o mesmo nivel có calzada.

Só se utilizarán este tipo de vaos cando en caso de instalarse un vao de tipo A o paso libre de obstáculos que deixaría sería inferior a 0,90 metros, sen computa-lo largo do bordo.

	Adoqueado	Pavimento
Longitude mínima do vao no sentido do itinerario:	1,50 metros	1,50 metros
Largo mínimo do vao no computo do largo do bordo:	0,90 metros	0,90 metros

Sinalaranse en todo o largo da beirarrúa cunha franxa dun metro de profundidade cun pavimento de textura diferenciada nos dous extremos do vao.

Fig. 1.1.2.B
VAOS PEONÍS



Vao tipo "b" no sentido do itinerario

1.1.4. Vaos para vehículos.

Son aqueles que se dispoñen para facilita-la entrada de vehículos desde a calzada ó interior das edificacións a través da beiramela.

	Adaptado	Practicable
Adaxacencia mínima medida perpendicular á calzada [illegible]	0,90 metros	0,90 metros
O rexistro máximo permitido [illegible] a calzada será	2 cm	3 cm
O paso libre de obstáculos [illegible] será de [illegible]	0,90 metros	0,90 metros

1.1.5. Pasos de peóns.

O paso de peóns é un itinerario peonal cando cruza a calzada de tránsito de vehículos.

	Adaptado	Practicable
Na área desenvolvida a carón de [illegible] mínimo de pavimento tempral e largo mínimo será	1,50 metros	1,50 metros
Na área FOS desenvolvida a carón de [illegible] mínimo de pavimento tempral e largo mínimo será	1,50 metros	1,50 metros

	Adoptado	Previsible
O desnivel como mínimo para o cruzamento de vehículos [illegible]	Vía adaptada	Vía previsible

1.1.6. Illas.

Cando o largo dunha vía esiga a existencia dunha illa intermedia esta terá as seguintes características:

	Adoptado	Previsible
O largo mínimo da illa será de [illegible]	Para peatones adaptado	Para peatones previsible
A longitude mínima no sentido da circulación será de:	1,20 metros	1,20 metros
O nivel da illa será o do paso de peatones [illegible]	2 cm	2 cm

Fig. 1.1.6
PASO DE PEÓNS



1.1.7. Parques e xardín.

	Adaptada	Practicable
O largo mínimo dos escalóns será de:	0,90 metros	0,80 metros
A altura máxima entre elementos que compoñen cada escalón será de:	0,80 metros	0,90 metros
Nos itinerarios que circulen para varios sentidos, ou que non necesitan dispoñer dunha dimensión, ou mesmo o espacio para manobra de cadeira de rodas, será:	150 metros	150 metros

Base 1.2. Elementos de urbanización.

1.2.1. Pavimentos.

A. Características xerais.

Os pavimentos deberán ser duros, antiesvarantes e sen resaltos.

Cando se indique a necesidade de sinalizar con cambio de pavimento este terá que cumprir-los requirimentos do apartado anterior debendo diferenciarse por textura.

En parques e xardín se os pavimentos das sendas son de terra esta terá unha compacidade que resista o paso dunha cadeira de rodas.

	Adaptada	Practicable
B. Grados de pavimento. Cando exista un cambio de pavimento todos os pavimentos deberán estar nivelados, permitindo un desnivel que permanecerá e que estará subsanado no deslizamento, dando dous niveis, no de:	2 cm	2 cm

C. Reixas.

Cando existiren reixas terán os seus ocos de dimensión menor ou igual a 2 cm formando cuadrícula.

Se se usan reixas de barras longitudinais colocaranse perpendiculares á sentido principal da marcha.

1.2.2. Bordos.

	Adaptada	Practicable
Os bordos rapados ou cunas quando estiveren situados no itinerario e a súa altura máxima será:	14 cm	14 cm

Nos pasos de peóns deberán rebaixarse os bordos á nivel do pavimento de acordo co establecido para os vados.

Fig. 1.2.2
BORDOS

1.2.3. Escaleiras.

As escaleiras como elemento que forma parte dun itinerario practicable deberán cumprir-los seguintes requisitos:

	Adaptada	Practicable
A. Tirantes. As escaleiras deberán ser preferiblemente rectas. Os tirantes diferentes cara dela, ó lado pegada a 30 cm de cada extremo da escalera, serán dimensión máxima de:	30 cm	20 cm
B. Largura mínima. O largo mínimo das escaleiras compreendo os tirantes será:	1,00 m	1,00 m
C. Bordes. A dimensión máxima do rebaixo será:	17 cm	20 cm
A dimensión da pegada será a que resulte de aplicar a fórmula:	2a+b=62 cm	2a+b=62 cm
Tamaño mínimo en dimensión será a que cubra a dimensión de:	0,80 m	0,80 m
A dimensión máxima de dimensión será:	1,20 m	1,20 m

D. Varandas.

As varandas deberán estar colocadas en ambos lados da escaleira. Se o seu largo é superior a 3,00 m deberá colocarse unha varanda central.

O diámetro dos tubos das varandas deberá estar comprendido entre 3 e 5 cm (ou sección anatómica equivalente) e estará libre de resaltos.

As varandas deberán estar colocadas separadas dos paramentos como mínimo 4 cm e prolongaranse horizontalmente unha lonxitude comprendida entre 35 e 45 cm.

A varanda deberá situarse a unha altura comprendida entre 90 e 95 cm, sendo recomendable a colocación doutra segunda varanda a unha altura comprendida entre 65 e 70 cm.

E. Outras características.

A iluminación nocturna dunha escaleira adaptada ou practicable situada en espacios exteriores será como mínimo de 10 luxes.

Os espacios baixo as escaleiras deberán estar cerrados ou protexidos para evitar accidentes cando a súa altura sexa menor de 2,20 m.

O pavimento das escaleiras adaptadas deberá ser antiesvarante con cambio de cor no bordo da pegada. Diferenciarase mediante contraste de textura e cor, o inicio e final da escaleira, nun tramo de 1 metro.

Fig. 1.2.3
ESCALEIRAS



1.2.4. Rampas.

As rampas como elemento que forma parte dun itinerario peonil deberán cumpri-los seguintes requisitos:

	Adaptada	Practicable
A. Largura mínima.		
Ancho mínimo de rampa recta:	1,20 m	1,20 m
B. Pendiente.		
B.1. Pendiente longitudinal.		
Rampas de longitude menor de 3,00 metros:	10%	12%
Rampas de longitude entre 3,00 m. e 10,00 metros:	8%	10%
Rampas de longitude maior de 10,00 metros:	6%	8%

Cando as condicións físicas do lugar en que se sitúa a rampa non permitan utiliza-las pendentes anteriormente establecidas permitiranse cunha memoria justificativa aumentar nun 2% as pendentes que en cada caso sexan exixibles.

	Adaptada	Practicable
B.2. Pendiente transversal.		
Aproximadamente transversal mínima dunha rampa recta:	1%	2%
C. Longitude.		
Altura máxima de mínimos dun tramo de rampa recta:	10,00 m	10,00 m

Cando esta longitude non sexa suficiente para salvar un desnivel deseñaranse diversos tramos con descansos intermedios.

	Adaptada	Practicable
D. Descansos.		
Largura mínima:	A da rampa	A da rampa
Longitude mínima:	1,20 m	1,20 m
Cando exista un tramo de 90° e descanso para mudar de sentido, as medidas de descanso mínimas de:	1,20 m	1,20 m
Superficie mínima da rampa de giro en espacio libre de obstáculos de dimensións:	1,20 x 1,20 m	1,20 x 1,20 m

E. Varandas.

As barandas deberán estar colocadas en ambolos lados da rampa.

O diámetro dos tubos das varandas deberá estar comprendido entre 3 e 5 cm (ou sección anatómica equivalente) e estará libre de resaltos.

As varandas deberán estar colocadas separadas dos paramentos como mínimo 4 cm e prolongarse horizontalmente unha longitude comprendida entre 35 e 45 cm.

A varanda deberá situarse a unha altura comprendida entre 90 e 95 cm, sendo recomendable a colocación doutra segunda varanda a unha altura comprendida entre 65 e 70 cm.

Disporase unha protección nos lados libres das rampas, a unha altura comprendida entre 5 e 10 cm.

F. Outras características.

A iluminación nocturna dunha rampa adaptada ou practicable situada en espacios exteriores será como mínimo de 10 luxes.

O pavimento das rampas será duro, antiescorregante e sen relevos.

Sinalizaranse o inicio e o final da rampa con diferenciación de pavimento nunha franxa de 1 metro de profundidade.

Baixo as rampas, se o espacio libre é menor de 2,20 m deberase cerrar este espacio ou protexelo para evitar accidentes de persoas con visión reducida.

Fig. 1.2.4
RÁMPLAS



1.2.5. Escaleiras mecánicas.

As escaleiras mecánicas como elemento que forma parte dun itinerario peonil deberán cumpri-los seguintes requisitos:

	Adequada	Insuficiente
A. Huecos. O espacio mínimo de huecos necesario e medido a cada lado será de:	1,0	1,0
B. Largura mínima. A largura mínima das escaleiras mecánicas será:	1,00 m	1,00 m
C. Velocidade mínima. A velocidade mínima das escaleiras mecánicas será de:	0,5 m/seg	0,5 m/seg

1.2.6. Ascensores.

Os ascensores como elemento que forma parte dun itinerario peonil deberán cumpri-los seguintes requisitos:

	Adequada	Insuficiente
A. Dimensión. O largo mínimo interior dos ascensores será:	1,10 m	0,90 m
A profundidade mínima interior dos ascensores será:	1,00 m	1,00 m
A superficie mínima interior dos ascensores será:	1,00 m²	1,00 m²
As portas serán automáticas, con atraso de 10 seg, e deberán ter unha luz como mínimo de:	0,80 m	0,80 m

B. Outras características.

As cabinas estarán niveladas co pavimento exterior admitindose unha tolerancia de 1 cm.

Disporán dun pasamáns interior de deseño ergonómico colocado a unha altura de 0,90 m con sección equivalente a un tubo de 3 a 5 cm de diámetro, e separado como mínimo 4 cm do paramento.

A separación entre a cabina e o pavimento exterior será como máximo 2 cm.

O espacio mínimo frente ás portas terá que deixar unha área que permita inscribir un círculo de 1,50 m de diámetro.

As botoeiras interiores situaranse a unha altura comprendida entre 0,90 e 1,20 metros. Recomendase a colocación de botoeiras horizontais con botóns con sinalización en relevo e situadas no centro dun lateral.

A sinalización no exterior da situación do ascensor situaranse a unha altura comprendida entre 1,10 e 1,30 m e será en relevo.

Disporase un sinal acústico tanto no exterior como no interior para indicar a parada e apertura das portas.

Fig. 1.26
ASCENSORES



1.2.7. Tapices rodantes.

Os tapices rodantes como elemento que forma parte dun itinerario peonil deberán cumpri-los seguintes requisitos:

	Adaptada	Practicable
A largura mínima		
B largo mínimo do tapiz rodante	1,20 m	1,00 m

B. Outras características.

Cando salven desnivels deberán ter unha pendente máxima equivalente á establecida nesta base para as rampas, sen que sexa de aplicación a limitación de longitude de tramo indicada para elas. Neste caso dispoñerá dun entrada e saída dunha zona horizontal de dimensión mínima no sentido longitudinal de 1,50 m.

Base 1.3. Aparcamentos.

A. Dimensións.

Serán as que se derivan da necesidade de deixar un espacio libre no lateral do coche para permiti-la transferencia á vehicule.

	Adaptada	Practicable
A dimensión mínima doada para cada	5,00 × 3,60 m	5,00 × 3,30 m

Se a praza se sitúa de forma que sexa adxacente a un itinerario peonil este integrarase como parte do largo da praza.

B. Sinalización.

As prazas reservadas para uso de persoas con mobilidade reducida sinalizaranse co símbolo internacional de accesibilidade e a banda «Reservado para persoas con mobilidade reducida».

C. Accesos.

As prazas reservadas para minusválidos estarán comunicadas con itinerario peonil adaptado ou practicable segundo sexa axeitado, debendo salvado desnivel coa beirarrua, se o houbera, mediante un vao con pendente non superior á 12%.

D. Reserva mínima de prazas adaptadas.

Ata 200 prazas de capacidade total: 1 praza adaptada por cada 40 prazas ou fracción.

De 201 a 1.000 prazas: 1 praza adaptada por cada 100 prazas ou fracción.

De 1.001 a 2.000 prazas: 1 praza adaptada por cada 200 prazas ou fracción.

Máis de 2.000 prazas: 1 praza adaptada por cada 400 prazas ou fracción.

Fig. 1.2.A
APARCAMENTO EN FINGUEIRA O EXTERIOR



Fig. 1.2.B
APARCAMENTO EN BATERÍA O EXTERIOR



Base 1.4. Mobiliario urbano.

1.4.1. Sinais e elementos verticais.

	Adaptada	Provisoria
A. Alturas mínimas. A altura libre mínima baixo os elementos de ordenación ou de subporte como elementos de mobiliario urbano será como mínimo:	2,20 m	2,00 m

B. Situación nas beirarrúas.

Se a beirarrúa é de largura igual ou superior a 1,80 m colocaranse na banda exterior delas, próximas á calzada.

Se a beirarrúa é de largura menor a 1,80 m colocaranse, sempre que sexa posible, sucesivos de fachadas, debendo deixarse en todo caso un largo mínimo libre de 1,50 m en áreas desenvolvidas a través da redacción de instrumentos de ordenación integral e de 0,90 m no resto dos casos.

	Adaptada	Provisoria
C. Separación de pilaretes e mecanismos. Os pilaretes e mecanismos deberán situarse a unha altura que non sea:		
Máxima de:	1,20 m	1,00 m
Mínima de:	0,90 m	0,80 m

D. Sinalización.

Recomendáselle disporter unha banda de cor de fácil visión, dunha altura de 10 cm, sita aproximadamente a unha altura sobre o chan de 1,50 m.

	Adaptada	Provisoria
E. Sumidoiros. Os sumidoiros colocados deberán situarse noutras condicións: Os pilaretes e mecanismos deberán situarse a unha altura que non sea:		
Máxima de:	1,20 m	1,00 m
Mínima de:	0,90 m	0,80 m

Disporán dun sinal acústico que indique a posibilidade de cruzar ós invidentes e teña intensidade de emisión que non perturbe á comunidade.

Estarán regulados para poder cruzar-la calzada a unha velocidade non superior a 0,70 m/seg.

1.4.2. Outros elementos de mobiliario urbano.

	Adaptada	Provisoria
A. Sinais e elementos horizontais. Sinaláranse os horizontais de modo que deixen sobre franxa libre para paso desde largura mínima de:	0,90 m	0,90 m
En áreas desenvolvidas e nunca de redacción de instrumentos de ordenación integral a franxa libre para paso será como mínimo:	1,80 m	1,80 m
Cando para a ordenación de mobiliario urbano necesario ocupe unha superficie frontal na calzada, como é o caso de cabinas telefónicas, cabinas, etc., deberá existir dentro de aquela un espacio libre de obstáculos a nivel de chan, como mínimo de:	1,20 m × 0,80 m	1,00 m × 0,80 m
B. Dimensión de cabinas. A dimensión das cabinas será a suficiente para deixar libre un espacio mínimo de maniobra de:	1,20 m × 0,80 m	1,00 m × 0,80 m
A porta, cando existan, será de apertura cara á rua e deberá ter un paso libre mínimo de largura de:	0,80 m × 2,20 m	0,80 m × 2,00 m
O chan estará á mesma nivel de paso peatonal, especialmente no desenvolvimento de:	2 cm	5 cm
C. Separación de pilaretes e mecanismos. Os pilaretes e mecanismos deberán situarse a unha altura que non sea:		
Máxima de:	1,20 m	1,00 m
Mínima de:	0,90 m	0,80 m
2. Zona de mobiliario público. Nas zonas destinadas á ocupación de persoas mantéñ-se de redacción de instrumentos de ordenación integral, como:		
Altura máxima de:	0,80 m	0,80 m
Largura mínima:	0,80 m	0,80 m

E. Sinalización.

Tódolos elementos de urbanización e mobiliario que estean adaptados deberán disporter da correspondente sinalización para facilita-lo uso a persoas con discapacidade visual ou acústica ou mobilidade reducida. Para iso utilizaranse sinais de pavimento de cor e textura diferenciada ou sinais verticais, luminosos ou acústicos.

Fig. 1.4.2
ELEMENTOS DE MOBILIARIO URBANO

ATENCIÓN Ó PÚBLICO



1.4.3. Protección e sinalización de obras na vía pública.

As obras que se realicen nas vías públicas deberán protexerse con valos estables e continuos dunha altura non inferior a 90 cm.

Situaranse de modo que deixen un paso libre mínimo de 90 cm.

Cando non sexa posible deixar estes pasos libres, ou existan riscos para as persoas que circulan pola proximidade das obras, dispoñerase itinerarios provisorios alternativos, adaptados e debidamente sinalizados.

Estas zonas de protección de obras deberán estar iluminadas. Nos casos en que exista insuficiente iluminación sinalizaranse con sinais luminosos de cor vermella, que permitan ser advertidos con antelación.

Se existise un evidente perigo para as persoas invidentes complementaranse a sinalización con instalación dun sinal acústico intermitente cunha intensidade de emisión que non perturbe á comunidade.

Base 1.5. Aseos de uso público.

	Adaptado	Provisorio
A. Dimensionamento. Os aseos deberán permitir a aproximación frontal e lateral a todos os aparatos, permitindo un espacio libre de circulación en cada aparato de 70 cm mínimo de diámetro por lado do espacio e	1,20 m	1,20 m
B. Puertas. As portas dos aseos, cabe que a dimensión delas, como mínimo, a que permita a xiro dun círculo libre de espacio necesario polo menos, dúas vezes o ancho do aparato		
A súa dimensión será tal que deixe un espacio libre mínimo de	0,80 m	0,80 m
Espacio de xiro cando de portas ou puertas que xiren a dentro non horizontal (medido a cada lado do chan que corresponde)		
Frente do	1,20 m	1,20 m
Fondo do	0,80 m	0,80 m
C. Lavabo. Os lavabos empregados nos aseos adaptados no provisorio deste non poderá ser menor. Deixo espacio para permitir a aproximación frontal da cadeira, debendo existir un espacio mínimo de aproximación de 1,00 m.		
A altura superior do lavabo será de	0,80 m	0,80 m
A bolla será de pendente cara para		
D. Inodoro. Espacio de xiro a ambos lados, cando dentro dun espacio que se sitúe á beira pola que ocupa un espacio libre mínimo de 0,80 m para realizar a aproximación		
As barras situadas a cada lado do chan de	0,70 m	0,80 m
Distancia á mesma de	0,50 m	0,50 m
Os pulsadores e mecanismos situarán a cada lado do chan que corresponde		
Frente do	1,20 m	1,20 m
Fondo do	0,80 m	0,80 m

E. Pavimentos.

Os pavimentos serán antideslizantes e cando existan enreixados terán os espacios entre barras menores de 1 cm.

F. Sinalización.

Os aseos reservados para as persoas con mobilidade reducida dispoñerán dun letreiro, de tamaño 0,10×0,10 m, co símbolo internacional de accesibilidade situado encima do tirador de apertura a unha altura do chan de 1,20 m.

Fig. 1.5
AZEO DE USO PÚBLICO ADAPTADO



Base 2

Disposicións sobre barreiras arquitectónicas nos edificios de uso público

Base 2.1. Itinerarios en edificios de uso público.

2.1.1. Acceso desde a vía pública.

O acceso de edificios desde a vía pública realizarase a través dun itinerario peonil adaptado ou practicable, segundo o caso, de acordo coas condicións establecidas na base 1.1.

As portas de paso serán de dimensións tales que deixen un paso libre dunha largura mínima de 0,80 m e de altura mínima 2,00 m.

Cando as portas de paso sexan de dúas follas unha delas deixará un paso libre mínimo de 0,80 m.

Cando nunha entrada se dispoñan portas xiratorias deberá colocarse un sistema de paso alternativo das dimensións anteriormente sinaladas.

	Adaptado	Practicable
Resto de portas, estabelecidas, deberá ter un paso libre (non ocupado polo xiro da folla) que permita inscribir un círculo de diámetro mínimo de:	1,50 m	1,50 m

Tódalas portas que se sitúen nun itinerario adaptado ou practicable deberán levar na súa parte inferior un zócalo de 0,30 m de altura.

Fig. 2.1.1
ACCESO DESDE VÍA PÚBLICA



Se as portas son de cristal deberán ademais disporter dunha franxa de cor contrastada, situada horizontalmente a unha altura de 1,50 m e dunha largura de 5 cm como mínimo.

2.1.2. Comunicación horizontal.

	Adaptado	Provisorio
Os corredores que estiveran por vías de rota, no terán menos ca lo seguinte de:	1,80 m	1,50 m
Con estrangulamentos permitirá que discurran como mínimo:	1,00 m	1,00 m
Os corredores que estiveran por vías de rota, no terán menos ca lo seguinte de:	1,80 m	1,50 m
Con estrangulamentos permitirá que discurran como mínimo:	0,90 m	0,90 m
A altura libre mínima de corredores será de:	2,20 m	2,10 m
En cada planta deberá existir un espacio libre de xiro que permita inscribir un círculo de diámetro mínimo de:	1,50 m	1,20 m
Nos cambios de dirección e liaxe deste pasillo inscribirá un círculo de diámetro mínimo de:	1,50 m	1,50 m

Fig. 2.1.2
COMUNICACIÓN HORIZONTAL



2.1.3. Pavimentos.

Os pavimentos serán antiescorregantes.

En grandes superficies proxectaranse franxas de pavimento diferenciadas en textura para indicalo camiño a invidentes.

Tamén se producirán cambios de textura cando existan interrupcións, desnivels, obstáculos e zonas de espera, con obxecto de avisar a invidentes.

	Adaptado	Provisorio
As franxas de pavimento antideslizante, podoxrafía, rampas, escaleiras, elementos fóbicos de apoio, que carecen de cores contrastadas e/o cambio brusco de nivel, deben ofrecer un mínimo de:	5 cm	5 cm

2.14.- NIVEIS DE ACCESIBILIDADE EXIGIDOS PARA EDIFICIOS DE USO PÚBLICO DE NOVA CONSTRUCCIÓN

USO	GU	ITC	BD1	BD2	BD3	BD4	BD5
[illegible]	[illegible]	[illegible]	[illegible]	[illegible]	[illegible]	[illegible]	[illegible]

Dispornse unha protección nos lados libres das rampias a unha altura comprendida entre 5 e 10 cm.

F. Outras características.

A iluminación nocturna dunha rampla adaptada ou practicable será como mínimo de 30 luxes.

O pavimento das rampias será duro, antiesvarante e sen relevos.

Sinalizarase o inicio e o final da rampla con diferenciación de pavimento nunha franxa de 1,00 metro de profundidade como mínimo.

Baixo as rampias, se o espacio libre é menor de 2,20 cm, deberase cerrar este espacio ou protexelo, para evitar accidentes de persoas con visión reducida.

Fig. 2.2.1
RAMPLAS



2.2.2. Escaleiras.

As escaleiras como elemento que forma parte dun itinerario peonil adaptado ou practicable deberán cumplir-los seguintes requisitos:

	Adaptada	Practicable
A. Huella.		
A anchura [illegible]	30 cm	28 cm
B. Largura mínima.		
O largo máximo [illegible]	1,20 m	1,00 m
C. Tabica.		
A altura máxima [illegible]	17 cm	20 cm
A diferencia [illegible]	[illegible] cm	[illegible] cm
[illegible]	2,00 m	2,00 m
A [illegible]	1,20 m	1,00 m

Nas escaleiras non haberá descontinuidade entre a pegada e a tabica e o perfil será redondeado ou chafranado con inclinación da tabica cara o interior de 15º.

D. Varandas.

As varandas deberán estar colocadas en ámbolos lados da escaleira. Se o seu largo é superior a 3,00 m, deberá colocarse varanda central.

O diámetro dos tubos das varandas deberá estar comprendido entre 3 e 5 cm (ou sección anánica equivalente) e estará libre de resaltos.

As varandas deberán estar colocadas separadas dos paramentos, como mínimo 4 cm e prolongaranse horizontalmente unha lonxitude comprendida entre 35 e 45 cm.

A varanda deberá situarse a unha altura comprendida entre 90 e 95 cm, sendo recomendable a colocación dunha segunda varanda a unha altura comprendida entre 65 e 70 cm.

E. Outras características.

A iluminación nocturna dunha escaleira adaptada ou practicable será como mínimo de 10 luxes.

O pavimento das escaleiras adaptadas, deberá ser antiesvarante con cambio de cor no bordo da pegada. Diferenciarase mediante contraste de textura e cor, o inicio e final da escaleira, nun tramo de 1,00 metro.

Os espacios baixo as escaleiras deberán estar cerrados ou protexidos cando a súa altura sexa menor de 2,20 m.

Fig. 2.2.2
ESCALEIRAS



2.2.3. Ascensores.

	Adaptado	Zonificado
A. Dimensións.		
O largo mínimo interior dos ascensores será	1,10 m	0,90 m
A profundidade mínima interior dos ascensores será	1,40 m	1,40 m
A superficie mínima interior dos ascensores será	1,40 m²	1,20 m²
As portas serán automáticas, con vanos de 80 cm, e deberán contar libre como mínimo de	0,80 m	0,80 m

B. Outras características.

As cabinas estarán niveladas co pavimento exterior admitíndose unha tolerancia de 1 cm.

Dispoñen dunha varanda interior de desenho ergonómico colocada a unha altura de 0,90 m, con sección equivalente a un tubo de 3 a 5 cm de diámetro, e separada do paramento como mínimo 4 cm.

A separación entre a cabina e o pavimento exterior será como máximo 2 cm.

O espacio mínimo frente ás portas terá que deixar unha área que permita inscribir un círculo de 1,50 m de diámetro.

As botoeiras interiores situaranse a unha altura comprendida entre 0,90 e 1,20 metros. Recomendase a colocación de botoeiras horizontais, con botóns con sinalización en relevo e situadas no centro dun lateral.

A sinalización no exterior da situación do ascensor situarase a unha altura comprendida entre 1,10 e 1,30 m e será en relevo.

Dispoñerase un sinal acústico tanto no exterior como no interior para indicar a parada e apertura das portas.

Fig. 2.2.3
ASCENSORES



2.2.4. Escaleras mecánicas.

	Adaptada	Practicable
A. Rampa. O número mínimo de bandas necesarias a montar [illegible]	2,0	2,0
B. Longitud mínima. A longitud mínima das escaleras mecánicas será de:	1,00 m	1,00 m
C. Velocidade mínima. A velocidade mínima das escaleras mecánicas será de:	0,5 m/seg	0,5 m/seg
2.2.5. Tapices rodantes.		
A. Longitud mínima. O longitud mínima dos tapices rodantes será:	1,00 m	1,00 m

B. Outras características.

Cando salven desnivels deberán ter unha pendente máxima equivalente á establecida nesta base para as rampas, sen que sexa de aplicación a limitación de longitude de tramo indicada para as mesmas. Neste caso disporanse á súa entrada e saída dunha zona horizontal de dimensión mínima no sentido longitudinal de 1,50 m.

Base 2.3. Servicios.

2.3.1. Servicios higiénicos.

	Adaptado	Practicable
A. Dimensión mínima. Os aseos deberán permitir la aproximación frontal [illegible]	1,50 m	1,50 m
B. Puertas. As puertas dos aseos, sobre que a dimensión dos [illegible]		
A súa dimensión será tal que deberán ter espacio libre mínimo de:	0,80 m	0,80 m
Espacio libre de puerta en [illegible]		
Frente de:	1,20 m	1,20 m
Frente de:	0,90 m	0,90 m
C. Lavabo. Os lavabos situados no aseo adaptado [illegible]		
A altura superior do lavabo será de:	0,80 m	0,80 m

	Adaptado	Provisorio
As bilas serán de material rígido.		
D. Inodoro.		
Disporán de barras a ambolos lados, de tamaño, cando abatible, aquela que se sitúe o lado pido que tenha un espacio libre mínimo de 0,80 m para realizar a aproximación.		
As barras situarán a unha altura do chan de:	0,70 m	0,80 m
E do nivel do asento de:	0,50 m	0,50 m
Os pulsadores e mecanismos serán situados a unha altura que non será:		
Máxima de:	1,20 m	1,20 m
Mínima de:	0,80 m	0,80 m

E. Pavimentos.

Os pavimentos serán antideslizantes e cando existan enreixados terán os espacios entre barras menores de 1 cm.

F. Sinalización.

Os asseos reservados para as persoas con mobilidade reducida disporán dun letreiro, de tamaño 0,10×0,10 m, co símbolo internacional de accesibilidade, situado encima do tirador de apertura a unha altura do chan de 1,20 m.

Fig. 2.2.1
ASEO DE USO PÚBLICO ADAPTADO



2.3.2. Dormitorios.

	Adaptado	Provisorio
A. Dormitorios individuais.		
Os dormitorios individuais disporán dun espacio libre de circulación a unha altura de 0,70 m que permita inscribir un círculo de diámetro igual ou superior a:	1,50 m	1,20 m
Os anchos de circulación a pasar deberán ser, entre eixos, de máis de 1,20 m.		
Os anchos libres dos dormitorios serán os longo mínimos de:	1,80 m	1,60 m
Nas liñas de acceso de camas, cuartos e mobiliario disporán de espacio libre, como mínimo, de 0,90 m de longo.		
B. Portas e movimentos.		
A porta dos dormitorios, cando sexa abatible, deberá estar tal que permita a libre entrada. Todo libre de espacio necesario polo porta, deberá estar xa a mínimo.		
A vía dormitorio-aseo deberá ser tal que deixe un espacio libre mínimo de:	0,80 m	0,80 m
Disporán dunhas tomadas de prensa ou prensas que sexan a dunha ou horizontal situadas a unha altura do chan que non será:		
Máxima de:	1,20 m	1,20 m
Mínima de:	0,80 m	0,80 m
Os pulsadores e mecanismos serán situados a unha altura que non será:		
Máxima de:	1,20 m	1,20 m
Mínima de:	0,80 m	0,80 m
e non a menos de 0,40 m dos espaldares.		

C. Reserva mínima de dormitorios adaptados en servicios residenciais de uso público.

De 25 a 50 prazas residenciais: 1 dormitorio adaptado.

De 51 a 100 prazas residenciais: 2 dormitorios adaptados.

De 101 a 150 prazas residenciais: 4 dormitorios adaptados.

De 151 a 200 prazas residenciais: 6 dormitorios adaptados.

Máis de 200 prazas residenciais: 8 dormitorios adaptados.

Fig. 2.3.2
DORMITORIOS DE USO PÚBLICO ADAPTADOS



2.3.3. Vestiarios.

2.3.3.1. Cabinas vestiarios.

Disporase como mínimo unha cabina vestiario de medidas mínimas de 1,80 m×1,70 m, con asento mirto á parede de 0,40 m×0,40 m a unha altura de 0,45 m.

O asento colocarase de maneira que quede un espacio lateral de aproximación mínimo de 0,80 m nun dos seus laterais.

Disporanse barras a unha altura comprendida entre 0,70 e 0,75 m, sendo abatible aquela que se sitúe á lado polo que se realice a aproximación.

O espacio de aproximación lateral a armarios, baricos, duchas e mobiliario terá unha dimensión mínima de 0,80 m.

	Adaptada	Practicable
Dependencias e mobiliario accesibles e utilizables por usuarios:		
Maior de:	1,20 m	1,00 m
Menor de:	0,80 m	0,80 m
A zona de revolución deberá dar acceso de longitudinal de:	1,20 m	1,00 m
Disporase zona libre de obstáculos que permita inscribir un círculo de diámetro mínimo de:	1,50 m	1,20 m

Fig. 2.3.3.1
CABINA VESTIARIO



2.3.3.2. Duchas.

Disporase como mínimo unha ducha de medidas mínimas de 1,80 m×1,20 m, con asento abatible fixado no lado curto do espacio sinalado, de 0,40×0,40 m, a unha altura de 0,45 m.

O asento colocarase de maneira que quede un espacio lateral de aproximación mínimo de 0,80 m nun dos seus laterais.

Disporanse barras a unha altura comprendida entre 0,70 e 0,75 m, sendo abatible aquela que se sitúe á lado polo que se realice a aproximación.

	Adaptada	Practicable
Dependencias e mobiliario accesibles e utilizables por usuarios:		
Maior de:	1,20 m	1,00 m
Menor de:	0,80 m	0,80 m
A zona de revolución deberá dar acceso de longitudinal de:	1,20 m	1,00 m
Disporase zona libre de obstáculos que permita inscribir un círculo de diámetro mínimo de:	1,50 m	1,20 m

A base da ducha irá enrasada co pavimento. Os desagoadoiros serán de cravinado con ocos non maiores de 1 cm.

Fig. 2.3.3.2
DUCHAS



2.3.3.3. Área de vestiarios.

Toda a área de vestiarios terá pavimento antiescorregante.

Os colgadoiros situaranse a unha altura do chan comprendida entre 0,90 e 1,20 m.

O largo mínimo de paso libre das portas será de 0,80 m.

Os vestiarios reservados para as persoas con mobilidade reducida disporán dun letreiro, de tamaño 0,10×0,10 m, co símbolo internacional de accesibilidade sito encima do tirador de apertura a unha altura do chan de 1,20 m.

Fig. 2.3.3
ÁREA DE VESTIARIOS



2.3.4. Mobiliario.

	Adaptada	Practicable
Cando para a utilización de mobiliario sexa necesario realizar unha aproximación frontal coa cadeira, como é o caso de mesas, cifoles, lavatorios, etc. deberá existir espacio libre do chanzoleo a nivel de chan, cuns mínimos de:	1,10 × 0,80 m	1,10 × 0,80 m
A. Dimensión de cubiertas. A dimensión das cubiertas será a necesaria para deixar libre un espacio como mínimo de fondo calculado de:	0,80 × 1,20 m	0,80 × 1,20 m
A parte, cando exista, será de aproximación a frontal, deixando un paso libre de fondo posible:	0,80 × 1,10 m	0,80 × 1,10 m
Todas estas medidas serán válidas para asentos, e cando sexan diagonais serán calculadas co diámetro de xiro mínimo de:	1 m	1 m
B. Dimensión de pulsadores e mecanismos. Os pulsadores e mecanismos serán situados nestas alturas que se indican:		
Máxima de:	1,20 m	1,20 m
Mínima de:	0,80 m	0,80 m

Fig. 2.3.4
MOBILIARIO

ATENCIÓN Á PÚBLICO



ELEMENTOS SALIENTES



CABINAS TELEFÓNICAS



	Adaptada	Practicable
C. Zonas de asentos públicos. Na zona destinada á espera de persoas usuarias de bancadas ou bancos:		
Altura máxima de:	0,80 m	0,90 m
Largura da zona de asento:	0,80 m	0,80 m

Deberán estar libres ata unha altura de 0,70 m para permiti-lo acceso con cadeira de rodas.

D. Mobiliario especial e sinalización.

Xunto ás zonas de información, en longos percorridos ou nas proximidades dos núcleos de comunicación vertical dispóñase mobiliario de descanso de forma que non obstrúa a circulación.

Preverase a colocación de asentos, a unha altura de chan comprendida entre 0,60 e 0,45 m e apoios isquiáticos a unha altura sobre o chan entre 0,60 e 0,75 m.

Os elementos pegados ás paredes que se sitúen en itinerarios adaptados ou practicables, cando vosan máis de 0,15 m e se atopen a unha altura inferior a 2,20 m, deberán contar con elemento fixo perimetral na súa proxección a unha altura de 0,15 m do chan para permiti-la súa detección por invidentes.

Tódolos elementos de mobiliario que estean adaptados deberán dispoñer da correspondente sinalización para facilita-lo uso a persoas con mobilidade reducida ou discapacidade visual ou sensorial. Para isto utilizaranse sinais de pavimento de cor e textura diferenciada e sinais luminosos ou acústicos.

Cando as características de complexidade das circulacións o exixan deberanse sinalizar un circuito con cambio de textura no pavimento ou por medio de varandas ou outro elemento contínuo de cor contrastada.

2.3.5. Aulas, salas de reunións e espectáculos.

As aulas, salas de reunións e de espectáculos deberán estar provistas de forma que poidan ser utilizadas, naqueles casos que regulamentariamente se dispón, por usuarios de cadeiras de rodas. Para tal efecto:

	Adaptada	Practicable
Os corredores interiores terán un largo mínimo de:	1,20 m	1,00 m
Dispoñerá espacio libre no lateral dos corredores para usuarios de cadeiras de rodas, de dimensión mínima de:	1,20×0,80 m	1,00×0,80 m

En salas e estadios con bancadas dispoñerán espacios reservados para as cadeiras de rodas, cerca dos vomitorios de acceso, con posibilidade de chegar ás mesmas a través de rampas ou ascensores, adaptados ou practicables, segundo o caso.

Reserva mínima de prazas adaptadas en locais de espectáculos, salas de conferencias, recintos deportivos, auditorios, salas e outros locais con actividades análogas.

De 51 a 100 prazas de capacidade total: 1 praza de uso preferente.

De 101 a 250 prazas de capacidade total: 2 prazas de uso preferente.

De 251 a 500 prazas de capacidade total: 3 prazas de uso preferente.

De 501 a 1.000 prazas de capacidade total: 4 prazas de uso preferente.

De 1.001 a 2.500 prazas de capacidade total: 5 prazas de uso preferente.

De 2.501 a 5.000 prazas de capacidade total: 6 prazas de uso preferente.

De 5.001 a 10.000 prazas de capacidade total: 7 prazas de uso preferente.

Máis de 10.000 prazas de capacidade total: 10 prazas de uso preferente.

Base 3

Disposicións sobre aparcadoiros de edificios de uso público

As prazas adaptadas situaranse no interior ou no exterior dos edificios, o máis próximas posible ás accesos.

Se se sitúan no sótaneo dos edificios deberán comunicarse co resto das dependencias a través dun itinerario adaptado ou practicable, segundo o caso, debendo chegar ao ascensor á planta na que se sitúan as prazas.

	Adaptada	Practicable
A. Dimensións. Terán as que se deriven da necesidade de dotar ao espacio libre de lateral de modo que permita a maniobra de vehículo. A dimensión mínima desta será:	0,80×5,00 m	0,80×5,00 m

Se a praza se sitúa de forma que sexa adxacente a un itinerario peonil, este integrarase como parte do largo da praza.

B. Sinalización.

As prazas reservadas para uso de persoas con mobilidade reducida sinalizaranse co símbolo internacional de accesibilidade e a lenda «Reservado para persoas con mobilidade reducida».

C. Accesos.

As prazas reservadas estarán comunicadas con itinerario peonil adaptado ou practicable, segundo sexa exixible, debendo salvado desnivel con beirarrúa, ou a horbera, mediante un vao con pendente non superior á 12 %.

As portas de acceso a espacios de aparcadoiros terán un largo mínimo libre de paso de 0,80 m. Accionaranse mediante un tirador do tipo agarradeira ou barra.

D. Reserva mínima de prazas adaptadas.

De 10 a 70 prazas de capacidade total: 1 praza adaptada.

De 71 a 100 prazas de capacidade total: 2 prazas adaptadas.

De 101 a 150 prazas de capacidade total: 3 prazas adaptadas.

De 151 a 200 prazas de capacidade total: 4 prazas adaptadas.

Por cada 200 prazas máis: 1 praza adaptada máis.

Máis de 1.000 prazas de capacidade total: 10 prazas adaptadas.

Fig. 21
APARCAMENTO EN BATERÍA EN GARAXE CUBERTO



Base 4

Disposicións sobre barreiras arquitectónicas nos edificios de uso residencial

Os itinerarios que se coloquen en edificios, instalacións e servicios de titularidade privada e uso residencial deberán reunir como mínimo a condición de practicable, de acordo cos parámetros establecidos nesta base.

4.1. Entradas.

Calquera desnivel que poida existir entre a vía pública e o portal de entrada, e entre este e o arranque da caixa de escaleiras e as viviendas de planta baixa, terá polo menos unha entrada alternativa provista de rampla de acceso practicable.

Poderá permitirse a existencia dun único chanzo, na zona en contacto con beirarrúa e o portal do edificio, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

-Que o chanzo non supere a altura de 12 cm.

-Que entre o chanzo e a porta do portal exista un espacio de profundidade como mínimo de 1,20 m.

As portas de paso serán de dimensións tales que deixarán un paso libre dunha largura mínima de 0,80 m e de altura mínima 2,00 m.

Cando as portas de paso sexan de dúas follas anha delas deixará un paso libre mínimo de 0,80 m.

Cando nunha entrada se dispoñan portas xiratorias deberá colocarse un sistema de paso alternativo das dimensións anteriormente sinaladas.

	Practicable
A ámbolos lados das portas deberá existir un espacio libre (sen ser varrido polo xiro da folla) que permita inscribir un círculo dun diámetro mínimo de:	1,20 m

Se as portas son de cristal deberán ademais dispoñer dunha franxa de cor contrastada, situada horizontalmente a unha altura de 1,50 m e dunha largura de 5 cm como mínimo.

4.2. Espacios comúns.

	Practicable
A altura libre mínima de corredores será de:	2,10 m
O largo mínimo dos corredores será de:	1,20 m
e cando se produzan estreitamentos deixarán un paso libre como mínimo de:	0,90 m
En cada planta deberá existir un espacio libre de xiro que permita inscribir un círculo de diámetro mínimo:	1,50 m
Diante da porta do ascensor debe existir un espacio libre de xiro que permita inscribir un círculo de diámetro mínimo:	1,50 m
Nos cambios de dirección o largo debe permitir inscribir un círculo de diámetro mínimo:	1,20 m

As portas de entrada á vivenda serán de dimensións tales que deixarán un paso libre dunha largura mínima de 0,80 m e de altura mínima 2,00 m.

4.3. Desniveis.

As ramplas que se coloquen nestes itinerarios practicables serán das seguintes características:

A. Ramplas.

A.1. Pendentes.

A.1.1. Pendente longitudinal.

	Practicable
Ramplas de longitude menor de 3,60 m:	12%
Ramplas de longitude maior de 3,60 m:	10%

Cando por razóns técnicas non poidan utilizarse as pendentes anteriormente establecidas permitiráse, cunha memoria xustificativa, aumentar en 2% as pendentes que en cada caso sexan aceptables.

A.2. Pendente transversal.

	Practicable
A pendente transversal máxima da rampla será:	2%

A.3. Longitude e largura.

	Practicable
A longitude máxima dun tramo de rampla será:	20,00 m

Cando esta longitude non sexa suficiente para salvar un desnivel desenharanse diversos tramos con descansos intermedios.

A largura mínima das ramplas será de:	0,90 m

A.4. Descansos.

	Practicable
Largura mínima:	A da rampla
Longitude mínima:	1,20 m
Cando exista un xiro de 90º o descanso permitirá inscribir un círculo de diámetro mínimo de:	1,50 m
Ó inicio e ó final da rampla se dispoñerá un espacio libre de obstáculos de dimensións:	1,20×1,20 m

A.5. Varandas.

A varanda deberá situarse a unha altura comprendida entre 90 e 95 cm, sendo recomendable a colocación dunha segunda varanda a unha altura comprendida entre 65 e 70 cm.

O diámetro dos tubos de varanda deberá estar comprendido entre 3 e 5 cm (ou sección equivalente) e estará libre de resaltes.

As varandas deberán estar colocadas separadas dos paramentos como mínimo 4 cm.

Dispoñerase unha protección nos lados libres das ramplas a unha altura comprendida entre 5 e 10 cm.

B. Ascensores.

B.1. Dimensións.

	Practicable
O largo mínimo interior dun ascensor será:	0,90 m
A profundidade mínima interior dun ascensor será:	1,20 m
A superficie mínima interior dun ascensor será:	1,20 m²
As portas serán automáticas con círculo de 40 cm, e deixarán un paso libre como mínimo de:	0,80 m

B.2. Outras características.

As cabinas estarán niveladas co pavimento exterior, admitíndose unha tolerancia de 1 cm.

Disporán dunha varanda interior, de deseño ergonómico, colocada a unha altura de 0,90 m, con sección equivalente a un tubo de 3 a 5 cm de diámetro e separada do paramento como mínimo 4 cm.

A separación entre a cabina e o pavimento exterior será como máximo 2 cm.

As botoeiras interiores situaranse a unha altura comprendida entre 0,90 e 1,20metros. Recomendase a colocación de botoeiras horizontais, con botóns con sinalización en relevo e situadas no centro dun lateral.

A sinalización no exterior da situación do ascensor situarase a unha altura comprendida entre 1,10 e 1,30 m e será en relevo.

Os ascensores descenderán ata a planta de garaxe, cando exista.

C. Escaleiras.

As escaleiras situadas nestes itinerarios deberán cumpri-las determinacións establecidas na base 2.2 para escaleiras practicables, excepto no relativo ó cambio de cor do pavimento no bordo da pegada.

D. Outras características.

Nos elementos non definidos nesta base renderán as determinacións do presente código para o concepto practicable.

Base 5

Disposicións sobre barreiras arquitectónicas dos edificios con viviendas reservadas

5.1. Entradas.

Calquera desnivel que poida existir entre a vía pública e o portal de entrada, e entre este e o arranque da caixa de escaleiras e as viviendas de planta baixa, terá polo menos unha entrada alternativa mediante un itinerario adaptado.

As portas de paso serán de dimensións tales que deixarán un paso libre dunha largura mínima de 0,80 m e de altura mínima 2,00 m.

Cando as portas de paso sexan de dúas follas unha delas deixará un paso libre mínimo de 0,80 m.

Cando tenha entrada se dispoñan portas xiratorias deberá colocarse un sistema de paso alternativo das dimensións anteriormente sinaladas.

Fronte ás portas, a ambolos lados, deberá existir un espacio libre (sen ser varrido polo xiro da folla) que permita inscribir un círculo de diámetro mínimo de 1,50 m.

Se as portas son de cristal deberán ademais disporter dunha franxa de cor contrastada, situada horizontalmente a unha altura de 1,50 m e dunha largura de 5 cm como mínimo.

5.2. Espacios comúns.

A altura libre mínima de corredores será de: 2,10 m.

O largo mínimo dos corredores será de: 1,20 m. e cando se produzan estreitamentos deixarán un paso libre como mínimo de: 0,90 m.

En cada planta deberá existir un espacio libre de xiro que permita inscribir un círculo de diámetro mínimo: 1,50 m.

Diante da porta do ascensor debe existir un espacio libre de xiro que permita inscribir un círculo de diámetro mínimo: 1,50 m.

Nos cambios de dirección o largo debe permitir inscribir un círculo de diámetro mínimo: 1,20 m.

As portas de entrada á vivenda serán de dimensións tales que deixarán un paso libre dunha largura mínima de 0,80 m e de altura mínima 2,00 m.

5.3. Desnivels.

Os desnivels existentes nestes edificios salvaranse mediante as seguintes rampas, ascensores e escaleiras:

A. Rampas.

Serán adaptadas conforme o establecido na base 2.2, punto 2.2.1.

B. Ascensores.

Serán adaptados ou practicables, conforme o establecido na base 2.2, punto 2.2.3 e na base 4, punto 4.3.B.

C. Escaleiras.

As escaleiras deberán cumprir-las determinacións establecidas na base 2.2 para escaleiras practicables, excepto no relativo á cambio de cor do pavimento no bordo da pegada.

5.4. Viviendas adaptadas.

Unha vivenda considérase adaptada cando cumpra os seguintes requisitos:

Os vestíbulos terán unhas dimensións tales que permitan disporter dun espacio libre de moble e de varrido de portas que permita inscribir un círculo de diámetro mínimo 1,50 m.

Os corredores terán un largo mínimo de 1,20 m.

Tódalas portas deixarán un largo libre de paso de 0,80 m como mínimo e unha altura mínima de 2,00 m. As aparadoiras serán de accionamento a presión ou pasca.

Nas salas de estar, cocina, un baño e polo menos un dormitorio deberá haber un espacio que, libre de moble e de varrido de portas, permita inscribir un círculo de diámetro mínimo 1,50 m.

Como mínimo, un dos cuartos de baño será adaptado conforme o establecido na base 2.3, punto 2.3.1. Disporán como mínimo de lavabo, inodoro e ducha adaptados.

Cando a vivenda reservada se resolva en solución díplex deberá situarse na planta en que se establezca o acceso á vivenda como mínimo a sala de estar, a cocina, un baño adaptado e un dormitorio.

Os mecanismos eléctricos, porteiros automáticos, etc., situaranse a unha altura sobre o nivel de chan comprendida entre 0,90 m e 1,20 m e a unha distancia como mínimo de 0,60 m das esquinas. Se por razóns técnicas fora necesario poderanse utilizar a área entre os 0,40 m e o mínimo establecido de 0,90 m.

Fig. 5.4
INTERIOR DE VIVENDA



Base 6

Disposicións sobre barreiras no transporte

Terase en conta a eliminación de barreiras en edificios (terminais ou estacións de bus, tren, metro, fluviais, etc.), nos vehículos e na situación de acceso desde o edificio a/o desde os vehículos.

6.1. Edificios.

6.1.1. Accesos.

Os accesos de edificios desde a vía pública deberán disponer dun itinerario adaptado conforme as condicións establecidas no presente código de accesibilidade para os itinerarios.

Cando existan nas inmediacións dos accesos pasos de peóns con semáforo disporán de sinalización acústica.

Os aparcadoiros axustaranse á establecido na base 3 do presente código.

Evitarase o desnivel entre a beirarrúa e a zona de acceso. Se fora inevitable salvarase con chanzos que deberán complementarse con rampas adaptadas segundo as condicións do presente código.

Portas de entrada:

Nos deseños deste edificios evitaraase colocar portas á entrada e no interior das estacións. Se existen á entrada deben ser automáticas, fortes e seguras. Recomendáase as portas corredías automáticas. O mecanismo automático debe evitar que alguén poida ser ferido á pechares a porta.

Serán de dúas follas cada unha, con mínimo de 80 cm. Se houbera portas xiratorias deberá haber portas alternativas.

As portas operadas manualmente deberán abrirse mediante un mecanismo de empurrar ou unha alzofadiña para pexisionar e deben indicar o sentido de apertura e poder mantelas permanentemente abertas.

Sinalización de portas:

Estarán sinaladas no pavimento con textura e cor contrastante.

6.1.2. Edificios-Comunicacións verticais.

6.1.2.a. Escaleiras.

Non deben salvar un desnivel con só chanzo. Debe haber un mínimo de tres chanzos en cada percorrido.

As escaleiras serán adaptadas, conforme o sinalado na base 2.2. do presente código.

Se a escaleira ten varios tramos recomendáase o cambio de dirección dos tramos pola sensación de pánico que pode dar unha escaleira nun só sentido nas horas punta.

Se fora necesario instalar un elevador este debe estar nun sector de escaleira diferenciado ó que no se teña acceso.

6.1.2.b. Escaleiras mecánicas.

As escaleiras mecánicas que se instalen como complemento de escaleiras e ascensores cando o desnivel é moi grande serán adaptadas conforme o sinalado na base 2.2. do presente código.

Sinalaraase ó principio e ó final mediante sinais luminosos vermellos e verdes e os chanzos serán claramente visibles.

Instalaraase luz cerca do nivel do chan con cambio visible da luz na parte de abaixo e de arriba de cada chanzo.

Disporase unha banda de 1,00 m de textura diferenciada del pavimento antes e despois da escaleira.

Haberá unha área de aproximación sen obstáculos na parte alta e baixa da escaleira.

6.1.2.c. Ascensores.

Os ascensores que se instalen serán adaptados, conforme o sinalado na base 2.2. do presente código, salvo as dimensións, que cando estean destinados ó uso de viaxeiros con equipaxes deberán posuí-las seguintes:

Largo mínimo: 1,80 m.

Profundidade mínima: 1,80 m.

Altura mínima: 2,00 m.

Porta de entrada: 1,10 m/con altura de 2,00 m.

Espacio libre diante do ascensor: 1,80×1,80 m.

No interior dos ascensores haberá un sistema de comunicación con punto exterior de servicio permanente, sito a unha altura sobre o nivel do chan comprendida entre 0,90 e 1,20 m.

Haberá un aviso visual e auditivo cando se solicita ascensor ou chega á piso.

Haberá sinais acústicos dentro e fóra do ascensor cando as portas abren e cerran.

As portas manteranse abertas polo menos 20 segundos.

6.1.2.d. Pavimentos e percorridos interiores.

O pavimento debe ser firme, antiesvarante e fácil de limpar.

O itinerario de entrada e saída de lugares de uso interior debe estar marcado cunha banda larga contínua en ton contrastante. Unha liña táctil no centro desta banda indicará o camiño a cegos con bastón.

Os itinerarios interiores terán un largo mínimo de 1,80 m libre de obstáculos, recomendándose un largo mínimo de 2,00 m.

No caso de estreitamento puntual o largo mínimo será de 1,20 m estando o elemento sinalizado no pavimento e a 1,50 m de altura.

6.1.2.e. Elementos de equipamiento.

Tódolos elementos de equipamiento responderán ós requirimentos de elementos adaptados segundo a base 1.4 do presente código.

Nas estacións de trens, autobuses e marítimas, incluíndo as zonas das plataformas, deberanse instalar paneis de información.

Nos puntos de venda de billetes onde exista panel de seguridade entre o público e o vendedor deberá haber amplificadores.

Polo menos un punto de venda debe ser adecuado a usuarios de cadeiras de rodas cunha altura de 80 cm.

As máquinas para vendas de billetes deberán te-los mecanismos a 1,20 m de altura.

Se hai consigna haberá armarios á nivel do chan para aquelas persoas que non poidan levanta-las maletas.

Haberá lugares para apoio e descanso en zonas de espera e preto de equipamientos como teléfonos, quioscos, etc.

Os asentos estarán a unha altura comprendida entre 40 e 45 cm do chan. Haberá apoios isquiáticos entre 60 e 75 cm os asentos levadizos entre 55 e 60 cm.

Deberase deixar espacio baixo os asentos para os cans-guía.

As salas de espera serán cerradas, ben ventiladas e climatizadas. Estarán nunha zona que permita a visión clara da estación ou das plataformas, preferiblemente definida por paramentos totalmente acristalados.

Terán a mesma información visual e auditiva que no vestíbulo da estación.

Onde se prevea a formación de ringleiras de espera como en puntos de venda de billetes, zonas de acceso a vehículos, etc. recomédrase a colocación de varandas á longo do percorrido da ringleira. Serán de tubo de metal brillantemente cromado cun diámetro de 3 a 5 cm e unha altura de 90 a 95 cm, cunha barra a 5 cm do chan para guía-los cegos con bastón. Recomédrase que estas varandas non impidan o libre percorrido cara ás vehículos e non impidan o fácil acercamento a puntos de venda de billetes ou de facturación en aeroportos.

Os servicios de cafeterías das estacións dispoerán de corredores de 1,30 m de largo para permiti-lo paso de cadeiras de rodas e cans-guías. A altura máxima das mesas adaptadas será de 73 cm. O espacio libre baixo a mesa será de 70 cm de altura, 60 cm de largo e 50 cm de profandidade.

Os aseos serán adaptados de acordo cos parámetros definidos na base 2.3 do presente código. Recomédrase instalar un urinario ou bordo a 43 cm para nenos e persoas baixas así como a instalación nas cabinas dos inodoros dun botón ou corda de alarma a un máximo de 1,20 m de altura.

Recomédrase que nas terminais e estacións de grandes dimensións existan lugares accesibles para usuarios de cadeiras de rodas acondicionados para alimentar e cambiar bebés.

Haberá relojes dixitais con números brancos ou amarelos sobre fondo negro dun tamaño adecuado segundo a distancia de observación, debendo existir información audible e visual sobre a hora.

Os teléfonos deberán ser accesibles para tódolos pasazeiros. Polo menos un en cada estación e en cada piso e un cada cetro deberá te-los seus mecanismos a un máximo de 1,20 m de altura.

Recomédrase que tódolos teléfonos estean provistos de bucles magnéticos e que algúns estean en cabinas cerradas. Debe haber un teléfono interno para chamadas de emerxencia.

Deberá haber unha información claramente lexible, audible e táctil.

A información lexible deberá ter en conta o tamaño e cor contrastante entre mensaxe e fondo. Deberá ter 1 cm por cada metro de distancia de lectura e nunca menos de 22 mm de altura. Cando os mensaxes visuais varían deben estar fixas un mínimo de 10 segundos.

A información audible deberá ser moi clara debendo utilizarse bucles magnéticos.

6.1.3. Zonas de acceso a vehículos e embarcacións.

Bordos de plataformas:

Os bordos das plataformas terán unha banda en todo o seu largo de 90 cm con textura diferenciada claramente identificable e de cor contrastante.

Se a zona de acceso a vehículos está nesmo nivel que o vestíbulo e servicios deberá estar conectada por ascensores.

Deberá haber un nivel mínimo de iluminación de 20 lux.

Nas plataformas haberá apoios isquiáticos e asentos de acordo cos parámetros previstos no punto 6.1.2.e).

As plataformas recibirán información auditiva e estarán claramente numeradas e na zona ou en cada unha segundo a importancia da estación haberá un panel de información similar á do vestíbulo. Será clara a recepción da información auditiva e haberá un teléfono conectado con información. Recomédrase que este teléfono se complemente cunha comunicación mediante teletexto para sordos.

As áreas de espera estarán claramente diferenciadas da ruta peonil.

6.2. Paradas de autobuses.

As zonas da calzada onde debe para-lo autobús deberán estar nunha área libre que permita o autobús aparcar á lado do bordo.

Deberanse indica-las paradas de autobús con textura e cor diferenciados no pavimento, recomédrase que o poste de sinalización leve unha letra B en relevo á 1,80 m de altura.

Os cartelóis indicadores terán unhas dimensións mínimas de 45 cm de largo e 40 cm de alto e estarán a máis de 2,50 m de altura.

Os números indicando as distintas liñas terán polo menos 5 cm.

Os indicadores de horario estarán entre 1,00 m e 1,70 m de altura. Se isto non fose posible admitirase unha altura máxima de 1,90 m, pero con información máis importante ata 1,70 m.

6.3. Marquesiñas para refugio en paradas.

As paradas refugio instalaranse en rúas urbanas ou estradas rurais e recomendaranse en estacións de tren con plataformas descubertas onde poden situarse a distancias equivalentes á longo dos vagóns.

Recomendase que sexan de material transparente para visualizar facilmente a chegada do vehículo. Neste caso terá unha franxa de cor de 14 a 16 cm a unha altura de 1,50 m.

Deben incorporar asentos ou apoios isquiáticos. Cando sexa posible terán asentos fixos individuais de 45 cm de altura e apoiabrazos 20 cm máis altos polo menos nun dos lados.

Cando existan paneis de propaganda non estarán situados no lado polo que chegan os autobuses.

Haberá unha superficie libre de 0,90 m×1,20 m para esperar unha cadeira de rodas.

Os refugios terán información sobre os percorridos e horarios dos bases que estarán en forma clara, cor contrastante, tamaño adecuado e preferiblemente en relevo. Recomendase que esta información se complemente cunha placa informativa en sistema braille.

Os refugios instalaranse evitando que quede un espacio libre para circulación por detrás pola beiramarda de 1,50 m como mínimo e que tanto as persoas ambulantes como en cadeira de rodas accedan facilmente do refugio á parada sen ter que baixar á calzada e sen que os elementos estructurais impidan o paso. Para iso quedará unha franxa libre de 1,20 m de largura rodeando os dous lados e a frente.

Cando a beiramarda non sexa suficientemente larga e a rúa teña aparcadoiro poderanse logra-las dimensións mínimas de paso libre avanzando a beiramarda nun largo igual á da marquesiña máis 1,20 m de cada lado, incluíndo a zona de aparcadoiro. É recomendable para non corta-lo fluxo de tráfico a existencia dun carril bus.

6.4. Paradas elevadas.

No caso de que se utilicen autobuses de plataforma baixa optimízase a súa utilización coas paradas elevadas.

Para iso realizaranse unha elevación da beiramarda en forma de rampla dun 4% cara á rúa. Este tipo de parada pode instalarse cando a zona que se eleva sobresae da zona peonil incluíndo zona da calzada destinada a aparcadoiro ou zona verde da beiramarda.

6.5. Vehículos adaptados.

Os vehículos adaptados son aqueles que permiten a súa utilización a persoas con discapacidades motoras, principalmente usuarios en cadeiras de rodas, e facilitan a súa utilización para persoas con discapacidades sensoriais.

6.5.1. Autobuses.

Os autobuses serán de plataforma baixa contínua sita entre 30 e 35 cm sobre o nivel da calzada e dispoñerán de ramplas telescópicas e de dispositivos de suspensión que permitan a baixada e a elevación da carrocería.

O paso de entrada e saída terá unha largura mínima de 0,80 m libre de obstáculos. Se é de entrada e saída deberá ser superior a 1,20 m e inferior a 1,60 m. Se leva portas serán dúas follas corredizas cun largo entre 0,60 e 0,90 m cada unha.

Nos autobuses as ramplas interiores non terán máis do 6% de pendente e 1,10 m de lonxitude. Os desniveis sólidos non superarán os 2 cm e estarán sempre marcados cunha sinalización de canto contrastada de forma visual tendo o bordo chaframado ou redondeado.

As portas interiores estarán separadas polo menos 0,25 m das esquinas e a largura será igual á establecida para as portas de acceso. Se son de vidro terán unha sinalización de cor de 5 cm a 1,50 m de altura e un ángulo inferior de 30 cm. Os mecanismos de accionamento estarán a unha altura maior de 0,90 e menor de 1,20 m.

Os sinais de aviso poranse no teito en lugares visibles tanto para os pasazeiros que viaxen sentados como de pé e haberá un sistema de interfonía que permita un sistema de avisos auditivos.

Os asentos terán 45 cm de altura máxima e as mesas un espacio mínimo de 70 cm baixo as mesmas. A largura mínima do asento será de 0,50 m en todo tipo de transporte e a distancia mínima entre asentos de 0,75 m.

Nos autobuses convencionais existentes facilitaranse o acceso e descenso con medios mecánicos tales como plataformas elevadoras, o ramplas telescópicas ou calquera outro mecanismo máis adecuado en cada caso.

6.5.2. Aviónes.

Os aviónes deberán dispoñer de plataformas elevadoras para permitir o acceso á vehículo.

6.5.3. Barcos.

Para acceder á barcos haberá ramplas ou plataformas que resolvan a abordaxe.

6.5.4. Trens.

Axudas técnicas para abordaxe e baixada de trens.

Deberase dispoñer en cada tren dunha rampla telescópica facilmente adaptable que se instale en caso de que unha persoa con minusvalidez motora ou en cadeira de rodas deba subir á vehículo. Tamén

poderá haber nas plataformas rampas ou plataformas elevadoras que se instalarán no momento que se requiran.

As plataformas desprazables con mecanismos de elevación terán unha dimensión mínima de 0,90 m de largo e 1,20 m de lonxitude e deberán dispoñer de protección laterais.

Os elementos abatibles que permitan comunicar-la plataforma co nivel do chan non superarán a pendente do 10 %.

Terán capacidade portante para desprazar unha persoa en cadeira de rodas e unha persoa auxiliar.

As rampas desprazables que permitan salva-lo desnivel entre a plataforma e a unidade móbil terán unha largura mínima de 0,90 m e a pendente será como máximo del 12%. Disporán de varandas e peto inferior de protección de alturas establecidas para as rampas adaptadas.

As rampas accederán a unha plataforma do vehículo cunha dimensión horizontal mínima de 1,20 m×1,20 m. Os primeiros asentos desde a plataforma de entrada serán abatibles para deixar lugar para cadeiras de rodas.

Os vagóns de tren adaptados terán un servicio con inodoro e lavabo cunhas dimensións que permitan acceder a un usuario en cadeira de rodas. No caso de servicios que ocupan unha área do largo dunha ringleira de asentos terán un espacio libre de 90×1,50 m para a cadeira e unha entrada con porta corredeira de 1,00 m que permita situa-la cadeira no espacio libre e facer unha transferencia de frente á inodoro.

6.5.5. Taxis.

Os taxis adaptados axustaranse ás determinacións establecidas para o denominado «Eurotaxi», que permite o uso por persoas con mobilidade reducida e transportar a cadeira de rodas.

Como mínimo cumpriirán os seguintes requisitos:

A cadeira de rodas situarase paralelamente á dirección da marcha.

O espacio libre en planta será como mínimo de 0,80 m de largo e de 1,20 m de fondo.

A altura interior libre será como mínimo de 1,40 m na zona a ocupar pola cadeira de rodas.

A dimensión mínima da porta para acceso da cadeira de rodas será de 1,35 m de altura e de 0,80 m de largo. Disporá de sistemas de seguridade para evita-la apertura fortuíta.

Existirán ancoraxes para fixa-la cadeira de rodas e cinturóns de seguridade para o usuario, con tres puntos de ancoraxe como mínimo.

Disporán de rampas (automáticas ou manuais) ou de plataformas elevadoras na porta de acceso da cadeira, para permitir o embarque e desembarque da mesma.

Cando dispoñan de rampas escamoteables cumpriirán coas seguintes especificacións:

-Serán accionadas polo condutor do vehículo.

-Disporán dun dispositivo de retroceso automático se atopan algún obstáculo no seu desprazamento.

-A súa largura será igual á luz libre da porta en que se instale.

-A porta na que que se instale a rampa será na que exteriormente se coloque o símbolo internacional de accesibilidade.

-A súa capacidade de carga será como mínimo de 250 kg.

Cando dispoñan de rampas desmontables cumpriirán coas seguintes especificacións:

-Transportaranse permanentemente no vehículo.

-Se a rampa está constituída por un só elemento a súa largura mínima será de 0,80 m.

-Se a rampa está constituída por dous elementos, o largo mínimo de cada un destes elementos será de 0,25 m e a separación entre eles será de 0,30 m.

-Tódolos elementos terán unha protección lateral de polo menos 5 cm de altura.

-A pendente de utilización non superará o 20%.

-O seu funcionamento será manual e será o condutor do vehículo a persoa encargada de realizalo.

-A súa capacidade de carga será como mínimo de 250 kg.

Os taxis estarán ademais acondicionados para trasladar persoas con mobilidade reducida que ocupan asentos e para iso disporán de:

-Lugar para transportar unha cadeira de rodas de dimensións 0,80×1,10×0,95 m.

-Asideiros en cor contrastada tanto en dintel de portas como en marcos e cunha resistencia mínima de 150 kg.

-Asentos a unha altura comprendida entre 45 e 50 cm, cunha inclinación máxima de 5º e con respaldo inclinado como máximo con relación á asento 100º.

-Se son portas de apertura batente poderán abrirse como mínimo 90º e posuirán un mecanismo de seguridade para impedir a súa apertura ou peche accidental.

Base 7

Disposicións sobre barreiras na comunicación

Con independencia dos requirimentos específicos que sobre a materia se realizan no resto deste código deben cumprirse as seguintes condicións:

7.1. No urbanismo.

A sinalización dos itinerarios peonís, elementos de urbanización e outros elementos urbanos diversos deberá ter un contorno nítido, coloración viva e contrastada co fondo así como letras de tamaño que

permitan fácil lectura á distancia que deben ser lidas.

7.2. Na edificación.

Nos edificios públicos débense complementar unha boa sinalización visual con sinalización auditiva de utilización selectiva.

As instalacións de sistemas de alarma haberán de funcionar de maneira sonora e luminosa para as persoas con discapacidade auditiva. O mesmo nos timbres e teléfonos das vivendas.

7.3. No transporte.

Os autobuses urbanos e metropolitanos, ferrocarril, ou calquera outro medio de transporte urbano de ceremfas de nova adquisición deberán disponer e manter en servicio un sistema de interfonía que informe no seu interior, con antelación, de cada parada.

7.4. Comunicación e información ós usuarios.

As medidas de adaptación débense complementar con servicio de información ós usuarios.

Deberanse publicar guías de accesibilidade referidas ós distintos medios de transporte, equipamento urbano e rural, turismo, etc.

7.5. Cultura, ocio e espectáculos.

As salas de conferencias, aulas e outros locais análogos dispoñen de espacios reservados debidamente sinalados para persoas con discapacidade auditiva nas primeiras filas. O intérprete de LSE situarase enfronte dos devanditos asentos, na zona dos relatores. A sinalización realizarase mediante o símbolo internacional de accesibilidade na comunicación.

ANEXO II

SÍMBOLOS DE ACCESIBILIDADE HOMOLOGADOS

SÍMBOLO INTERNACIONAL DE ACCESIBILIDADE



CORES:
A: Pantone Reflex Blue
B: Branco

SÍMBOLO INTERNACIONAL DE ACCESIBILIDADE NA COMUNICACIÓN



Branco

Pantone Reflex Blue

ANEXO III

TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MINUSVALIDEZ

A. Dimensións.

As dimensións totais da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez serán as seguintes:

Lonxitude: 106 mm. Largura: 148 mm.

B. Cores.

As cores que se van empregar na tarxeta de estacionamento serán as seguintes:

Fondo da tarxeta: cor azul Pantone 298.

Símbolo internacional de accesibilidade: figura de cor branca sobre fondo azul Pantone Reflex Blue.

Letra «E» indicativo do Estado español: cor branca.

Símbolo de 12 estrelas da Unión Europea: cor branca.

Textos: cor negra.

C. Textura.

A tarxeta de estacionamento estará plastificada, con excepción do espacio previsto para a sinatura ou marca autorizada do titular na metade esquerda do reverso.

D. Contidos.

A tarxeta de estacionamento terá un anverso e un reverso, cada un deles dividido verticalmente en dúas metades.

Metade esquerda do anverso.

Nesta parte figurarán:

-O símbolo internacional de accesibilidade.

-O período de validez da tarxeta, con indicación da data de caducidade.

-O número de serie da tarxeta.

-O nome e selo da autoridade ou organización que expide a tarxeta.

-A matrícula do vehículo (opcional) só será obrigatoria cando o titular da tarxeta sexa unha persoa xurídica.

Metade dereita do anverso.

Nesta parte figurarán:

-A inscrición «Tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez» en letras maiúsculas.

-A continuación e suficientemente separada, en maiúsculas ou minúsculas a inscrición «Tarxeta de estacionamento» nas demais linguas oficiais da Unión Europea.

-A inscrición «Modelo das Comunidades Europeas».

-De fondo o indicativo E, correspondente ó Estado español, dentro do círculo de 12 estrelas símbolo da Unión Europea.

Metade esquerda do reverso.

Nesta parte figurarán:

-Unha fotografía do titular.

-Os apellidos do titular.

-O nome do titular.

-A sinatura ou marca autorizada do titular da tarxeta.

Metade dereita do reverso.

Figurarán os textos:

-«Esta tarxeta dá dereito a utilizar-las correspondentes facilidades de estacionamento para minusválidos viaxantes no lugar do país onde se atope o titular».

-«Cando se utilice esta tarxeta deberá colocarse na parte dianteira do vehículo de maneira que unicamente o anverso da tarxeta sexa claramente visible para o seu control».

E. Idioma.

Tódolos textos, agás a tradución a tódalas linguas comunitarias do texto «Tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez» realizaranse na versión bilingüe galego-español.

TARXETA DE ACCESIBILIDADE DE USUARIOS

A. Dimensións.

As dimensións totais da tarxeta de accesibilidade de usuarios serán as seguintes:

Longitude: 80 mm. Largura: 50 mm.

B. Cores.

Fondo da tarxeta: cor azul Pantone 286.

Símbolo internacional de accesibilidade: figura de cor branca sobre fondo azul Pantone Reflex Blue.

Símbolo institucional da Xunta de Galicia: cor azul Pantone Reflex Blue.

Textos: cor negra.

C. Textura.

A tarxeta de accesibilidade de usuarios estará plastificada, con excepción do espacio reservado para a sinatura ou marca autorizada do titular.

D. Contidos.

A tarxeta de accesibilidade de usuarios terá un anverso e un reverso, cada un deles dividido verticalmente en dúas metades.

Metade esquerda do anverso.

Nesta parte figurarán:

-O símbolo internacional de accesibilidade.

-O número de serie da tarneta.

-O período de validez da tarneta, sinalando a data de caducidade.

Metade dereita do anverso.

Nesta parte figurarán:

-A inscrición «Tarneta de accesibilidade de usuarios», en letras maiúsculas.

-O símbolo institucional da Xunta de Galicia.

-O nome e selo da autoridade ou organización que expide a tarneta.

Metade esquerda do reverso.

-Unha fotografía do titular da tarneta.

-O nome do titular.

-Os apellidos do titular.

-A sinatura ou marca autorizada do titular da tarneta.

Metade dereita do reverso.

O texto «Esta tarneta dá dereito a utilizar-las correspondentes facilidades para minusválidos nos transportes públicos vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia», en letras maiúsculas ou minúsculas.

E. Idioma.

Tódolos textos se realizarán en lingua galega.



– 3 –

DECRETO 29/2010, DO 4 DE MARZO, POLO QUE QUE SE APROBAN AS NORMAS DE HABITABILIDADE DE GALICIA.-

http://www.xunta.es/Dog/Dog2010.nsf/FichaContenido/C35E?OpenDocument

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

O Decreto 262/2007, do 20 de decembro, polo que se aprobaron as normas do hábitat galego, pretendía establecer unhas condicións de habitabilidade das vivendas acordes coa evolución da sociedade actual.

Porén, a experiencia dos últimos anos demostra que a súa aplicación práctica supuxo unha serie de problemas e atrancos que aconsellan a reelaboración do dito decreto.

É competencia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas establecer as condicións mínimas que deben cumprir as vivendas para seren consideradas habitables. A Comunidade Autónoma de Galicia, no ano 1989, elaborou por primeira vez uns estándares mínimos de habitabilidade que debían cumprir as vivendas. Estes estándares foron recollidos mediante a aprobación do Decreto 240/1989 no cal se suprimía a obrigatoriedade de obter a cédula de habitabilidade e se establecían as condicións mínimas de habitabilidade que debían reunir as vivendas no ámbito da comunidade autónoma.

O obxectivo da regulamentación en materia de habitabilidade de vivenda é dar resposta a estas exixencias así como ás novas demandas da sociedade e garantir, asemade, que se satisfaga o dereito constitucional que todo cidadán ten a habitar nunha vivenda digna. De feito, as axeitadas condicións das vivendas inciden de forma significativa na calidade de vida dos cidadáns.

Os estándares mínimos que configuran o liminar de habitabilidade deben establecerse atendendo á evolución da sociedade que demanda uns novos modos de habitar as vivendas máis acordes co tempo actual. Estes estándares favorecerán a flexibilidade na configuración das vivendas de xeito que posibiliten a súa variación ao longo da vida útil das vivendas, permitindo dar resposta ás cambiantes necesidades dos seus moradores.

Por outra banda, non se debe esquecer a elevada porcentaxe sobre os recursos de que dispoñen os cidadáns que deben ser destinados á adquisición ou aluguer da súa vivenda. Por estes motivos a lexislación debe buscar un equilibrio entre os limitados recursos e os requisitos que deben cumprir as vivendas. A nova normativa de habitabilidade tenta chegar a este compromiso e por iso se atemperan os estándares de superficies mínimas establecido pola anterior regulamentación.

Aínda que nas vivendas resultan desexables superficies o máis folgadas posible, a normativa debe establecer os requisitos mínimos de habitabilidade das vivendas evitando impor unhas exixencias que excedan as necesidades reais dos futuros ocupantes das vivendas, xa que son estes quen, ao fin e ao cabo, deberán afrontar o custo final do seu sobredimensionamento.

O axuste dos estándares dimensionais mínimos que esta normativa recolle intenta tamén compatibilizalos coas limitacións de superficies máximas establecidas a nivel estatal pola regulamentación de vivendas protexidas, permitindo a flexibilidade precisa para cubrir as necesidades dos cidadáns no relativo a número de dormitorios e características destes.

Sendo conscientes da gran cantidade de nova normativa que nestes últimos tempos foi xurdindo en relación co eido da construción de vivendas, este decreto pretende limitarse estritamente á regulación das exixencias mínimas de habitabilidade, acoutando o seu campo de competencia, e deixando para a normativa sectorial a regulamentación de asuntos que, ben que se consideran de extraordinaria importancia, atópanse fóra do ámbito que unha normativa de habitabilidade de vivendas debe regular. Tal é o caso das exixencias construtivas, reciclaxe de augas residuais, aforro enerxético, protección fronte ás posibles emanacións de gas radon, etc.

Estas cuestións debe regulalas, coa profundidade requirida, a súa propia normativa técnica, existente ou futura, que terá que dar a oportuna resposta aos novos requirimentos en función das posibilidades que a innovación técnica ofreza.

Mención especial merece o tema da relación da normativa de habitabilidade coa lexislación urbanística. Este foi un dos aspectos da normativa anterior que resultou máis cuestionado pola sociedade galega. O proceso de construción das vivendas non se inicia cando se redacta o proxecto dos edificios, senón que comeza xa desde o momento en que se deseña a cidade mediante a redacción do planeamento que establece a súa ordenación detallada. A normativa de habitabilidade non pode establecer determinacións que impidan o desenvolvemento real da ordenación deseñada e aprobada mediante os oportunos instrumentos de planeamento. Por estes motivos elimínanse nesta normativa todos aqueles aspectos que puideran facer inviable a materialización das determinacións establecidas no planeamento urbanístico axeitadamente aprobado.

Por outra banda, é o planeamento urbanístico o que debe establecer, tras a minuciosa análise do territorio e a avaliación das distintas alternativas de ordenación, as condicións dos espazos exteriores en que se inserirán as edificacións residenciais. Polo tanto, correspóndelle ao planeamento urbanístico que estableza a ordenación detallada da área que se

vai desenvolver, definir as condicións en que as vivendas deben abrirse aos ditos espazos.

Por estes motivos, esta normativa remítese ao dito planeamento, vixente ou o que vaia ser aprobado no futuro, para regular as condicións de vivenda exterior.

É necesario que a normativa urbanística estableza, para os novos planeamentos que deseñen a ordenación detallada das edificacións que se vaian construír, unhas exixencias que garantan a apertura das estancias das vivendas a espazos exteriores, públicos ou privados, de calidade. As dimensións dos ditos espazos e a separación entre edificacións deberán ser consonte coas alturas e configuración dos edificios que os conforman. Así mesmo, correspóndelle ao planeamento urbanístico, en función das características do territorio sobre o que se proxecta a nova ordenación, determinar as condicións de asollamento que deben ter as edificacións con uso residencial.

Elimínanse desta normativa todas as exixencias relativas á composición arquitectónica e regulamentación de voos que non inciden na habitabilidade das vivendas e cuxa regulación lle corresponde tamén ao planeamento urbanístico.

Resulta evidente que a importancia da rehabilitación de vivendas non fará senón aumentar nos vindeiros anos. Por estes motivos, as administracións públicas deben potenciala e favorecela, non só polo valor que ten como instrumento de preservación do noso rico patrimonio edificado senón tamén por constituír un elemento esencial nas estratexias de sustentabilidade, xa que implica a recuperación e posta en valor dos recursos existentes.

A normativa de habitabilidade non pode entrar en conflito coa conservación do patrimonio nin debe establecer procedementos de control que dificulten ou paralicen os procesos de rehabilitación incrementando os atrancos burocráticos no sempre complicado proceso de obter unha licenza para actuacións que interveñan sobre o patrimonio construído.

Por estes motivos, no campo da rehabilitación de vivendas, flexibilízanse as condicións para compatibilizar os requirimentos de habitabilidade de vivendas cos de protección do patrimonio.

Este decreto reduce as exixencias normativas naqueles aspectos en que a protección do patrimonio debe prevalecer e que anteriormente suponían a exixencia de recorrer a un complicado e longo proceso de autorización que en moitas ocasións desalentaba os promoteres das ditas actuacións, afastándoos da súa intención orixinal de rehabilitar.

Simplifícase tamén o proceso de autorización das excepcións ao cumprimento de determinados aspectos da normativa, potenciando o papel dos concellos para racionalizar e simplificar o procedemento para a obtención das licenzas, garantindo asemade o cumprimento desta normativa.

Para coordinar os criterios sobre excepcionalidade do cumprimento da normativa por parte do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) arbítranse dous procedementos:

O primeiro, no caso de actuacións de rehabilitación en conxuntos históricos ou núcleos rurais, permite aos concellos propor á consellería un documento que estableza excepcións ao cumprimento da normativa de habitabilidade atendendo ás características específicas do conxunto histórico ou núcleo en cuestión. Non se exixe, como se facía na anterior normativa, a elaboración dunha ficha individualizada por edificios que, na práctica, facía inviable a tramitación dun documento similar sen redactar un Plan especial. Esta exixencia da anterior normativa determinou que, desde a súa aprobación, non se tramitara ningún anexo de habitabilidade aos plans especiais en todo o ámbito da Comunidade Autónoma galega.

O segundo procedemento consiste en establecer os mecanismos de supervisión e control das actuacións de excepcionalidade por parte do Instituto Galego da Vivenda e Solo, que implican a posibilidade de que o dito organismo, logo de oír o Comité Asesor de Habitabilidade, poida elaborar e difundir, con carácter orientativo, propostas ao respecto dos criterios que hai que seguir sobre a normativa de habitabilidade de aplicación nos trámites de excepcionalidade que tramiten os concellos. Para garantir a correcta e homoxénea aplicación dos ditos criterios no ámbito da comunidade, os concellos deberán remitir periodicamente ao IGVS os informes xustificativos das excepcións ao cumprimento da normativa de habitabilidade aprobadas por eles.

Por outra banda, redúcense as exixencias normativas en actuacións de rehabilitación de escasa entidade, evitando que o particular teña que escoller entre proceder á redistribución total das vivendas ou descartar a rehabilitación. Nestes casos, só se exixe que as reformas previstas non deturpen as condicións de habitabilidade da vivenda preexistente.

Finalmente, á vista dos problemas de inseguridade xurídica xerados na aplicación práctica da anterior normativa, este decreto procura unha maior claridade na súa interpretación técnica. Isto redundará nunha maior eficacia na xestión administrativa dos proxectos e nunha maior seguridade xurídica para todos os axentes que intervefien no proceso construtivo. Con este obxectivo, nesta normativa aclárannse os conceptos, precísanse as definicións e establécense tolerancias dimensionais que permitan o cumprimento normativo da obra executada incorporando as variacións que poidan xurdir durante o proceso construtivo.

En virtude do anterior, por proposta do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, oído

o Consello Consultivo de Galicia e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día catro de marzo de dous mil dez,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º.-*Obxecto.*

1. Este decreto ten por obxecto establecer as condicións de habitabilidade aplicables ás vivendas en edificacións de nova construción, así como regular os requisitos que deben cumprir as obras de rehabilitación ou obras de ampliación de edificacións existentes, co fin de que as vivendas obxecto das ditas obras alcancen unhas condicións mínimas de habitabilidade.

Nos casos previstos no punto anterior enténdese por condicións de habitabilidade os requisitos funcionais que deben reunir as edificacións para que poidan ser destinadas ao uso de vivenda.

2. Este decreto incorpora no seu anexo I as normas de habitabilidade de vivendas (NHV-2010) que se aproban mediante esta disposición.

Artigo 2º.-*Ámbito de aplicación.*

Todas as vivendas de nova construción, así como as que sexan obxecto ou resultado de obras de ampliación ou rehabilitación no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia deberán cumprir as determinacións recollidas neste decreto.

Artigo 3º.-*Definicións.*

Para os efectos do previsto neste decreto, establécense as seguintes definicións :

A) Vivenda exterior: é aquela vivenda que cumpre as determinacións do planeamento ou, no seu defecto, deste decreto no que respecta ás condicións que deben reunir os espazos exteriores a través dos cales ventilen e iluminen determinadas estancias das vivendas.

B) Edificacións de nova construción: son aquelas edificacións que se constrúan en soares baleiros. Non serán consideradas edificacións de nova construción aquelas construcións levantadas sobre un soar no cal existía unha edificación cuxa fachada se conserva, aínda que se produza o baleirado da edificación orixinal.

C) Actuacións de innovación tipolóxica e construtiva: para os efectos deste decreto, considerarase actuacións de innovación tipolóxica e construtiva aquelas actuacións que teñan por obxecto a construción de vivendas novas que, polas especiais características dos seus futuros usuarios, requiran unha resposta alternativa aos modelos tradicionais de utilización das vivendas e/ou prevexan a utilización de materiais e solucións construtivas innovadoras, diferentes dos sistemas habitualmente empregados na construción de edificios ou vivendas.

D) Soar residual: enténdese por soar residual aquel soar que cumpre as dúas condicións seguintes:

1. Resulta imposible incrementar a súa superficie mediante a agregación das parcelas contiguas por alguna das seguintes causas:

a) Non o permite a lexislación sectorial, de protección de patrimonio ou urbanística.

b) As parcelas contiguas están xa edificadas.

2. A súa superficie ou dimensións non permiten o cumprimento íntegro das determinacións destas normas dunha forma razoable como consecuencia:

a) De que a configuración do soar non permite a condición de vivenda exterior, xa que é imposible que a estancia maior e outra estancia vivideira dean á fachada ou a espazo exterior.

b) De que a superficie edificable do soar, descontando a superficie das escaleiras e elementos comúns do edificio, non permite a construción dunha vivenda por planta de superficie útil maior ou igual a 50 m².

CAPÍTULO II

COORDINACIÓN CO PLANEAMENTO

Artigo 4º.-*Coordinación co planeamento.*

1. Para os efectos previstos no artigo 48.1º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os instrumentos de ordenación urbanística conterán unha memoria xustificativa da súa adecuación a estas normas.

2. O planeamento que determine a nova ordenación detallada de solos nos cales se prevexa o uso residencial deberá establecer as condicións que deben cumprir as vivendas para ter a condición de vivenda exterior, e adoptar as medidas necesarias para garantir o axeitado asollamento das vivendas.

Nestes solos, para que unha vivenda teña a condición de vivenda exterior, deberá garantirse que determinadas estancias das vivendas teñen iluminación e ventilación directa a través de espazos exteriores de calidade, públicos ou privados, que deberán ser recollidos como tales no planeamento. O planeamento deberá establecer as características e dimensións destes espazos e deberase xustificar como mínimo:

a) Que a configuración e dimensións do espazo garde unha axeitada relación coa altura das edificacións que o conforman.

b) Que se respecten unhas distancias mínimas de luces rectas, que establecerá o planeamento, en función das alturas das edificacións enfrontadas.

c) Que se garanta a continuidade espacial e de deseño dos ditos espazos aínda que o seu desenvolvemento sexa realizado por propietarios diferentes.

d) Que as dimensións destes espazos non resulten inferiores ás exixibles segundo o punto I.A.1.1 do anexo I a este decreto para os solos sen planeamento.

Polo menos a estancia maior e outra estancia, cando a vivenda conte con máis de unha, deberán ter iluminación e ventilación directa a través dos citados espazos exteriores de calidade. O planeamento poderá establecer a posibilidade de que o resto das estancias das vivendas, ou alguna delas, poida ter iluminación e ventilación a través de patios de parcela cuxas características e dimensións virán reguladas no planeamento e que, como mínimo, deberán respectar as determinacións establecidas no anexo I deste decreto para os patios de parcela.

Correspóndelle á consellería competente en materia de urbanismo establecer os mecanismos de control precisos para garantir o cumprimento das anteriores determinacións e avaliar a idoneidade dos espazos mencionados para servir de iluminación e ventilación ás estancias das vivendas.

Unha vez aprobado o planeamento, calquera vivenda que cumpra as súas determinacións terá a condición de vivenda exterior para os efectos do disposto no punto I.A.1 das normas NHV-2010.

3. En solos con planeamento que prevexa a ordenación detallada aprobado con anterioridade á entrada en vigor destas normas, as condicións de vivenda exterior serán as reguladas polo dito planeamento de acordo co disposto no punto I.A.1 das normas NHV-2010.

Nestes solos, a modificación do planeamento que implique a variación da ordenación detallada suporá a necesidade de establecer as condicións de vivenda exterior de acordo co disposto no punto 2 deste artigo. As ditas condicións poderán, se así se considera oportuno, coincidir coas establecidas no planeamento que se modifica.

Artigo 5º.-*Verificación do seu cumprimento.*

1. Os proxectistas, de acordo co artigo 6.1º.4 do Real decreto 314/2006, polo que se aproba o Código técnico da edificación, deberán incorporar na memoria dos seus proxectos unha memoria específica sobre o cumprimento das normas reguladas neste decreto.

2. Os concellos verificarán que os proxectos para os que se solicita licenza cumpren con esta normativa.

Artigo 6º.-*Comité Asesor de Habitabilidade.*

1. O Comité Asesor de Habitabilidade, creado polo Decreto 262/2007 e desenvolvido polas ordes do 7 de abril e do 27 de xuño de 2008 da Consellería de Vivenda e Solo, é un órgano consultivo adscrito á consellería con competencias en materia de vivenda, para os asuntos referentes á habitabilidade das vivendas no ámbito da comunidade autónoma.

2. En canto á súa composición, estará integrado polos seguintes membros, con voz e voto:

a) Presidente/a.

b) Vicepresidente/a.

c) Vogais.

Con voz pero sen voto:

d) Secretario/a.

A súa composición axustarase ao principio de distribución equilibrada por sexos, procurando unha representación proporcionada entre homes e mulleres.

3. Exercerá con carácter xeral as seguintes funcións:

a) Emitir informes, ditames e calquera outro tipo de pronunciamento, por requirimento da consellería con competencias en materia de vivenda, nas materias de habitabilidade.

b) Emitir informe sobre os criterios de interpretación das normas de habitabilidade, cando sexa solicitado polo IGVS.

c) Emitir informe sobre a procedencia de exceptuar o cumprimento da normativa de habitabilidade nas actuacións de innovación tipolóxica e construtiva.

Capítulo III

Normas de habitabilidade para vivendas en edificacións de nova construción

Artigo 7º.-*Vivendas en edificacións de nova construción.*

1. As vivendas que se constrúan en edificacións de nova planta, situadas en calquera clase de solo, deberán alcanzar as condicións axeitadas de habitabilidade e contar cun roche como elemento anexo a elas.

Enténdese que as vivendas alcanzan as condicións axeitadas de habitabilidade cando estas, os seus anexos e a edificación de que forman parte, cumpren coas determinacións establecidas no anexo I deste decreto (normas NHV-2010) ou coas determinacións do anexo de habitabilidade aos plans especiais a que se fai referencia no capítulo VI cando o solar estea situado nun ámbito de planeamento con anexo de habitabilidade aprobado de acordo co devandito capítulo.

2. Non obstante o indicado no parágrafo anterior, para as vivendas proxectadas en soares residuais definidos no artigo 3º poderá solicitarse a excepción ao cumprimento das determinacións establecidas no anexo I de acordo cos criterios e respectando os límites establecidos no anexo II deste decreto.

Así mesmo, poderá solicitarse, seguindo o trámite establecido no capítulo V, a non aplicación do punto I.B.5 das NHV-2010 relativo a garaxes colectivos, cando as condicións do soar fagan inviable a aplicación das súas determinacións.

CAPÍTULO IV

NORMAS DE HABITABILIDADE PARA VIVENDAS OBXECTO DE ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN OU AMPLIACIÓN EN EDIFICACIÓNS E VIVENDAS EXISTENTES

Artigo 8º.-*Actuacións en edificios existentes.*

Para os efectos deste decreto, e co obxecto de determinar a aplicación das normas NHV-2010 ás actuacións previstas neste capítulo, establécense os seguintes tipos de actuacións en edificios existentes:

A. Obras de rehabilitación, que poden ser:

A.1. Obras de adecuación estrutural: son as obras que teñen por obxecto proporcionar ao edificio seguridade construtiva garantindo a súa estabilidade e resistencia mecánica.

A.2. Obras de adecuación funcional de edificio: son as obras que afectan os elementos comúns da edificación e que teñen por obxecto proporcionar ao edificio mellores condicións no relativo aos requisitos básicos do Código técnico da edificación ou mellorar as súas condicións de accesibilidade e que non esteian incluídas en ningún dos outros puntos deste artigo.

A.3. Obras de adecuación funcional de vivenda: son obras realizadas no interior dunha vivenda existente que teñen por obxecto proporcionar a esta mellores condicións no relativo aos requisitos básicos do Código técnico da edificación sen alterar a súa distribución interior.

O incremento do largo dos tabiques para mellorar as condicións de habitabilidade das vivendas desde o punto de vista de protección contra a humidade, illamento térmico ou illamento acústico non se considerará que altera a distribución das vivendas existentes.

Tampouco se considerará variación da distribución das vivendas a apertura de ocos nos seus tabiques, a supresión dalgún dos existentes nin a substitución da cuberta da edificación.

A.4. Obras de remodelación de edificio: son aquelas obras que teñen por obxecto alcanzar algún dos seguintes resultados:

A.4.1. Variar os límites das vivendas existentes dentro dos límites da edificación orixinal. Exclúense deste punto as actuacións de ampliación de vivendas definidas no punto B.2 deste artigo.

A.4.2. Variación do número de vivendas existentes dentro dos límites da edificación orixinal.

A.4.3. Execución de baleirados que impliquen a eliminación ou substitución, total ou parcial, da estrutura do chan que afecte dúas ou máis vivendas. As obras terán esta consideración, aínda que o proxecto recolla a reconstrución dos tabiques delimitadores das vivendas na mesma posición orixinal.

A.4.4. Creación de novas vivendas adecuando ao uso de vivenda espazos existentes na edificación orixinal que anteriormente non tiñan ese uso.

A.5. Obras de remodelación de vivenda: son aquelas que, realizadas dentro dos límites da vivenda orixinal, teñen por obxecto a variación da distribución interior desta para adecuala ás necesidades dos usuarios, mellorar as condicións relativas aos requisitos básicos do Código técnico da edificación ou mellorar as súas condicións de accesibilidade.

B. Obras de ampliación, que poden ser de dous tipos:

B.1. Obras de ampliación de edificio: son obras que incrementan a superficie construída do edificio fóra do seu volume orixinal.

B.2. Obras de ampliación de vivenda: son obras que incrementan a superficie útil dunha vivenda existente mediante a incorporación á vivenda de espazos existentes dentro dos límites da edificación orixinal e que anteriormente non tiñan o uso de vivenda.

Artigo 9º.-*Condicións xerais aplicables ás actuacións de rehabilitación e ampliación de edificios e vivendas existentes.*

1. As obras de rehabilitación ou ampliación de edificios e vivendas existentes deberán cumprir, nos termos establecidos nos artigos seguintes deste capítulo, coas determinacións das normas NVH-2010 deste decreto ou coas determinacións do anexo de habitabilidade ao Plan especial a que se fai referencia no capítulo VI se o edificio está situado nun ámbito de planeamento con anexo de habitabilidade aprobado de acordo co devandito capítulo.

2. En calquera caso, nas actuacións reguladas neste capítulo, non será exixible:

a) O cumprimento daquelas determinacións do anexo I a este decreto (normas NHV-2010) que resulten incompatibles co cumprimento das determinacións da normativa de protección do patrimonio.

b) As condicións establecidas no punto I.B. do anexo I a este decreto (normas NHV-2010) cando a edificación en cuestión estea incluída en áreas reguladas por instrumentos urbanísticos de protección, incluídos catálogos, que regulen os ditos aspectos.

3. Para poder acollerse, segundo o indicado nos distintos artigos deste capítulo, ao trámite de excepción regulado no capítulo V, será preciso xustificar a imposibilidade do cumprimento estrito de todas as determinacións aplicables segundo o tipo de actuación de que se trate.

Artigo 10º.-*Obras de adecuación estrutural.*

Ás obras de adecuación estrutural non lles será exixible o cumprimento das normas NHV-2010.

Artigo 11º.-*Obras de adecuación funcional de edificios.*

1. Ás obras de adecuación funcional do edificio non lles será exixible o cumprimento das normas NHV-2010, agás que alteren substancialmente a distribución dos elementos comúns do edificio. Neste caso serán de aplicación exclusivamente á parte do edificio afectado polas obras.

2. Enténdese que as obras alteran substancialmente a distribución dos elementos comúns do edificio cando:

a) Se varíe a posición da escaleira.

b) Se varíen as dimensións e características dos patios que serven de iluminación e ventilación ás estancias das vivendas.

c) Se instale un novo ascensor, se elimine un existente ou se modifique a súa posición no edificio.

Artigo 12º.-*Obras de adecuación funcional de vivendas.*

Ás obras de adecuación funcional de vivendas non lles será exixible o cumprimento das normas NHV-2010.

Artigo 13º.-*Obras de remodelación de edificios.*

1. As obras de remodelación de edificios deberán cumprir coas determinacións das NHV-2010 ou coas do anexo de habitabilidade aprobado de acordo co trámite regulado no capítulo VI.

2. Esta exixencia queda limitada ás vivendas obxecto das obras. Tamén será de aplicación aos elementos comúns do edificio nos casos en que se altere substancialmente a distribución dos elementos comúns do edificio segundo o disposto no artigo 11º punto 2.

3. Cando o edificio careza de ascensor, será preciso instalar un que dea acceso ás plantas situadas por encima da terceira planta desde o nivel de acceso ao edificio sempre que se incremente o número de vivendas existentes con acceso nas ditas plantas.

4. Xustificadamente poderá solicitarse a non aplicación dalgunhas das determinacións das NHV-2010 ou do anexo de habitabilidade ao Plan especial seguindo o procedemento de excepcionalidade establecido no capítulo V, de acordo coa regulación dos criterios e cos límites establecidos no anexo II deste decreto.

Artigo 14º.-*Obras de remodelación de vivendas.*

1. Nas obras de remodelación de vivenda, cando a rehabilitación proxectada da vivenda non incremente o número de estancias existentes nela, non será exixible o cumprimento das normas de habitabilidade (NHV-2010) recollidas no anexo I a este decreto, cando se cumpra que:

A) A vivenda conte cun espazo reservado para cociñar no que exista a posibilidade de instalar unha cociña, frigorífico, mesado de 1,20 m × 0,60 cm, e conte coa instalación dun vertedoiro e a preinstalación precisa para conectar directamente un aparello para lavar roupa.

B) A vivenda conte cunha cámara sanitaria pechada e independente do resto das dependencias da vivenda en que exista, polo menos un lavabo, un inodoro e unha ducha ou bañeira.

C) A vivenda cumpra coa seguintes puntos do anexo I deste decreto:

C.1. Punto I.A.1.1. Condicións de vivenda exterior.

C.2. Punto I.A.1.2. Asollamento, luz natural e relación co exterior.

C.3. Punto I.A.2.1. Condicións de acceso e indivisibilidade das vivendas.

C.4. Punto I.A.2.4.1. Alturas libres mínimas.

C.5. Punto I.A.4. Dotación mínima de instalación da vivenda.

C.6. Punto I.A.5. Salubridade.

2. Cando as obras de remodelación impliquen o incremento do número de estancias existentes, a vivenda deberá cumprir coas determinacións do punto I.A. das normas NHV-2010 ou coas determinacións do anexo de habitabilidade a que se fai referencia no capítulo VI no caso de que o edificio se atope nun ámbito de planeamento con anexo de habitabilidade aprobado de acordo co disposto no devandito artigo.

3. Non obstante o dito anteriormente, nos casos en que se xustifique a imposibilidade do cumprimento estrito das determinacións das normas NHV-2010 ou do anexo de habitabilidade ao Plan especial, poderá solicitarse a non aplicación dalgunhas das determinacións antes indicadas seguindo o procedemento de excepcionalidade establecido no capítulo V de acordo coa criterios e respectando os límites establecidos no anexo II deste decreto.

Artigo 15º.-*Obras de ampliación de edificios ou vivendas.*

1. Nas obras de ampliación de edificios e nas obras de ampliación de vivendas será preciso cumprir coas determinacións das NHV-2010 ou dos anexos de habitabilidade a que se fai referencia no capítulo VI, exclusivamente na parte ampliada do edificio ou da vivenda.

2. Nas obras de ampliación de edificios, será preciso instalar un ascensor no edificio cando este careza del, se creen novas vivendas e a porta de acceso a estas estea situada por encima da terceira planta desde o nivel de acceso do edificio.

CAPÍTULO V
TRÁMITE DE EXCEPCIÓN

Artigo 16º.-*Excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas neste decreto.*

1. Os promotores das actuacións de rehabilitación ou de ampliación de edificios ou vivendas existentes, construídos ao abeiro da normativa de habitabilidade anterior a este decreto, poderán solicitar a través dos concellos a excepción do cumprimento das condicións de habitabilidade establecidas nel se, como consecuencia da configuración física da edificación ou de singulares determinacións do planeamento, resultase imposible o cumprimento íntegro das determinacións destas normas.

As determinacións da normativa de habitabilidade que poden ser excepcionadas de cumprimento e os límites e condicións para autorizar a dita excepción recóllense no anexo II a este decreto.

2. A súa tramitación ante o concello iniciarase coa presentación da solicitude por parte do promotor da actuación. A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación mínima:

a) Anteproxecto, proxecto básico ou proxecto básico e de execución elaborado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente que recolla o estado actual da edificación, ou o plano do soar nos casos a que fai referencia o artigo 7º e por proposta de intervención.

b) Memoria elaborada polo autor do proxecto en que se recolla a relación detallada das determinacións destas normas que se incumpren nel e a xustificación dos motivos que imposibilitan ou aconsellan o seu incumprimento.

3. O procedemento axustarase ás normas xerais da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. O concello resolverá e notificará no prazo máximo de seis meses sobre a autorización da excepcionalidade á vista do informe elaborado polo técnico municipal competente. A resolución deberá estar convenientemente motivada e nela deberán indicarse expresamente as condicións das NHV-2010 cuxo cumprimento se exceptúa e aquelloutras para as que, figurando na solicitude achegada, non se considera xustificado autorizar a excepcionalidade ao seu cumprimento. Ante a falta de resolución expresa transcorridos seis meses desde a solicitude, os interesados poderán entender estimadas por silencio administrativo as súas solicitudes, de acordo co disposto no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 17º.-*Propostas de criterios que se deben seguir elaboradas polo IGVS.*

1. Para garantir o labor de coordinación de criterios e a correcta e uniforme aplicación destes polas entidades locais, o IGVS poderá, oído o Comité Asesor de Habitabilidade, elaborar e difundir, con carácter orientativo, propostas ao respecto dos criterios que se deben seguir á hora de resolver as solicitudes de excepción no cumprimento destas normas.

2. Para os mesmos efectos do punto anterior, os concellos deberán remitir semestralmente á Dirección Xeral do IGVS a relación de expedientes de excepcionalidade tramitadas, que incluirá:

a) A solicitude de excepcionalidade xunto coa documentación que a acompaña.

b) A resolución emitida polo concello.

O IGVS poderá reclamar dos concellos e con relación aos anteditos expedientes, a documentación complementaria que considere oportuna.

Artigo 18º.-*Actuacións promovidas directamente pola Xunta de Galicia ou os seus organismos.*

Cando a actuación sexa promovida por alguna consellería da Xunta de Galicia, polo Instituto Galego da Vivenda e Solo ou por calquera outro organismo da comunidade autónoma, a solicitude de excepción será tramitada ante o propio IGVS, quen resolverá sobre a autorización de excepcionalidade á vista do informe elaborado polos seus servizos técnicos, sen prexuízo da necesidade de obter a preceptiva licenza municipal emitida polo concello correspondente.

CAPÍTULO VI
PLANS ESPECIAIS DE PROTECCIÓN

Artigo 19º.-*A habitabilidade e os plans especiais de protección.*

1. Naquelas áreas do ámbito urbano ou rural en que se estableza algún grao de protección para as edificacións de vivendas incluídas nelas, os concellos poderán redactar un documento complementario aos plans especiais de protección denominado anexo de habitabilidade cando se considere que o cumprimento estrito das normas establecidas neste decreto entra en contradición coa preservación dos valores que xustificaron o establecemento da dita protección.

2. A aprobación dos anexos de habitabilidade necesitará do informe sectorial do Instituto Galego da Vivenda e Solo sobre os requisitos básicos de habitabilidade. O informe deberá ser emitido no prazo dun mes desde a súa petición. Transcorrido este prazo sen emitirse poderá continuarse o procedemento de aprobación do plan ou do anexo de habitabilidade.

3. O cumprimento das determinacións recollidas no citado anexo de habitabilidade suporá que se cumpren as condicións mínimas de habitabilidade para a obtención da licenza de obra, sen que sexa preciso cumprir coas determinacións indicadas neste decreto.

4. Poderá excepcionarse o cumprimento das determinacións dos correspondentes anexos de habitabilidade seguindo o procedemento recollido no capítulo V, nos mesmos casos e condicións nos que se prevexa a posibilidade de excepción do cumprimento das normas NHV-2010 recollidas no anexo I a este decreto.

5. Cando o anexo de habitabilidade se tramite independentemente do Plan especial de protección, seguirá a tramitación prevista no artigo 86.2º da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, coa particularidade de que, logo da aprobación definitiva do órgano municipal correspondente, requirirase o informe sectorial do Instituto Galego da Vivenda e Solo sobre os requisitos básicos de habitabilidade. O informe deberá ser emitido no prazo dun mes desde a súa petición. Transcorrido este prazo sen emitirse poderá continuarse o procedemento de aprobación do anexo de habitabilidade.

6. No citado anexo de habitabilidade deberá determinarse o limiar mínimo de habitabilidade (LMH) requirido para que as vivendas e edificios alcancen as condicións mínimas de habitabilidade. En calquera caso, deberá:

a) Establecer as condicións que deben reunir as vivendas para ter a consideración de vivenda exterior.

b) Recoller os espazos, públicos ou privados, que se consideran espazos exteriores e polo tanto susceptibles de ser utilizados para a iluminación e ventilación das estancias para efectos de garantir as condicións de vivenda exterior.

c) Determinar as dimensións mínimas, existentes ou futuras, dos patios interiores.

d) Establecer os estándares mínimos de accesibilidade das edificacións.

e) Establecer as condicións mínimas de habitabilidade das vivendas no ámbito do plan especial.

7. As determinacións dos anexos de habitabilidade poderán establecerse de forma comunta para todo o ámbito do Plan especial ou de xeito pormenorizado por zonas deste, cuarteiróns ou edificios.

8. Os citados anexos de habitabilidade deberán contar cunha memoria en que se xustifiquen as súas determinacións e a conveniencia de variar os estándares de habitabilidade establecidos neste decreto.

Capítulo VII
Innovación tipológica e construtiva

Artigo 20º.-*Actuacións de innovación tipológica e construtiva.*

1. Para permitir a aparición de novas solucións innovadoras dirixidas a determinados colectivos específicos e/ou novos programas funcionais, así como potenciar a creatividade arquitectónica e a investigación que dea lugar a vivendas experimentais dun alto grao de creatividade, establécese un trámite especial para as promocións de vivendas que prevexan solucións de innovación tipológica e construtiva, no campo tanto da obra nova como da rehabilitación.

2. Cando unha actuación teña entre os seus obxectivos algunha das premisas indicadas no punto anterior, as persoas promotoras, tanto públicas como privadas, poderán solicitar a aplicación dun procedemento especial de innovación tipológica e construtiva que suporá a non aplicación íntegra destas normas de habitabilidade de vivendas.

3. O procedemento iniciarase coa presentación dunha solicitude, de acordo co anexo III a este decreto, dirixida á Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo. Na solicitude incluirase unha memoria que recollerá como mínimo:

a) Unha descrición das características da promoción correspondente, que deberá incluír os planos de situación e as condicións da normativa urbanística de aplicación.

b) A xustificación dos motivos que levan a adoptar o procedemento especial para a consecución dos obxectivos indicados no número 1 e a referencia ás medidas que se deben adoptar para garantir o cumprimento dos ditos obxectivos.

c) A referencia ás determinacións destas normas que se propón eximir de cumprimento con indicación dos motivos polos que se considera xustificado conceder a dita exención.

Unha vez analizada a dita solicitude, o director xeral do IGVS resolverá sobre a procedencia de tramitar o expediente no procedemento especial regulado neste capítulo.

Unha vez recibida a resolución de aceptación do trámite especial, o promotor disporá dun prazo de 6 meses para presentar no IGVS o proxecto básico das vivendas.

Tras analizar o proxecto, o Comité Asesor de Habitabilidade emitirá un informe relativo á procedencia de exceptuar o cumprimento da normativa de habitabilidade.

Á vista do informe do Comité Asesor de Habitabilidade, o director xeral do IGVS ditará a resolución correspondente sobre a autorización da excepción do cumprimento da normativa de habitabilidade.

Disposicións transitorias

Primeira.-Estas normas non serán de aplicación obrigada aos proxectos visados de acordo coa normativa anterior e para os que se solicite licenza nun prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor deste decreto. Os ditos proxectos seguirán rexéndose polo establecido na normativa de habitabilidade

anterior, agás que o promotor da actuación solicite a aplicación destas normas.

Segunda.-As modificacións que se realicen durante a fase de construción en proxectos con licenza válida obtida con anterioridade á entrada en vigor destas normas rexeranse pola normativa de habitabilidade aplicable ao proxecto no momento de obter a licenza.

Terceira.-No caso daquelas actuacións de construción de vivendas ou edificios de vivendas con licenza outorgada con anterioridade á entrada en vigor destas normas cuxa licenza foi anulada como consecuencia dunha resolución xudicial, e cando a devandita actuación poida ser actualmente legalizable desde o punto de vista urbanístico, as ditas construcións rexeranse pola normativa de habitabilidade que era aplicable ao proxecto no momento en que se solicitou a licenza anulada.

Disposición derrogatoria

Queda derrogado o Decreto 262/2007, do 20 de decembro, polo que se aprovan as normas do hábitat galego, así como todas aquelas disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido neste decreto, sen prexuízo do previsto nas disposicións transitorias deste decreto.

Disposicións derradeiras

Primeira.-O conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no marco das súas competencias, poderá ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste decreto.

Segunda.-O Instituto Galego da Vivenda e Solo poderá, de acordo coa lexislación vixente, adoptar as medidas oportunas para promover o coñecemento e aplicación desta normativa.

Terceira.-Este decreto entrará en vigor transcorrido un mes desde a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, catro de marzo de dous mil dez.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Agustín Hernández Fernández de Rojas
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio
e Infraestruturas

ANEXO I

Normas de habitabilidade de vivendas NHV-2010

I. Condicións de habitabilidade das vivendas.

I.A. Vivenda.

I.A.1. Condicións de deseño, calidade e sustentabilidade.

I.A.1.1. Condicións de vivenda exterior.

I.A.1.2. Iluminación, ventilación natural e relación co exterior.

I.A.2. Condicións especiais.

I.A.2.1. Condicións de acceso e indivisibilidade das vivendas.

I.A.2.2. Composición e compartimentación.

I.A.2.3. Programa mínimo.

I.A.2.4. Alturas mínimas.

I.A.2.4.1. Alturas libres mínimas.

I.A.2.4.2. Pezas baixo cuberta.

I.A.3. Condicións dimensionais, funcionais e dotacionais.

I.A.3.1. Estancias.

I.A.3.1.1. Condicións xerais.

I.A.3.1.2. Dimensións superficiais e lineais.

I.A.3.2. Servizos.

I.A.3.2.1. Condicións xerais.

I.A.3.2.2. Dimensións superficiais e lineais.

I.A.3.2.2.1. Cociñas.

I.A.3.2.2.2. Almacenamento persoal.

I.A.3.2.2.3. Almacenamento xeral.

I.A.3.2.2.4. Cuarto de baño.

I.A.3.2.2.5. Cuarto de aseo.

I.A.3.2.2.6. Lavadoiro.

I.A.3.2.2.7. Tendal.

I.A.3.3. Espazos de comunicación.

I.A.4. Dotación mínima de instalacións na vivenda.

I.A.4.1. Equipamento e aparellos.

I.A.5. Salubridade.

I.B. Edificio.

I.B.1. Condicións do edificio en relación co espazo exterior.

I.B.1.1. Recuamentos na edificación.

I.B.1.2. Veos e corpos saíntes na edificación.

I.B.2 Patios interiores.

I.B.2.1. Dimensionamento.

I.B.3. Espazos comúns.

I.B.3.1. Portal.

I.B.3.1.1. Acceso.

I.B.3.1.2. Ámbito interior.

I.B.3.1.3. Áreas de acceso a ascensores e escaleiras.

I.B.3.2. Escaleiras.

I.B.3.2.1. Dimensionamento.

I.B.3.2.2. Iluminación.

I.B.3.2.3. Ventilación.

I.B.3.3. Espazos de comunicación.

I.B.3.4. Ascensores.

I.B.3.5. Espazos comunitarios.

I.B.4. Rochos.

I.B.4.1. Dimensións.

I.B.4.2. Dotacións de instalacións.

I.B.5. Garaxes colectivos.

I.B.5.1. Área de acceso e espera.

I.B.5.1.1. Dimensións.

I.B.5.2. Vías de circulación e distribución.

I.B.5.2.1. Dimensións das rampas de circulación para vehículos.

I.B.5.2.2. Dimensións das vías de circulación e distribución.

I.B.5.3. Áreas de aparcadoiro.

I.B.5.3.1. Dimensións das prazas de aparcadoiro.

I.B.5.4. Accesos peonís.

I.B.5.5. Dotacións e instalacións dos garaxes.

I.B.6. Dotación de instalacións.

I. Condicións de habitabilidade das vivendas.

I.A. A vivenda.

I.A.1. Condicións de deseño, calidade e sustentabilidade.

I.A.1.1. Condicións de vivenda exterior.

a) As vivendas deberán ter a consideración de vivenda exterior. Para estes efectos, as vivendas deberán cumprir coas determinacións sobre vivenda exterior definidas polo planeamento relativas, como mínimo, ás condicións dos espazos exteriores a que poderán abrirse os ocos de ventilación e iluminación da estancia maior das vivendas.

b) No caso de que non exista planeamento aprobado ou cando este non defina as condicións de vivenda exterior, a estancia maior, en todos os casos, e como mínimo outra estancia cando a vivenda conte con máis dunha, deberán ter iluminación e ventilación natural e relación co exterior a través de:

-Rúas, prazas e espazos libres públicos definidos polo planeamento ou considerados como tales pola normativa urbanística aplicable.

-Patios de cuarteirón ou espazos libres públicos ou privados onde sexa posible inscribir, fóra da proxección dos voos interiores, un círculo de diámetro 0,7 H (sendo H a media ponderada da máxima altura de coroación, permitida pola lexislación urbanística aplicable, dos edificios que conformen o espazo libre).

c) Polo menos a estancia maior, e outra estancia cando a vivenda conte con máis dunha, deberán ter iluminación e ventilación directa a través dos espazos exteriores indicados nos puntos anteriores deste punto. Agás que o planeamento aplicable determine outra cousa, o resto das estancias e as cociñas das vivendas poderán ter iluminación e ventilación natural e relación directa co exterior ben a través dos ditos espazos exteriores ou a través dos patios interiores previstos no punto I.B.2.

I.A.1.2. Iluminación, ventilación natural e relación co exterior.

a) Toda peza vivideira terá iluminación natural e luz directa desde o exterior a través dun dos espazos definidos no punto anterior ou ben a través dos patios definidos no punto I.B.2 mediante unha fiestra situada no plano da envolvente exterior dunha superficie mínima de 1/8 da superficie útil da planta da peza.

b) A altura máxima do antepeito das ventás, proxectadas para dar cumprimento ás condicións mínimas de iluminación, será de 1,10 m medidos ata o pavimento remastado da peza, con independencia de que poidan existir outros ocos de iluminación ou ventilación situados a unha altura superior a esta.

c) O chan dos espazos exteriores aos que ventilen as estancias non poderá estar máis de 50 cm por enriba do pavimento remastado da estancia correspondente.

d) Para garantir a protección de vistas desde a rúa ou espazos públicos, a cara inferior das ventás das pezas vivideiras que abran aos ditos espazos deberán estar situadas a unha altura mínima de 1,80 m por enriba do chan do espazo exterior de uso público, agás que entre o dito espazo e a fachada en que se sitúa a fiestra exista unha franxa de, cando menos, 2 metros de longo de uso privativo da vivenda.

e) Cando a peza vivideira se ilumine a través dunha terraza cuberta de profundidade superior a 2,00 m, a superficie mínima de iluminación natural será 1/6 da superficie útil da peza. A profundidade máxima da citada terraza non poderá superar os 3,00 m e a lonxitude será sempre maior ou igual á súa profundidade.

f) A iluminación natural das pezas vivideiras poderá efectuarse a través de galerías. Neste caso a superficie mínima de iluminación entre peza e galería será 1/6 da superficie útil da peza e deberá manterse a continuidade da envolvente principal da edificación. Cando existan galerías, os ocos de ventilación e iluminación das pezas que se iluminen e ventilen a través delas serán os situados na envolvente principal da edificación.

g) A profundidade máxima das pezas medida perpendicularmente á fonte de iluminación natural (fiestra, porta acristalada, etc.) será de 7,50 m. Poderán alcanzarse profundidades P superiores sempre que esta dimensión sexa como máximo 2,2 veces o largo A, de modo que se cumpra a relación P = 2,2A, sendo a superficie mínima de iluminación natural de 1/6 da superficie útil da peza.

h) No caso de ventás situadas na vertente de cuberta, a devandita superficie mínima de iluminación será de 1/8 da superficie útil da planta da peza.

i) Nas ventás situadas na vertente da cuberta, computables para os efectos de determinar as condicións mínimas de iluminación e ventilación, deberán respectarse as seguintes condicións:

-A altura desde a parte inferior da ventá ata o pavimento rematado da estancia non poderá ser superior a 1,20 m.

-A altura desde a parte superior da ventá ata o pavimento rematado da estancia non poderá ser inferior a 2,00 m.

j) En todos os casos, a superficie real de ventilación será, como mínimo, 1/3 da superficie mínima de iluminación.

k) En actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas existentes, non será exixible o cumprimento das determinacións indicadas nos puntos anteriores desta epígrafe nos seguintes casos:

-Cando se manteñan os ocos de iluminación e ventilación existentes en obras de remodelación de vivendas e en obras de adecuación funcional de edificios.

-Cando as determinacións da normativa urbanística ou de protección do patrimonio non permitan o seu cumprimento.

I.A.2. Condicións espaciais.

I.A.2.1. Condicións de acceso e indivisibilidade das vivendas.

a) A vivenda deberá ter acceso directo, a través dun anexo vinculado a ela ou a través dunha parcela da súa propiedade ou sobre a que se teña dereito de paso, desde un espazo público ou desde un espazo común do edificio ou urbanización con comunicación directa co espazo público.

b) A vivenda non pode ser o paso obrigado para acceder a calquera local ou parcela que non sexa de uso exclusivo desta.

c) As dependencias que conforman as vivendas deberán estar comunicadas entre sí a través de espazos pechados de uso exclusivo dos seus moradores. Exceptúanse deste requisito os anexos das vivendas.

I.A.2.2. Composición e compartimentación.

a) Para a aplicación destas normas, a composición das vivendas estrutúrase nas seguintes zonas:

-Estancias.

-Servizos.

-Espazos de comunicación.

b) O espazo das pezas reguladas nestas normas debe permitir a inscrición na súa planta dun cadrado base en contacto con, polo menos, un punto do plano definido por la cara interior do cerramento da fachada a través da que ilumine e ventile a peza. Para estes efectos, entenderase que unha peza ventila e ilumina a través dunha determinada fachada, cando a dita peza ventile e ilumine a través de:

-Ocos abertos no propio cerramento da fachada.

-Voos ou corpos saíntes da fachada que cumpran coas condicións indicadas no punto I.B.1.2.

c) A dimensión do dito cadrado establécese nas epígrafes seguintes segundo cada tipo de estancia. A superficie do cadrado poderá ser invalida por elementos puntuais que non sobresaian máis de 0,30 m das caras do cadrado sempre que a suma total das superficies ocupadas en planta polos ditos elementos sexa inferior a 0,15 m². Agás na estancia maior, cando existan varios estreitamentos puntuais estes non poderán estar situados en lados opostos do cadrado.

d) Aquela área das pezas vivideiras que non cumpra o largo mínimo establecido para cada caso, así como a superficie das galerías que poidan existir na peza, non será computable para os efectos de determinar o cumprimento da superficie mínima esixible por este decreto. A área da peza cuxa superficie sexa computable para estes efectos, non poderá estar dividida por zonas nas que non se cumpra o largo mínimo establecido.

e) Entenderase que se cumpre o largo mínimo exixible á peza, naquela parte dela en que a distancia entre dous paramentos enfrentados, medida perpendicularmente a algún dos ditos paramentos, alcance o largo mínimo exixible á peza.

f) A excepción da estancia maior e os espazos de comunicación, o resto das pezas da vivenda non poderán ser paso obrigado para acceder ás pezas vivideiras desde o acceso da vivenda. Se o acceso a outras estancias ou a cociña tivese como paso obrigado a estancia maior, deberá aumentarse a superficie desta en 2 m². Este incremento de superficie non será obrigado no caso en que a cociña estea integrada na estancia maior e esta non sexa paso obrigado para ningunha outra estancia.

g) O acceso ao cuarto de baño obrigatorio efectuarase a través dos espazos de comunicación e nunca directamente desde unha peza vivideira. Se é o caso,

o acceso ao cuarto de aseo poderá efectuarse a través dos espazos de comunicación da vivenda ou a través de estancias distintas da estancia maior.

I.A.2.3. Programa mínimo.

A vivenda constará, como mínimo, dunha estancia máis unha cociña, un cuarto de baño, un lavadeiro, un tendal e un espazo de almacenamento xeral.

I.A.2.4. Alturas mínimas.

I.A.2.4.1. Alturas libres mínimas.

a) Sempre que sexa compatible co planeamento e a normativa de protección patrimonial, a altura libre mínima entre pavimento e teito acabado será de 2,50 m e a altura libre mínima entre os forxados de solo e teito será de 2,70 m.

b) En vestíbulos, corredores, cuartos de baño, aseos, lavadoiros e tendais a altura mínima entre pavimento e teito rematados poderá diminuírse ata 2,20 m.

c) Nas restantes pezas, esta altura libre mínima de 2,20 m, poderá admitirse como máximo no 30% da superficie útil da peza.

d) En actuacións de rehabilitación de edificios ou vivendas, agás no caso de que se modifique a posición dos forxados existentes ou se proceda a adaptar para uso de vivenda os locais que non tiñan o dito uso, poderán manterse as alturas existentes, aínda que non se cumpra coas alturas anteriormente indicadas.

I.A.2.4.2. Pezas baixo cuberta.

a) Nas pezas abufardadas a altura mínima para o cómputo da superficie útil, para efectos de habitabilidade, será de 1,80 m. O volume mínimo que deberá ter a peza será o resultado de multiplicar a superficie útil mínima da peza, indicada nas táboas 1 e 2 pola altura exixible á peza, de acordo co indicado no punto I.A.2.4.1.

b) Polo menos un 70% da superficie mínima exixible á peza deberá ter unha altura igual ou superior a 2,5 m, en estancias e cociñas, e a 2,20 m en aseos e baños.

c) A altura libre mínima de corredores e vestíbulos abufardados que sirvan de acceso ás pezas non poderá ser inferior a 2,20 m.

d) A altura libre do espazo ocupado polo cadrado libre de obstáculos que deberá inscribirse segundo o disposto no punto I.A.2.2. non poderá ser inferior a 1,80 m.

e) O plano que defina a altura de 1,8 m terá a mesma consideración que un paramento vertical para os efectos de cumprimento da distancia mínima entre paramentos enfrontados e de localización do cadrado base a que se fai referencia no punto I.A.2.2.

I.A.3. Condicións dimensionais, funcionais e dotacionais.

I.A.3.1. Estancias.

I.A.3.1.1. Condicións xerais.

a) A superficie útil mínima de cada estancia, segundo o número delas, será a seguinte:

Táboa 1
Superficie das estancias

Nº estancias	1	2	3	4	5	>5
Superficie E1 (estancia maior)	25 m²	16 m²	18 m²	20 m²	22 m²	25 m²
Superficie E2		12 m²	12 m²	12 m²	12 m²	12 m²
Superficie E3			8 m²	9 m²	8 m²	9 m²
Superficie E4				9 m²	8 m²	9 m²
Superficie E5					6 m²	9 m²
Superficie E6						6 m²

b) Cando a superficie útil real das estancias E3 e E4 da vivenda de 4 estancias non supere os 9 m² poderá reducirse a superficie mínima da estancia maior e da cociña en 2 m². O número de vivendas onde se aplique esta redución non poderá superar o 10% do conxunto de vivendas da promoción de que se trate. Enténdese por superficie útil real a medida de acordo co disposto na Lei de vivenda, con independencia de que, por non respectarse o largo mínimo establecido nestas normas, non resulte computable para efectos de cumprimento das superficies mínimas exixibles por esta normativa de habitabilidade.

I.A.3.1.2. Dimensións superficiais e lineais.

a) En toda vivenda existirá, polo menos, unha estancia maior. A superficie útil mínima da dita estancia será a indicada na táboa 1 e na súa planta deberá admitir a inscrición dun cadrado de 3,30 m de lado na forma establecida no punto I.A.2.2.

b) Na estancia maior establécese un largo libre mínimo entre paramentos enfrontados de 2,70 m non sendo computables os espazos con largos menores de 2,70 m para efectos do cumprimento das superficies mínimas establecidas.

c) Excepcionalmente, no caso de soares de xeometría irregular cun fronte de fachada inferior a 15 metros, se a estancia maior estivese acareada ao medianil non perpendicular á fachada, abondará coa inscrición dun círculo de 3,00 m de diámetro e tanxente á cara interior do paramento de fachada. Nestes casos, o largo mínimo do paramento de fachada non poderá ser inferior a 2,5 m. O largo mínimo da peza entre paramentos enfrontados será de 2,50 m non computando espazos con largos menores á dita medida para efectos do cumprimento das superficies mínimas establecidas.

d) Sempre que a superficie da cociña se incremente en 4 m² ou máis sobre a superficie indicada na táboa 2, poderá reducirse ata 4 m² a superficie da estancia maior.

e) A superficie útil mínima das outras estancias, será a indicada na táboa número 1.

f) As estancias de superficie=12,00 m² deberán admitir na súa planta a inscrición dun cadrado de 2,60 m de lado, na forma establecida no punto I.A.2.2.

g) Para as estancias indicadas no punto anterior establécese un largo mínimo entre paramentos de 2,60 m, non computándose os espazos con largos menores de 2,60 m a efectos do cumprimento das superficies mínimas establecidas nestas normas coa excepción de que sirvan para o acceso directo ao almacenamento persoal ou cuarto de baño/aseo complementario da citada estancia, ata un máximo do 10% da superficie útil desta. Os estreitamentos puntuais a que se fai referencia no punto I.A.2.2 paragrafo e), poderán invadir tanto o cadrado base como o resto da estancia sempre que a superficie total deste non supere os 0,15 m².

h) As estancias de superficie útil < 12 m², deberán admitir na súa planta, a inscrición dun cadrado de 2,20 m de lado, na forma establecida no punto I.A.2.2.

i) Para as estancias indicadas no punto anterior, establécese un largo mínimo entre paramentos de 2,00 m, non computándose os espazos con largos menores de 2,00 m para efectos do cumprimento das superficies mínimas establecidas nestas normas coa excepción de que sirvan para o acceso directo ao almacenamento persoal ou cuarto de baño/aseo complementario da citada estancia, ata un máximo do 10% da superficie útil desta.

j) Non se admitirán nas vivenda pezas distintas dos servizos (cociñas, baños, aseos, tendais e lavadoiros) que teñan unha superficie superior a 3 m² e non cumpran as condicións establecidas neste punto para as estancias, agás que a superficie útil computable para os efectos de habitabilidade do conxunto das estancias da vivenda supere os 100 m² útiles.

I.A.3.2. Servizos.

I.A.3.2.1. Condicións xerais.

a) A vivenda debe incluír unha zona destinada a servizos, que comprenderá, polo menos, os seguintes:

-Unha cociña.

-Un cuarto de baño e un aseo, se é o caso.

-Un lavadoiro e un tendal.

-Un espazo para almacenamento xeral.

b) A superficie útil mínima dos servizos, segundo o número de estancias da vivenda, será a seguinte:

Táboa 2
Servizos

Nº estancias	1	2	3	4	5	> 5
Cociña	5 m²	7 m²	7 m²	9 m²	9 m²	10 m²
Cuarto de baño	3 m²	3 m²	3 m²	3 m²	3 m²	3 m²
Cuarto de aseo				1,5 m²	1,5 m²	1,5 m²
Lavadoiro	1,5 m²	1,5 m²	1,5 m²	1,5 m²	1,5 m²	1,5 m²
Tendal	1,5 m²	1,5 m²	1,5 m²	1,5 m²	1,5 m²	1,5 m²
Almacenamento xeral	1 m²	1 m²	1 m²	1 m²	1 m²	1 m²

I.A.3.2.2. Dimensións superficiais e lineais.

I.A.3.2.2.1. Cociñas.

a) A cociña pode ser unha peza independente ou estar integrada na estancia maior. Para que a cociña se considere integrada na estancia maior, a superficie vertical aberta que relaciona estes espazos non será inferior a 3,50 m².

b) A superficie útil mínima da cociña será a indicada na táboa 2, establecéndose un largo mínimo entre paramentos de 1,80 m libre de obstáculos.

c) A lonxitude mínima da fronte do espazo dedicado a mesado, sen contar o espazo destinado a frigorífico, será de 2,40 m para as cociñas de superficie menor de 7 m² e de 3,00 m para as restantes. Non se permitirán mesados ou aparellos enfrontados sen que deixen un paso libre de 0,90 m.

d) De incrementarse a superficie mínima da cociña de acordo co establecido no punto I.A.3.1.2., a súa planta deberá admitir a inscrición dun cadrado libre de obstáculos de 2,20 m de lado. A superficie do cadrado non poderá ser invadida polo mesado. A superficie do cadrado non poderá ser invadida por elementos construtivos puntuais que non sobresaian máis de 0,30 m das caras do cadrado sempre que a suma total das superficies ocupadas en planta polos ditos elementos sexa inferior a 0,15 m².

e) A zona da cociña cuxo largo mínimo sexa inferior a 1,80 m entre paramentos enfrontados non computará para os efectos de superficie mínima de habitabilidade coa excepción de que estea situada na entrada á cociña e sirva como acceso directo a outros usos complementarios desta, ata un máximo do 10% da superficie útil da cociña.

f) A cociña terá iluminación e ventilación natural directa ao exterior. En ningún caso se computará a iluminación e ventilación natural a través do lavadoiro nin do tendal. No caso de que a cociña estea integrada na estancia maior, o conxunto estancia maior-cociña considerarase como unha única estancia para os efectos de determinar as condicións de iluminación e ventilación reguladas no punto I.A.1.2.

g) Cando a cociña se integre nun único espazo coa estancia maior, a superficie do dito espazo será como mínimo a suma das superficies mínimas establecida para cada unha das ditas pezas.

I.A.3.2.2.2. Almacenamento persoal.

a) Agás a estancia maior, as outras estancias disporán dun espazo para almacenamento persoal cunha superficie mínima en planta de 0,80 m² en estancias de menos de 12 m² e de 1,2 m² en estancias de 12 ou mais m², cunha altura mínima de 2,20 m, un fondo mínimo de 0,60 m e un fondo máximo de 0,75 m.

b) Estes espazos de almacenamento persoal poderán estar situados nunha zona específica destinada a

vestidor ou nos espazos de comunicación da vivenda. A súa superficie mínima poderá deducirse da das estancias para os efectos do cumprimento das superficies mínimas previstas na táboa 1.

c) Os espazos de almacenamento persoal non poderán invadir o cadrado base definido no punto I.A.2.2. Cando estean delimitados por tabiques, estes non se considerarán para os efectos da redución do largo mínimo da estancia.

I.A.3.2.2.3. Almacenamento xeral.

a) As vivendas disporán dun espazo para almacenamento xeral da superficie en planta indicada na táboa 2, unha altura mínima de 2,20 m, un fondo mínimo de 0,60 m e un fondo máximo de 0,75 m.

b) Este espazo poderá agruparse co previsto para o almacenamento persoal e deberán disporse nos espazos de comunicación da vivenda (corredores e vestíbulos) ou en recinto independente con acceso desde estes espazos de comunicación.

I.A.3.2.2.4. Cuarto de baño.

a) En todas as vivendas se instalará, polo menos, un cuarto de baño, da superficie indicada na táboa 2 e cunha dimensión mínima entre paramentos enfrontados de 1,60 m.

b) A disposición dos aparellos sanitarios deberá ser tal que permita convertelo en cuarto de baño de uso practicable para persoas con mobilidade reducida segundo a normativa de accesibilidade.

I.A.3.2.2.5. Cuarto de aseo.

Cando exista na vivenda un cuarto de aseo, este terá a superficie mínima indicada na táboa 2 e unha dimensión mínima entre paramentos enfrontados de 1,20 m.

I.A.3.2.2.6. Lavadoiro.

a) En toda vivenda existirá un espazo destinado a lavadoiro, da superficie indicada na táboa 2, e terá unha dimensión mínima entre paramentos de 1,20 m. O lavadoiro poderá ser un espazo independente ou estar integrado formando un espazo único co tendal.

b) Nas vivendas dunha única estancia, cando esta e a cociña constitúan un único espazo, poderá accederse ao lavadoiro desde o dito espazo ou desde o baño. No resto dos casos, deberá accederse desde os espazos de comunicación ou desde as cociñas.

c) Nas obras de remodelación de vivendas non será preciso a reserva do espazo destinado a lavadoiro.

I.A.3.2.2.7. Tendal.

a) En toda vivenda existirá un espazo para o secado natural da roupa cuxa superficie mínima será a indicada na táboa 2. Este espazo poderá ter ventilación natural ou mecánica, estará cuberto e protexido de vistas desde o espazo público e non interferirá na iluminación e ventilación directa das pezas vivideiras que resulten exixibles segundo o disposto no punto I.A.1.2.

b) Cando a ventilación sexa natural deberá realizarse directamente desde o espazo exterior ou desde un patio. Neste caso, o espazo destinado a tendal deberá estar situado fóra da envolvente térmica da edificación, a súa ventilación será permanente e a superficie de ventilación do tendal será equivalente á súa superficie útil en planta.

c) Cando a ventilación sexa mecánica, o tendal deberá contar con calefacción, as paredes irán revestidas por materiais impermeables á auga en toda a súa altura e as condicións de ventilación serán, como mínimo, as establecidas no documento básico HS3 do Código técnico de edificación (en adiante CTE) para aseos e cuartos de baño.

d) Nas vivendas unifamiliares con parcela propia, o espazo para secado da roupa poderá disporse na parcela e deberá quedar garantida a protección de vistas desde a rúa ou espazo público, a ventilación e a protección fronte á auga de chuvia.

e) O tendal poderá ser un espazo independente ou estar integrado nun espazo único co lavadoiro.

f) No caso de que o tendal ventile o través dun patio interior, e para garantir o fluxo de aire necesario para o secado da roupa, dispoñerase un conduto de entrada de aire na parte inferior do patio cunha superficie mínima de 0,20 m² que tomará o aire do exterior do edificio.

g) Nas actuacións de remodelación de vivendas non será preciso a reserva do espazo destinado a tendal.

I.A.3.3. Espazos de comunicación.

a) Os corredores terán un largo libre mínimo entre paramentos de 1,00 m. Neles poderán admitirse estreitamentos puntuais que reduzan o largo do corredor a 0,90 m, como máximo.

b) O largo libre mínimo das portas de paso será de 0,80 m e a súa altura libre mínima de 2,03 m.

c) O espazo de acceso interior da vivenda deberá admitir a inscrición dun cadrado de 1,50 m de lado, libre de obstáculos, en contacto coa porta de entrada e cuxa superficie útil poderá estar incluída na superficie útil mínima da estancia maior no caso de que o acceso a vivenda se realice directamente a través dela.

I.A.4. Dotación mínima de instalacións na vivenda.

a) No deseño das instalacións terase en conta a súa compatibilidade coas exixencias básicas do CTE e demais normativa sectorial vixente.

b) Toda vivenda deberá contar coa dotación mínima de instalacións necesarias que lle permita a adecuada realización das funcións previstas nas dife-

rentes estancias e servizos, reguladas nesta normativa e que a continuación se relacionan:

-Instalación de subministración de auga fría.

-Instalación de calefacción e auga quente sanitaria, que terá incorporado o elemento xerador correspondente.

-Instalación de evacuación de augas.

-Instalación de telecomunicacións, ademais de rede de interfonía para comunicar as vivendas co portal do edificio.

-Instalación eléctrica.

-Instalación de ventilación

c) Para poderen ser utilizados por persoas en cadeira de rodas, a altura dos botóns do interfono situado no portal do edificio deberán estar entre 1 e 1,20 m dende o pavimento remastado.

d) Nas actuacións de remodelación de vivendas, será exixible a instalación de calefacción e/ou a instalación dun sistema de ventilación cando a vivenda existente conte coa/s dita/s instalación/s ou cando sexa exixible executala, de acordo co disposto no CTE.

I.A.4.1. Equipamento e aparellos.

Os servizos da vivenda disporán dos seguintes equipamentos ou aparellos:

Cociña.

a) Deberá reservarse nela o espazo necesario para a instalación do vertedoiro, lavalouza, frigorífico, forno, cociña, espazo de almacenamento inmediato de lixo e sistema de extracción mecánica para os vapores e contaminantes da cocción.

Así mesmo, deberá dotarse o citado equipamento da preinstalación necesaria para o seu correcto funcionamento.

b) A preinstalación do vertedoiro deberá contar con subministración de auga fría e quente e evacuación con peche hidráulico fronte aos olores.

c) A preinstalación de lavalouza deberá contar con subministración de auga fría, ademais de toma eléctrica.

d) Os condutos de extracción para a ventilación xeral das vivendas e o conduto de extracción específico de fumes da cocción da campá deberán ser individualizados e levarse ata a cuberta do edificio.

e) Nas cociñas, as zonas expostas á auga deberán ir revestidas dun material impermeable.

f) Naquelas promocións de vivendas en que deban proxectarse vivendas adaptadas a persoas con discapacidade, deberá instalarse o mobiliario de cociña. O dito mobiliario deberá ser de accesibilidade adaptable con mesado, cociña, forno e vertedoiro móbiles en sentido ascendente-descendente.

Cuarto de baño xeral.

a) O cuarto de baño estará composto como mínimo por bañeira ou ducha, lavabo e inodoro e deberá contar coa preinstalación que permita a doada colocación dun bidé.

b) O cuarto de baño deberá ir revestido de material impermeable nas zonas expostas á auga.

Cuarto de aseo.

O cuarto de aseo, cando sexa exixible debido ao número de estancias da vivenda, deberá contar como mínimo cun lavabo e un inodoro.

Lavadeiro.

a) Dotarase de preinstalación para táboa de lavar, lavadora e secadora.

b) A preinstalación de lavadora deberá contar con toma de auga fría, ademais de toma eléctrica.

c) A preinstalación de secadora deberá contar con toma eléctrica ademais dunha saída de aire de Ø150 mm e desagadoiro.

d) O lavadoiro deberá ir revestido, en todos os seus paramentos, dun material impermeable ata unha altura mínima de 1,80 m.

I.A.5. Salubridade.

a) Nas vivendas situadas en planta baixa, cando non exista soto baixo elas, deberá garantirse o illamento destas con respecto ao terreo mediante unha cámara de aire, convenientemente ventilada, de 0,20 m de altura mínima para evitar o risco de humidades procedentes do terreo. A dita condición non será exixible para as vivendas reformadas, ampliadas ou rehabilitadas en que poderá adoptarse calquera outra medida construtiva que garanta a ausencia de humidades na vivenda.

b) Cando existan muros en contacto co terreo, garantirase a súa impermeabilidade mediante o emprego de materiais e solucións construtivas que eviten a aparición de humidades.

c) No caso da inexistencia de saneamento urbano deberá preverse o tratamento individual das augas residuais segundo o CTE para a súa posterior decantación e filtración ao terreo por gabias filtrantes.

d) A distancia mínima de pozos de abastecemento de auga respecto de calquera fosa séptica ou fonte de contaminación será a establecida na lexislación urbanística ou a que determine a lexislación sectorial correspondente. A distancia mínima da dita construción a lindeiros será a que fixe a lexislación urbanística vixente segundo a clasificación do solo.

I.B. Edificio.

I.B.1. Condicións do edificio en relación co espazo exterior.

a) Os baixos da edificación remataranse de acordo co disposto coa normativa municipal. Cando a dita

normativa non estableza determinacións ao respecto, o remate destes non deberá desfigurar a imaxe arquitectónica da edificación no seu conxunto.

b) Cando aparezan medianís vistos, estes disporán dun tratamento acorde co deseño da envolvente do resto do edificio. En calquera caso, os ditos medianís deberán ter un tratamento que garanta as mesmas condicións de illamento térmico e protección fronte á chuvia e axentes atmosféricos que os exixibles ao resto das fachadas do edificio.

I.B.1.1. Recuamentos na edificación.

Poderán deseñarse recuamentos na edificación que non superen a profundidade de 2,00 m, en cuxos paramentos as fiestras deberán cumprir as indicacións de luz directa.

Os recuamentos de máis de 2 m, en que se sitúen os ocos de iluminación e ventilación de pezas vivideiras, exixibles de acordo co punto I.A.1.2.1., deberán cumprir coas determinacións de patio aberto definidas no punto I.B.2

I.B.1.2. Voos e corpos saíntes na edificación.

a) Os voos permitidos na edificación quedarán regulados pola normativa municipal.

b) Calquera voo da edificación deberá recuarse da edificación contigua polo menos unha distancia igual á distancia voada.

c) Para poder dispor ventás de iluminación de estancias e cociñas no paramento entre voos de máis de 2 m de profundidade deberán cumprirse as determinacións de patios abertos do punto I.B.2.

d) Para que os voos e corpos saíntes poidan servir de iluminación e ventilación a unha peza deberán cumprirse os seguintes requisitos:

-O largo da fronte aberta á peza (ver definición II.22) deberá ser, como mínimo, dúas veces a profundidade do voo medida perpendicularmente ao plano definido pola fronte aberta do voo á peza.

-A altura mínima da fronte aberta será de 2,05 m.

-A proxección do oco sobre o plano definido pola fronte aberta, trazada perpendicularmente ao dito plano, cumprirá coas seguintes condicións:

1. A súa superficie será igual ou maior que a superficie mínima de iluminación exixida á peza.

2. A dita proxección atoparase integramente na fronte aberta.

e) Cando o voo estea constituído por unha galería, conforme a definición do punto II.13, os ocos de ventilación e iluminación das pezas que se iluminen e ventilen a través dela serán os situados na envolvente principal da edificación. A superficie da galería non se considerará no cómputo da superficie útil da peza que ventila a través dela para os efectos do cumprimento das superficies mínimas deste decreto.

I.B.2. Patios interiores.

a) Na aplicación destas normas defínense dous tipos de patios interiores:

-Patio pechado: patio que ten todo o seu perímetro delimitado por paramentos ou por lindeiros de parcela.

-Patio aberto: recuamento de fachada a espazo exterior público ou privado en que a súa profundidade, medida normalmente ao seu plano, sexa superior a 2,00 m.

b) Os patios dimensionaranse en función do uso das pezas que iluminen e ventilen a través deles, e as súas dimensións estarán definidas polos seguintes parámetros:

Parámetro D. Lado do cadrado que se poderá inscribir no patio en toda a súa altura. Na superficie do cadrado poderá incluírse a superficie ocupada por estreitamentos puntuais dun largo máximo de 0,50 m. cunha sección horizontal cuxa superficie total sexa inferior a 0,50 m².

Parámetro H. Altura media dos paramentos do patio, medida desde o chan acabado da primeira planta que ventile e ilumine ao seu través, ata a coroación superior dos paramentos verticais que o delimiten.

Parámetro R. Distancia desde a cara exterior do paramento en que se sitúen ocos de ventilación e iluminación ata o paramento vertical enfrontado, medida perpendicularmente ao paramento do oco.

Parámetro L. Lonxitude da fronte do patio aberto á vía pública ou a patio de rueiro.

Parámetro P. Profundidade do patio aberto medida normalmente ao plano de fachada.

I.B.2.1. Dimensionamento.

a) Nos patios interiores a que ventilen ou iluminen escaleiras, o parámetro R será como mínimo 1/6 do parámetro H, e o parámetro D será como mínimo de 2,00 m.

b) Nos patios interiores a que ventilen e iluminen pezas vivideiras das vivendas, o parámetro R será como mínimo 1/3 do parámetro H, e o parámetro D será o que estableza o DB-HS3 do CTE.

c) Para determinar a dimensión dos patios interiores non se computarán como plantas os remates das caixas de escaleiras, os cuartos de máquinas dos ascensores e os depósitos de auga.

d) Os patios abertos á fachada cumprirán as seguintes condicións:

-A lonxitude L da fronte aberta será como mínimo 1/4 da altura H, cun mínimo de 4,00 m.

-A profundidade P será inferior a L cando ao patio dean estancias; para o resto dos casos a profundidade P deberá ser inferior a 1,5 L.

e) Aos patios interiores non poderán ventilar garaxes, nin locais, agás que sexan exclusivos para a súa ventilación.

f) O patio interior poderá cubrirse coas seguintes condicións:

-O elemento de cobertura terá unha transparencia nominal do 80%, e deberá garantirse que non se produzan desprendementos en caso de rotura.

-Deberá garantirse unha ventilación permanente. Para isto, deberá disporse un conduto de entrada de aire na parte inferior do patio cunha superficie mínima de 0,20 m² que tomará o aire do exterior do edificio. Así mesmo, a cuberta do patio deberá contar cunha superficie mínima de ventilación equivalente ao 0,40 da súa superficie en planta.

g) Todos os patios interiores serán accesibles para a súa limpeza ben a través de zonas comúns do edificio ou ben a través dun dominio privado.

I.B.3. Espazos comúns.

I.B.3.1. Portal.

É o espazo de acceso desde o exterior da edificación aos núcleos de comunicación interior desta.

I.B.3.1.1. Acceso.

a) A porta de acceso terá un largo libre mínimo de 0,90 m e unha altura libre mínima de 2,20 m e estará situada de tal xeito que non invada o espazo público de acceso cando se abra.

b) En contacto coa porta de acceso deberá poder inscribirse no exterior un rectángulo de dimensións mínimas 1,20 m×2,40 m libre de obstáculos e no que non poden existir chanzos que o dividan. A altura libre do espazo no que se inscriba este rectángulo será como mínimo de 2,40 m.

c) O portal deberá contar cun oco de iluminación aberto ao espazo exterior dun largo e altura mínimos de 2,40 m. Neste oco pode integrarse a porta de acceso.

I.B.3.1.2. Ámbito interior.

a) A planta do portal deberá admitir a inscrición dun cadrado de lado mínimo 2,40 m en contacto coa porta de acceso coa excepción indicada no punto I.A.2.1. Deberá, ademais, ter unha altura libre mínima de 2,40 m. A comunicación desta zona coas áreas de acceso a ascensores e escaleiras terán un largo mínimo entre paramentos de 1,50 m.

b) É obrigatorio que exista un percorrido practicable para persoas con mobilidade reducida desde o espazo exterior ata o ascensor ou ata o oco previsto para a súa instalación, cando sexa exixible a súa instalación ou reserva de acordo co disposto nestas normas.

I.B.3.1.3. Áreas de acceso a ascensores e escaleiras.

a) Esta zona terá un largo libre mínimo de 1,50 m en toda a súa extensión, e ademais, na súa planta, deberá admitir a inscrición dun rectángulo de dimensións mínimas 2,20 m × 1,50 m. Deberá, ademais, ter unha altura libre mínima de 2,40 m.

b) Deberán respectarse as dimensións desta zona no acceso ao oco previsto para a instalación de ascensor inda que a instalación deste non sexa obrigada.

I.B.3.2. Escaleiras.

I.B.3.2.1. Dimensionamento.

a) O largo libre mínimo entre paramentos para unha escaleira dun tramo será de 1,20 m e, se é de dous tramos será de 2,20 m, e a altura mínima será de 2,20 m.

b) O largo libre mínimo de chanzos será de 1,00 m e as dimensións libres de relanzos intermedios ou descansos, cando non sirvan de acceso a corredores de distribución, serán iguais ao devandito largo libre mínimo do chanzo.

I.B.3.2.2. Iluminación.

a) Naqueles edificios en que sexa obrigada a instalación dun ascensor, o núcleo de escaleira contará, como mínimo, con iluminación artificial segundo o DB-SU 4 do CTE.

b) Nos edificios en que non sexa obrigatoria a instalación de ascensor e non se proxecte a súa instalación, o núcleo de escaleira contará con iluminación natural e iluminación artificial segundo o DB-SU 4 do CTE.

c) A iluminación natural, cando sexa obrigada, pódese establecer por medio de ocos a fachadas ou patios interiores regulados en I.B.2.1, cuxa superficie mínima será de 1,00 m² en cada planta e poderá reducirse a superficie de ventilación a 1/4 da anterior.

d) En edificios de vivendas colectivas de planta baixa máis dúas plantas nos cales non se instale ascensor, admitirase ventilación e iluminación cenital, por medio dun lucernario que disponha dunha superficie mínima equivalente de 2/3 da superficie da caixa da escaleira. Neste caso, o oco central da escaleira quedará libre en toda a súa altura e nel deberá poder inscribirse un círculo de Ø 1,10 m.

I.B.3.2.3. Ventilación.

Cumpriranse as disposicións do documento básico de seguridade en caso de incendio DB-SI do CTE.

I.B.3.3. Espazos de comunicación.

a) O acceso ás vivendas deberase efectuar a través dun espazo público ou de uso común. A altura libre mínima destes espazos será de 2,40 metros.

b) En cada planta deberá existir un espazo libre de obstáculos onde se poderá inscribir un rectángulo de dimensións mínimas 2,20×1,50 m. Ademais, o largo libre mínimo entre paramentos enfrontados será de 1,20 m.

c) As portas de entrada á vivenda serán de dimensións tales que deixarán un paso dun largo libre mínimo de 0,80 m e unha altura libre mínima de 2,03 m.

I.B.3.4. Ascensores.

a) Nos edificios de vivendas, agás que todas as vivendas do edificio se sitúen na planta baixa, será necesaria a instalación dun ascensor.

b) Excepcionalmente, cando a porta de acceso a todas as vivendas estea situada a menos de 8 metros de desnivel con respecto ao portal do edificio e non existan máis de 8 vivendas situadas en plantas distintas da planta baixa, non será necesaria a instalación do ascensor. Neste caso, será obrigatorio deixar un oco libre e continuo en toda a altura do edificio en cuxa planta se deberá poder inscribir un cadrado de lado mínimo 1,60 m que permita instalar no futuro un ascensor con acceso a todas as plantas de vivendas, garaxes e rochos. A localización deste oco terase en conta no deseño do portal do edificio e nos descansos de acceso ás vivendas, garaxes e rochos.

c) O número de ascensores será de un por cada 20 vivendas ou fracción.

d) Se o desnivel é de 25,00 metros ou maior, o número mínimo de ascensores será de dous, agás que o número de vivendas situadas en plantas altas sexa menor de 15. Este desnivel medirase desde a planta máis baixa ata a máis alta á que se ten acceso.

e) Se existe garaxe e/ou rochos nos sotos do edificio ou rochos na baixo cuberta, estarán comunicados co resto das plantas a través do ascensor.

f) O desembarco do ascensor en cada planta e o núcleo de escaleiras serán sempre espazos comunicados entre si a través de espazos comúns.

I.B.3.5. Espazos comunitarios.

En promocións a partir de 50 vivendas dotaranse ás mesmas dun espazo comunitario de fácil acceso dedicado a usos múltiples para a comunidade de propietarios. A superficie útil mínima do devandito espazo será de, polo menos, 0,20 m² por vivenda e as súas características as de peza vivideira.

I.B.4. Rochos.

a) Son aqueles espazos de almacenamento independentes ás vivendas, situados no propio edificio, e que terán acceso desde o seu interior.

b) Os rochos exixibles de acordo co disposto no artigo 7 deste decreto deberán ter a consideración de anexo inseparable da vivenda.

c) O oco libre da porta de acceso aos rochos deberá ter un largo mínimo de 0,80 m.

I.B.4.1. Dimensións.

A superficie útil mínima do rocho será de 4 m² e o largo mínimo entre paramentos enfrontados será de 1,60 m. Non computarán alturas libres inferiores a 2,10 m. Os corredores de acceso aos rochos terán un largo libre mínimo de 1,20 m.

I.B.4.2. Dotación de instalacións.

Cada rocho disporá dun punto de luz, e unha toma de corrente eléctrica.

I.B.5. Garaxes colectivos.

a) Este punto será de aplicación obrigada aos locais de uso garaxe, vinculados a edificios cuxo uso dominante sexa o de vivenda e que se atopen en ámbitos de planeamento sen ordenación detallada aprobada con anterioridade ao momento da entrada en vigor destas normas, con independencia de que tamén se deban cumprir as determinacións que o planeamento estableza.

b) Cando estes locais se atopen en ámbitos de planeamento con ordenación detallada aprobada con anterioridade ao momento da entrada en vigor destas normas, será de aplicación a normativa prevista no planeamento municipal e subsidiaria e complementariamente o recollido neste punto, sempre que as dimensións do soar fagan tecnicamente viable o seu cumprimento.

c) Estes garaxes quedarán definidos nos planos de planta e sección, con delimitación dos accesos, ramplas, pendentes, vías, direccións de circulación e prazas de aparcadoiro.

I.B.5.1. Área de acceso e espera.

a) É a superficie de tránsito entre a vía pública e as vías de circulación propias do garaxe.

b) Admítese a utilización de aparellos elevadores de coches. Neste caso, a plataforma considerarase válida como espazo de acceso e espera na incorporación do vehículo á vía pública. Deberá proxectarse, cando menos, un aparello elevador de coches por cada 30 prazas de aparcadoiro.

I.B.5.1.1. Dimensións.

a) O largo libre mínimo da área de acceso para unha capacidade menor ou igual a 100 vehículos e con acceso único desde vías de largo maior ou igual a 15,00 m será de 3,00 m, e se o acceso é desde vías de largo menor a 15,00 m será de 4,00 m. Cando o garaxe teña unha capacidade superior a 100 vehículos e conte cun único acceso, o seu largo mínimo será de 5,00 m; cando conte con dous accesos independentes, o largo de cada un deles será como mínimo de 3,00 m.

b) O fondo libre mínimo da área de acceso, sen incluír superficies de dominio público, será de 4,50 m.

c) A altura libre mínima da área de acceso será de 2,30 m, permitíndose reducir esta altura ata 2,10 m cando a dita redución non afecte máis do 15% da superficie en planta da área de acceso.

d) A pendente máxima admisible para a zona de acceso será do 5%.

e) A porta terá como largo mínimo o 90 % da vía interior á que sirva, e unha altura libre mínima de 2,10 m medidos coa porta aberta, e atoparase sempre no plano de aliñación do inmueble ou aliñado coa porta do portal.

I.B.5.2. Vías de circulación e distribución.

a) Son as encargadas da comunicación entre a área de acceso e os aparcadoiros.

b) As vías de distribución permitirán o acceso a todas as prazas en estado de ocupación máxima. Os sentidos de circulación estarán sinalizados no seu pavimento.

I.B.5.2.1. Dimensións das rampas de circulación para vehículos.

a) As rampas de circulación terán unha pendente máxima de 18 % en tramos rectos, e do 14 % en tramos curvos, medida sobre o eixe da vía.

b) O largo libre mínimo das rampas de circulación será de 3,00 m, e para máis de 100 vehículos e acceso único será de 5,00 m, aumentándose en 0,30 metros na cara exterior dos xiros, en todos os casos.

c) O raio de xiro mínimo será de 3,50 m medido sobre o bordo interior da rampa tanto nas de sentido único como nas de dobre vía diferenciada.

d) A altura libre mínima será de 2,30 m, permitíndose unha altura crítica, en elementos illados, sen pasar do 15% da superficie útil, de 2,10 m.

I.B.5.2.2. Dimensións das vías de circulación e distribución.

a) O largo libre mínimo das vías de circulación e distribución con aparcadoiros en batería será de 5,00 m. Se se trata de vías con aparcadoiros en liña, ou ángulo≤45º, será de 3,30 m, e se se trata de vías sen acceso a prazas, o largo mínimo será de 3,00 m.

b) O raio de xiro mínimo, medido na cara exterior da vía, será de 6 m.

c) A altura libre mínima será de 2,30 m, permitíndose unha altura crítica, en elementos illados, sen pasar do 15% da superficie útil de 2,10 m.

d) A pendente máxima deste tipo de vías será do 5%.

I.B.5.3. Áreas de aparcadoiro.

A súa organización permitirá o acceso directo a todas as prazas.

I.B.5.3.1. Dimensións das prazas de aparcadoiro.

a) A lonxitude libre mínima de cada praza de aparcadoiro será de 4,70 m, e o seu largo mínimo de 2,40 m. Permitiranse estreitamentos puntuais producidos por elementos construtivos cuxa suma de superficies en planta sexa menor de 0,1 m² sempre que, na praza, se poida inscribir un rectángulo totalmente libre de obstáculos de dimensións mínimas 2,30x4,70 m. As prazas de aparcadoiro debuxaranse tanto no proxecto como na obra executada. A altura libre mínima será de 2,20 m, permitíndose unha altura crítica, en menos do 20% da súa superficie de 2,00 m.

b) As prazas delimitadas lateralmente por un tabique ou obstáculo fixo similar deberán incrementar o seu largo en 20 cm.

c) Todos os edificios disporán das prazas de aparcadoiro para uso de discapacitados reguladas pola Lei sobre accesibilidade e supresión de barreiras.

d) En ningún caso se permitirá a disposición de prazas pechadas independentes de aparcadoiro por cuestións de seguridade e visibilidade.

I.B.5.4. Accesos peonís.

O seu deseño axustarase ao establecido no DB-SU do CTE.

I.B.5.5. Dotacións e instalacións dos garaxes.

Todos os garaxes estarán dotados de, polo menos, unha toma de auga, e un sumidoiro.

I.B.6. Dotación de instalacións.

a) Os edificios de vivendas deberán contar co seguinte nivel dotacional de instalacións:

-Instalación de subministración de auga.

-Instalación eléctrica.

-Instalación de evacuación de augas.

-Instalación de telecomunicacións ademais de rede de interfonía para comunicar o portal do edificio coas vivendas.

-Instalación de paneis solares, se é o caso, segundo o DB-HE 4 do CTE.

-Instalación de ascensor nas condicións reguladas neste anexo.

-Instalación de ventilación

b) Salvo no caso das canalizacións ou condutos verticais de instalacións, o trazado das instalacións comúns non poderá invadir as estancias das vivendas.

II. Definicións.

Para a aplicación destas normas de habitabilidade de vivendas, entendese como:

II.1. Vivenda.

Espazo pechado, destinado a aloxamento habitual de persoas, para o desenvolvemento das funcións

humanas elementais, en condicións de funcionalidade, seguridade e habitabilidade axeitadas.

II.2. Vivenda unifamiliar.

É aquela vivenda que ten acceso individual desde un espazo público ou ben a través da súa propia parcela.

II.3. Peza.

Espazo da vivenda delimitado por cerramentos, particións ou calquera outro elemento separador.

II.4. Pezas vivideiras.

Conxunto de pezas no que se desenvolve a vida dos ocupantes da vivenda que teñen obrigatoriamente iluminación e ventilación natural ao exterior. Son pezas vivideiras as estancias e as cociñas.

II.5. Estancia.

Espazo interior habitable computable superficial e volumetricamente, con ou sen delimitación, apto para acoller os moradores da vivenda. Son estancias a sala de estar, o comedor, os dormitorios, despacho, biblioteca, sala de xogos, e calquera outra que non sexa un servizo nin espazo de comunicación.

II.6. Servizos.

Son o conxunto de pezas dotadas das instalacións necesarias para o desenvolvemento da súa función. Son servizos: a cociña, cuarto de baño/aseo, lavadoiro, tendal e tamén os espazos para almacenamento xeral.

II.7. Espazos de comunicación.

Son espazos de comunicación os vestíbulos, corredores, etc. destinados a comunicar as diferentes estancias e servizos da vivenda.

II.8. Patio interior.

É o espazo libre interior do edificio, que se atopa dentro da superficie do soar que ocupa o inmoble, e está destinado a proporcionar luz natural, ventilación e calidade ambiental ás estancias e servizos da vivenda ou aos espazos comúns do edificio.

II.9. Cuarto de baño practicable.

Cuarto de baño que poida ser capaz de admitir o seu uso por persoas de mobilidade reducida, e mais as dotacións mínimas do cuarto de baño, segundo as prescricións establecidas na normativa vixente.

II.10. Superficie útil interior.

É a superficie da peza que pode ser pisada, medida entre paramentos rematados. Do cómputo da superficie útil quedará excluída a superficie ocupada en planta por cerramentos fixos ou móbiles, por elementos estruturais verticais e polas canalizacións ou condutos con sección horizontal cuxa suma sexa superior a 0,1 m² e ás superficies de elementos exteriores como terrazas, balcóns e galerías.

Cando se trate de vivendas en disposición vertical dentro dun mesmo edificio, para o cómputo das superficies ocupadas por elementos estruturais verticais e por canalizacións ou condutos, tomarase a media aritmética dos valores correspondentes ás vivendas situadas nas plantas inferior e superior.

II.11. Luz directa.

Aquela luz natural recibida a través das ventás, cuxa situación cumpra a seguinte condición:

Nas pezas vivideiras, calquera punto da ventá deberá ter visión, dentro dun ángulo de 90º cuxa bisectriz sexa perpendicular á fachada, dun segmento horizontal de 3 m situado paralelamente á fachada a unha distancia de 3 m.

En ventás situadas nas vertentes das cubertas, analizarase o cumprimento desta determinación substituíndo a ventá da cuberta pola súa proxección sobre un plano que forme 90º coa horizontal, sexa paralelo ao marco inferior e pase polo centro da ventá.

II.12. Voos.

Superficie ou volume construído que sobresae do plano vertical definido pola aliñación de fachada da edificación.

II.13. Galería.

Solución tradicional de voo, no que a zona semitransparente é superior ao 75% da súa superficie, e estea limitada no seu lado interior pola envolvente principal da edificación.

II.14. Fachada.

Envolvente vertical do edificio.

II.15. Sistemas de aforro de auga.

Conxunto de elementos dunha instalación, empregados en todos os puntos de consumo, que teña por obxecto unha redución de consumo da auga (limitadores de caudal do edificio, chaves de regulación, billas monomando, limitadores de caudal de aparellos, descarga de cisternas de inodoros de baixo consumo, etc.).

II.16. Altura de coroación.

É a máxima altura que o edificio pode chegar a acadar no plano de fachada de acordo coas disposicións do planeamento ou a normativa urbanística de aplicación medida desde a rasante oficial.

II.17. Soar de xeometría irregular.

Aquel soar en que algún dos seus lados contiguos á aliñación forma un ángulo superior a ± 15º coa perpendicular.

II.18. Planta do edificio.

Cada un dos niveis horizontais en que se desenvolve o edificio. Son plantas do edificio as plantas de soto, a de semisoto, a planta baixa, as entreplantas, as plantas tipo, a planta baixo cuberta e/ou a planta ático.

II.19. Cerramento de fachada.

Cerramento que constitúe a envolvente vertical do edificio e sepárao do espazo exterior, dos balcóns, das terrazas ou das galerías.

II.20. Paramentos enfrontados.

Para os efectos de establecer o largo mínimo das pezas das vivendas, entenderase que dous paramentos que delimitan unha peza están enfrontados se o ángulo que forman entre si é menor de 60º. Se o ángulo que forman dous paramentos é maior ou igual a 60º, non se considerarán paramentos enfrontados e non será exixible respectar entre eles a distancia mínima entre paramentos enfrontados indicada no punto I.A.3 destas normas.

II.21. Aliñación de fachada.

É a liña sinalada que establece o límite que separa os solos destinados a vía pública, espazos libres públicos ou espazo exterior das parcelas edificables e os seus recuamentos.

II.22. Fronte aberta.

Enténdese por fronte aberta a unha peza, dun voo ou corpo saínte, o oco aberto no cerramento da fachada que comunica a peza co voo ou corpo saínte.

II.23. Ámbitos de planeamento sen ordenación detallada.

Son os ámbitos en que non existe planeamento de detalle no momento da entrada en vigor desta normativa.

II.24. Ámbitos de planeamento con ordenación detallada.

Son os ámbitos en que existe planeamento de detalle no momento da entrada en vigor desta normativa.

ANEXO II
Regulación do trámite de excepción

II.1. Condicións xerais.

Neste anexo recóllense os criterios e condicións determinantes que xustifican o recurso ao trámite de excepción, establécense os aspectos da normativa de habitabilidade que poden ser exceptuados e determínanse os límites á dita excepción que, en ningún caso, poden ser superados.

Segundo o tipo de excepción indícanse as epígrafes e puntos das NHV que poden ser obxecto de excepción. O resto das determinacións da normativa de habitabilidade que non figuran expresamente recollidas como determinacións obxecto de excepción deberán ser cumpridas na súa integridade.

O trámite de excepción, pola súa propia natureza, implica unha ponderación da proposta e unha valoración das posibilidades de cumprimento da norma dentro duns límites razoables.

Os límites establecidos nos puntos seguintes en ningún caso deben considerarse como determinacións que, de cumprirse, impliquen a concesión automática da excepcionalidade. Moi ao contrario, supoñen unha condición necesaria pero en ningún momento suficiente para a concesión da excepción. Isto é así porque os ditos límites se atopan por debaixo dos que se consideraron convenientes establecer como norma xeral para o conxunto das vivendas. Deberá ser o técnico municipal quen valore cales son as determinacións da norma, xustificadas pola singularidade do caso que dá pé á excepción, que poden ser eximidas de cumprimento, e cales non, procurando o maior cumprimento posible de determinacións e, naqueles aspectos en que se concede a excepción, tratando de que a solución se achegue o máis posible ás determinacións establecidas neste decreto como normas xeral.

II.2. Trámite de excepción en edificios construídos sobre soares residuais.

1. Criterios ou condicións determinantes da excepción.

Unicamente se poderán exceptuar as vivendas ou edificios que se van construír en soares residuais definidos no artigo 3.

Este punto non será de aplicación en soares baleiros en núcleos históricos ou núcleos rurais tradicionais, que se rexerán polo punto II.3 deste anexo.

2. Elementos e condicións que poden ser exceptuados.

Dependendo das causas que determinen a condición de soar residual, poderá excluírse o cumprimento das seguintes determinacións:

a) Cando a configuración do soar non permita a condición de vivenda exterior, xa que é imposible que a estancia maior e outra estancia dean á fachada ou a espazo exterior.

Poderá exceptuarse a exixencia de que unha segunda estancia teña iluminación, ventilación e relación directa cos espazos exteriores definidos no punto I.A.1.1.

b) Cando a superficie edificable do soar, descontando a superficie das escaleiras e elementos comúns do edificio, non permita a construción dunha vivenda por planta de superficie útil maior ou igual a 50 m².

Poderá exceptuarse o cumprimento das determinacións recollidas no punto I.A.3 das normas de habitabilidade.

II.3. Trámite de excepción en actuacións de rehabilitación ou ampliación en edificacións ou vivendas

existentes, ou en soares residuais en núcleos históricos ou núcleos rurais tradicionais.

1. Criterios ou condicións determinantes da excepción.

Poderá solicitarse o trámite de excepción nos seguintes supostos:

a) Cando nunha edificación existente se pretendan realizar obras necesarias para mellorar as condicións de accesibilidade dos edificios para uso de persoas con problema de mobilidade.

b) Cando as condicións dos espazos públicos, patios de cuarteirón ou patios de parcela existentes aos que se abren as vivendas da edificación que se vai rehabilitar, non reúnan os requisitos mínimos exixibles nos puntos I.A.1.1 e I.B.2.

c) Cando a edificación que se vai rehabilitar conte con vivendas en planta baixa que non cumpran os requisitos de protección de vistas desde a rúa ou espazos públicos indicados no parágrafo 4 do punto I.A.1.2 ou nos casos de ampliación de vivendas mediante a incorporación dos espazos situados na planta baixa.

d) Cando as condicións dos elementos que se van conservar, por aplicación da normativa sectorial ou do planeamento municipal, fagan imposible o cumprimento das determinacións destas normas.

e) Cando a superficie edificable do soar ou edificio, descontando a superficie das escaleiras e elementos comúns, non permite a construción dunha vivenda por planta de superficie útil maior ou igual de 50 m².

f) Nos casos de remodelación de vivendas recollidos no artigo 14 cando se xustifique a imposibilidade do cumprimento das determinacións do artigo 14 letra I apartado C deste decreto ou a necesidade de incrementar o número de estancias en función das necesidades dos usuarios ou debido a que algunhas pezas das vivendas resultan excesivamente grandes segundo os estándares actuais das vivendas.

g) Cando a configuración do soar ou o edificio non permita a condición de vivenda exterior, xa que é imposible que a estancia maior e outra estancia dean á fachada ou a espazo exterior.

2. Elementos e condicións que poden ser exceptuados.

2.1. No caso de que a causa determinante da excepción sexa a recollida na letra A do punto anterior, poderá exceptuarse:

-O cumprimento das determinacións do anexo I exixibles ás vivendas e elementos comúns dos edificios que estean afectados polas obras.

2.2. No caso de que a causa determinante da excepción sexa a recollida na letra B do punto anterior poderá exceptuarse:

-O cumprimento das determinacións exixibles aos ditos espazos nos puntos I.A.1.1 e I.B.2 sempre que se manteñan as súas dimensións actuais.

-O cumprimento das condicións do punto I.B.1 definidas por remisión ao punto I.B.2.

2.3. No caso de que a causa determinante da excepción sexa a recollida na letra C do punto anterior poderá exceptuarse o cumprimento das determinacións relativas á protección de vistas desde os espazos públicos indicadas no parágrafo d) do punto I.A.1.2.

2.4. No caso de que a causa determinante da excepción sexa a recollida na letra D poderá exceptuarse o cumprimento das seguintes determinacións:

-O cumprimento das determinacións dos puntos: I.A.1, I.A.2, I.A.3 do anexo I.

-O cumprimento das determinacións do punto I.B. do anexo I sempre que non se reduzan as condicións reguladas nese punto que cumpría a edificación existente.

2.5. No caso de que a causa determinante da excepción sexa a recollida na letra E do punto anterior, poderá exceptuarse:

-O cumprimento das determinacións dos puntos: I.A.1, I.A.2, I.A.3 do anexo I.

-O cumprimento das determinacións do punto I.B do anexo I. sempre que non se reduzan as condicións reguladas nese punto que cumpría a edificación existente.

2.6. No caso de que a causa determinante da excepción sexa a recollida na letra F do punto anterior, poderá exceptuarse:

-O cumprimento das determinacións dos puntos: I.A.1, I.A.2, I.A.3 do anexo I.

2.7 No caso de que a causa determinante da excepción sexa a recollida na letra G do punto anterior, poderá exceptuarse:

-A exixencia de que unha segunda estancia teña iluminación, ventilación e relación directa cos espazos exteriores definidos no punto I.A.1.1.

II.4. Trámite de excepción ao capítulo VII.-Innovación tipolóxica e construtiva.

1. Criterios ou condicións determinantes da excepción.

Os criterios serán os propostos polo promotor público ou privado da innovación que solicite un procedemento especial de innovación tipolóxica e construtiva. Terán que achegar un proxecto técnico cuxas características de innovación tipolóxica e construtiva destaquen pola súa funcionalidade, accesibilidade ou outras características sobresaíntes que se afasten do especificado nas normas vixentes.

2. Elementos e condicións que poden ser excluídos.

Unicamente poderán excluírse os proxectos que polas súas características innovadoras no deseño do edificio ou súas innovacións tipolóxicas ou construtivas teñan consideración de proxectos I+D+i.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS
INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

ANEXO III

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
SOLICITUDE DE APLICACIÓN DO PROCEDEMENTO ESPECIAL DE INNOVACIÓN TIPOLÓXICA E CONSTRUTIVA	*VI033B*	*SOLICITUDE*

DATOS DO SOLICITANTE

PROMOTOR			CIF
DOMICILIO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

E, na súa representación:

APELIDOS	NOME		DNI
DOMICILIO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS DA EDIFICACIÓN

LOCALIZACIÓN	CARACTERÍSTICAS	
LOCALIDADE / PROVINCIA	SUPERFICIE: PARCELA / EDIFICACIÓN	Nº VIVENDAS / Nº PLANTAS
PLANEAMENTO URBANÍSTICO VIGENTE		

DOCUMENTACIÓN TÉCNICA

☐ MEMORIA DESCRITIVA DA ACTUACIÓN XUSTIFICATIVA DAS CONDICIÓNS QUE MOTIVAN O INCUMPRIMENTO DO DECRETO.

- DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN QUE SE PRETENDE REALIZAR.
- DESCRICIÓN DOS ASPECTOS DA NORMATIVA DE HABITABILIDADE INCOMPATIBLES COA ACTUACIÓN.
- XUSTIFICACIÓN DO CARÁCTER INNOVADOR DA ACTUACIÓN NO RELATIVO Á TIPOLOXÍA ARQUITECTÓNICA.
- XUSTIFICACIÓN DO CARÁCTER INNOVADOR DA ACTUACIÓN NO RELATIVO ÁS SOLUCIÓNS CONSTRUTIVAS.
- MEDIDAS ALTERNATIVAS QUE SE VAN ADOPTAR NO PROXECTO PARA GARANTIR AS AXEITADAS CONDICIÓNS DE HABITABILIDADE.
- PLANOS DA SITUACIÓN.
- CONDICIÓNS URBANÍSTICAS DE APLICACIÓN.
- ANEXO FOTOGRÁFICO DA PARCELA E DO SEU CONTORNO.

☐ OUTROS DOCUMENTOS QUE SE CONSIDERE CONVENIENTE ACHEGAR *(P.E. PLANOS, FICHAS DE MATERIAIS, ETC.)*

DOBLACIÓN APLICABLE *Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia*	(Para cubrir pola Administración) ANTECEDENTES DEVERADO ECONÓMICO NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA ___/___/___ DATA DE INICIO ___/___/___ DATA DE SAÍDA ___/___/___
SINATURA DOS SOLICITANTES OU PERSOA QUE O REPRESENTA , de de *Director Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS)*	

– 4 –

DECRETO 133/2008, DE 12 DE JUNIO,
POR EL QUE SE REGULA LA
EVALUACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL.-.-

http://www.xunta.es/Dog/Dog2008.nsf/FichaSeccion/2B012?OpenDocument

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

I

O artigo 45 da Constitución recoñece o dereito de todos a gozar dun ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa e o deber de conservalo, así como a obriga dos poderes públicos de velar pola utilización racional dos recursos naturais para promover e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o ambiente apoiándose na indispensable solidariedade colectiva.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no artigo 27, recoñéceille á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva para aprobar as normas adicionais sobre protección do ambiente e da paisaxe, nos termos do artigo 149.1.23 da Constitución. No exercicio destas competencias en materia de ambiente, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia que se basea, entre outros, nos principios de prevención, de clasificación das actividades de acordo coa súa incidencia ambiental, de información e participación pública e de coordinación entre as distintas administracións.

A aplicación do principio de prevención implica unha avaliación previa de todos os os proxectos, obras e actividades que sexan susceptibles de afectar o ambiente, a través dun procedemento que posibilita a introdución de medidas correctoras e facilita a subsiguinte vixilancia e control.

A consideración de elementais principios de proporcionalidade levan á necesaria clasificación ou catalogación previa das actividades de acordo coa gravidade dos seus potenciais efectos sobre o medio, para efectos de determinar en cada caso o procedemento de avaliación ambiental que se vai aplicar entre os previstos na Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia: avaliación de impacto ambiental, avaliación dos efectos ambientais e avaliación da incidencia ambiental.

O procedemento de declaración de impacto ambiental, obrigatorio para aquelas actividades ou proxectos que polas súas características e/ou dimensión, presentan un maior risco para o medio, ten sido obxecto dunha ampla regulación, recollida na actualidade no Real decreto lexislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aprova o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos, normativa básica que, como tal, está sendo aplicada pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A avaliación de efectos ambientais, prevista para os proxectos cunha menor repercusión ambiental que os suxeitos á declaración de impacto, está regulada polo Decreto 327/1991, de 20 de outubro, de avaliación de efectos ambientais de Galicia, constituíndo un procedemento ambiental cuxa aplicación resulta cada vez máis residual.

O procedemento de avaliación de incidencia ambiental afecta, segundo a Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, todas aquelas actividades que figuren no nomenclátor que se aprobe ao respecto, así como a aquelas outras que, non figurando neste, merezan a cualificación de molestas, insalubres, nocivas ou perigosas. A mesma Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, habilita a Xunta de Galicia para a aprobación tanto do correspondente nomenclátor como o procedemento en si, sendo de aplicación, en tanto se aprobe este desenvolvemento regulamentario, o Decreto 2414/1961, de 30 de novembro, polo que se aprova o Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas.

A Lei 34/2007, de 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera, ven derrogar o Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas (RAMINP), aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de novembro, permitindo que o citado Regulamento manteña a súa vizcencia naquelas comunidades autónomas que non teñan normativa aprobada na materia, en tanto non se dite a dita normativa.

Facendo uso da habilitación contida nos artigos 13 e 14 da Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, e no marco do ámbito competencial da Comunidade Autónoma de Galicia, este decreto por unha parte regula o procedemento da avaliación de incidencia ambiental e por outra, aprova o nomenclátor das actividades sometidas a este, desaparecendo para estes efectos o Decreto 2414/1961, de 30 de novembro, polo que se aprova o Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas.

II

O decreto estructúrase en cinco capítulos con 17 artigos e unha parte final integrada por tres disposicións adicionais, unha transitoria, unha derogatoria, tres finais e tres anexos.

O capítulo primeiro define o marco de aplicación da norma: o seu obxecto, regula o procedemento de avaliación de incidencia ambiental e o ámbito de aplicación material. O procedemento remata coa emisión dun ditame de incidencia ambiental como requisito previo para o outorgamento da licenza de actividade. O ámbito de aplicación establece as actividades sometidas ao procedemento, así como aquelas que polas súas características ou dimensión, ou que presentan unha escasa incidencia sobre o medio, quedan excluídas do procedemento. Entre unhas e outras queda un abano de actividades sobre as que só é posible decidir o seu sometemento ou non con base en criterios obxectivos para aplicar en cada caso, decisión motivada que lle corresponde adoptar á consellería competente en materia de ambiente.

O capítulo segundo establece o réxime de competencias, previndo a da consellería competente en materia de ambiente para a emisión de ditame de incidencia ambiental e a dos concellos para o outorgamento da licenza de actividade. Así mesmo dispón a posibilidade de delegación nos concellos das facultades relativas á emisión do ditame de avaliación de incidencia ambiental.

O procedemento para a avaliación de incidencia ambiental regúlase no capítulo terceiro. Este procedemento inícioso mediante a presentación da solicitude de licenza da actividade no concello correspondente. Así mesmo, regúlanse os diferentes trámites desta fase do procedemento ao sinalar a documentación que hai que presentar coa solicitude, o informe de compatibilidade da actividade coa planificación urbanística que emitirá o concello, o sometemento do expediente pelo concello ao trámite de información pública e a súa remisión á consellería competente en materia de ambiente, para emitir o ditame de incidencia ambiental. En relación co ditame, establécense os aspectos mínimos sobre os que deberá pronunciarse e o prazo para a súa emisión.

O capítulo cuarto engarza o ditame de avaliación ambiental no trámite da licenza de actividade a que vai conceder o concello, establecendo o seu contido, a posibilidade da súa modificación e transmisión da licenza de actividade, supeditada á previa comunicación ao concello.

A disciplina ambiental, que inclúe o réxime de vixilancia e seguimento, así como a aplicación do réxime sancionador, recóllense no capítulo quinto.

A disposición adicional primeira exclúe do procedemento de avaliación de incidencia ambiental todos aqueles proxectos, obras ou instalacións que estivesen sometidos aos procedementos de impacto ou efectos ambientais, supostos nos que se tramitará de acordo coa súa normativa reguladora específica e nos que a declaración de impacto ambiental ou de efectos ambientais substituirá para todos os efectos o ditame de incidencia ambiental.

A disposición adicional segunda exclúe da obriga de sometemento ao procedemento regulado a determinadas actividades agropecuarias e extractivas desenvolvidas en instalacións preexistentes recolleitas en sendas disposicións transitorias da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, salvo supostos de modificación substancial da súa actividade.

A disposición adicional terceira establece un procedemento abreviado para as actividades que sexan acometidas directamente pola Administración autonómica como promotora, para o suposto de proxectos cuxa aprobación leve implícita a declaración de utilidade pública.

A disposición transitoria dispón a tramitación dos expedientes iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta norma conforme as normas vigentes na súa iniciación. A disposición derradeira terceira prevé un período de vacatio legis de 20 días desde a publicación desta disposición.

III

O decreto incorpora tres anexos: o anexo I, que establece o nomenclátor de actividades sucetas ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental; o anexo II que enumera os criterios para determinar o sometemento ou non das actividades non incluídas no anexo I e o anexo III que relaciona as actividades excluídas.

A configuración dos anexos I e III parte da valoración do risco de impacto sobre o medio que presentan determinadas actividades, deixando fóra do procedemento aquelas que preceptivamente xa deban ser sometidas a declaración de impacto ou de efectos ambientais, e excluíndo expresamente aquelas que queden por debaixo de determinados liminares.

O anexo I estrúturase arredor de tres grupos de actividades: o grupo 1 que inclúe actividades xenéricas e os grupos 2 e 3 de actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera recolleitas nos grupos B e C, respectivamente, do anexo IV da Lei 34/2007, de 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera.

O anexo II establece os criterios para determinar o sometemento ou non ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental das actividades non recolleitas no anexo I. Estes criterios pretenden achegar elementos para a motivación da sucesión ou non ao procedemento de avaliación de cada caso en particular en función das variables cuantitativas, das características ambientais do proxecto e da súa localización tanto con relación ás condicións ambientais do contorno como dos asentamentos poboacionais ou equipamentos de servicios públicos.

Finalmente o anexo III contén a relación de actividades excluídas deste procedimento, fixando uns liminares por debaixo dos que as actividades referidas non están sometidas á avaliación de incidencia ambiental.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, conforme co ditame do Consello Consultivo de Galicia e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día doce de xaneiro de dous mil oito,

DISPOÑO:

CAPÍTULO PRIMEIRO

OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1º.-*Obxecto.*

1. É obxecto deste decreto a regulación do procedemento de avaliación de incidencia ambiental recolleito no capítulo IV do título II da Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.

2. O procedemento de avaliación de incidencia ambiental ten por obxecto a emisión do ditame de

incidencia ambiental como trámite previo para o outorgamento da correspondente licenza de actividade.

Artigo 2º.-*Ámbito de aplicación.*

1. Están sometidos ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental os proxectos, obras e instalacións, así como o seu traslado ou modificación substancial, das actividades, de titularidade pública ou privada, que figuran no anexo I.

2. Así mesmo estarán sometidas a este procedemento aquelas outras actividades que non estando incluídas no dito anexo I merezan a consideración de molestas, insalubres, nocivas e perigosas, consonte as definicións contidas no artigo 13 da Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.

A consellería competente en materia de ambiente decidirá sobre a necesidade ou non da avaliación de incidencia ambiental das actividades recollidas neste parágrafo. A decisión será motivada e adoptarase de acordo cos criterios obxectivos que se determinan no anexo II.

3. Pola súa menor incidencia no ambiente, quedan exceptuadas do procedemento de avaliación ambiental as actividades que se detallan no anexo III.

Artigo 3º.-*Modificación substancial.*

1. Co fin de cualificar como substancial a modificación dunha actividade xa autorizada teranse en conta a maior incidencia da modificación proxectada sobre o ambiente, a saúde das persoas e a seguridade, nos seguintes aspectos:

a) Un incremento superior ao 50% da capacidade produtiva da instalación.

b) Un incremento superior ao 50% das materias primas empregadas no proceso produtivo.

c) Un incremento do consumo de auga ou enerxía superior ao 50%.

d) Un incremento superior ao 25% das emisións de contaminantes atmosféricos ou a implantación de novos focos de emisión catalogados.

e) Un incremento superior ao 50% da vertedura de augas residuais.

f) A produción de residuos perigosos ou o incremento do 25 % do seu volume no caso de estar inicialmente previstos.

g) O incremento nun 25% dalgún ou da suma do total de contaminantes emitidos.

h) A incorporación ao sistema de produción ou o seu aumento por enriba do 25% de substancias perigosas, reguladas polo Real decreto 1254/1999, de 16 de xullo, polo que se establecen medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que intervefan substancias perigosas.

2. A aplicación dos criterios cuantitativos sinalados no punto 1 terá carácter acumulativo durante todo o proceso de vicencia da actividade.

CAPÍTULO SEGUNDO

RÉGIMES DE COMPETENCIAS

Artigo 4º.-*Competencias.*

1. Correspóndelle á consellería competente en materia de ambiente a emisión do ditame de avaliación de incidencia ambiental.

2. Correspóndelles aos concellos o outorgamento da licenza de actividade, de acordo co establecido na Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.

Artigo 5º.-*Delegación das facultades relativas á emisión do ditame de avaliación de incidencia ambiental.*

1. As facultades relativas á emisión do ditame de avaliación de incidencia ambiental poderán ser delegadas nos concellos nos termos previstos nos artigos 15 ao 17 da Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, e 182 ao 185 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

2. A delegación poderá comprender, logo de acordo cos concellos interesados, todas aquelas actividades recollidas no punto 2 do artigo 2 deste decreto, incluído o exercicio da competencia de decisión da necesidade ou non da avaliación de incidencia ambiental das ditas actividades.

CAPÍTULO TERCEIRO

PROCEDEMENTO PARA A AVALIACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL

Artigo 6º.-*Iniciación do procedemento.*

1. Toda persoa física ou xurídica que pretenda desenvolver unha actividade comprendida no ámbito de aplicación definido no artigo 2 deste decreto, deberá presentar solicitude de licenza de actividade no concello correspondente ao termo municipal no que se sitúe a instalación na que se vai desenvolver.

2. Con carácter previo á solicitude, o interesado poderá realizarlle unha consulta ao concello acerca do sometemento ou non ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental da actividade que pretenda desenvolver, ou que estea desenvolvendo no suposto de modificación substancial desta. O resultado desta consulta non ten carácter vinculante, agás no suposto de que a competencia para a emisión do ditame ambiental estivese delegada no concello, consonte o previsto no artigo 5º deste decreto.

Artigo 7º.-*Documentación que hai que presentar coa solicitude.*

1. Á solicitude deberá anexarse a seguinte documentación:

a) Proxecto técnico redactado por técnico competente na materia.

b) Unha memoria descritiva na que se detallen os aspectos básicos relativos á actividade, á súa localización e repercusións no ambiente. A memoria deberá conter unha descrición detallada dos tipos, cantidades e composición dos residuos xerados, vertedoiros e emisións contaminantes e a xestión prevista para eles; os riscos da actividade e proposta de medidas preventivas, correctoras e de autocontrol; técnicas de restauración do medio afectado e programa de seguimento da área restaurada nos casos de desmantelamento das instalacións ou cesamento da actividade; os usos permitidos e prohibidos polo planeamento na zona de implantación da actividade; así como calquera outra información que resulte relevante para a avaliación da incidencia ambiental da actividade.

c) Xustificación do cumprimento da lexislación ambiental e sectorial aplicable á actividade, da normativa de seguridade, da relativa ás medidas de autoprotección e saúde e, se é o caso, das ordenanzas municipais que resulten de aplicación.

d) Declaración dos datos que a xuízo do solicitante gozan de confidencialidade amparada na normativa vixente.

2. Nos supostos de modificación substancial dunha actividade previamente autorizada, a solicitude e documentación anexa debe ir referida á parte ou partes da actividade afectadas pola modificación.

Artigo 8º.-Tramitación polo concello.

1. Unha vez recibida a solicitude e documentación anexa de acordo co disposto no artigo anterior, os servizos técnicos do concello emitirán un informe sobre compatibilidade da actividade cos instrumentos de planificación urbanística e as ordenanzas municipais.

2. De resultar incompatible a actividade proposta cos instrumentos de planificación e ordenanzas municipais referidas, o concello poderá resolver a denegación da licenza por razóns de competencia municipal. Esta resolución poderase en coñecemento do órgano competente en materia de ambiente da Comunidade Autónoma.

3. O expediente será sometido polo concello ao trámite de información pública por un período de vinte días mediante anuncio no *Diario Oficial de Galicia* e no BOP correspondente e exposición no taboleiro de anuncios do concello. A apertura do trámite de información pública notificaráselles persoalmente aos veciños e titulares de dereitos inmediatos ao lugar da localización proposta, para os efectos de que poidan alegar o que consideren oportuno.

4. Do trámite de información pública exceptuaranse os datos da solicitude e documentación anexa que estean amparados polo réxime de confidencialidade.

5. Os trámites de emisión do informe de compatibilidade da actividade cos instrumentos de planificación urbanística e ordenanzas municipais e de información pública efectuaranse simultaneamente.

Artigo 9º.-Remisión do expediente ao órgano ambiental.

1. Nun prazo máximo de trinta días desde a finalización do trámite de información pública remitiráselles o expediente á consellería competente en materia de ambiente, junto coas alegacións presentadas, os informes de compatibilidade emitidos e un informe razoado do concello sobre a incidencia ambiental da actividade no ámbito local e sobre o resultado da información pública practicada.

2. O concello poderá suspender o transcurso do prazo máximo para resolver no suposto previsto no artigo 42, parágrafo 5, letra c) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedimento administrativo común.

Artigo 10º.-Informes.

1. Recibido o expediente, a consellería competente en materia de ambiente solicitará informe dos órganos da Administración autonómica que, pola natureza da actividade, deban pronunciarse. O prazo para a emisión destes informes será de quince días desde a recepción da súa solicitude, agás naqueles casos que, por causa xustificada, e por petición do órgano que deba pronunciarse, o devandito prazo se poida ampliar noutros quince días.

2. Os informes solicitados e non recibidos no prazo estipulado entenderanse como favorables, podendo continuar o procedemento.

Artigo 11º.-Ditame de incidencia ambiental.

1. No prazo máximo dun mes, contado a partir da recepción de todos os informes preceptivos aos que se refire o punto anterior, a consellería competente en materia de ambiente emitirá o ditame de incidencia ambiental, procedéndose a súa remisión ao concello no prazo dos 10 días seguintes á súa emisión.

2. O ditame de incidencia ambiental pronunciarase, como mínimo, sobre os seguintes aspectos:

a) Descrición da instalación, incluíndo procesos, equipos principais, materias primas utilizadas, consumos de auga e recursos enerxéticos e produtos finais.

b) Vertedoiros e emisións, sistemas de tratamento e corrección, emisións finais ao medio receptor, técnicas de prevención e redución en orixe e técnicas de corrección e tratamento.

c) Técnicas de minimización na produción de residuos e as medidas relativas á súa xestión.

d) Valores-límite de emisión que resulten de aplicación á actividade.

e) Técnicas de medida, control e avaliación das emisións e vertedoiros, frecuencia das medicións e obrigas de información que, se é o caso, se establezan.

f) Medidas correctoras, de ser o caso.

3. Para o establecemento dos valores-límite e medidas a que se refire o punto anterior teranse en conta as melloras técnicas disponibles, así como a localización da actividade con relación aos núcleos de poboación.

4. O prazo máximo de procedemento de emisión do ditame de incidencia ambiental será de tres meses contados desde a entrada do expediente na consellería competente en materia de ambiente ata o seu traslado ao concello.

CAPÍTULO QUARTO

LICENZA DAS ACTIVIDADES SOMETIDAS A AVALIACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL

Artigo 12º.-*Licenza de actividade.*

1. No ámbito de aplicación do procedemento de avaliación de incidencia ambiental, o ditame de incidencia ambiental será preceptivo e previo ao outorgamento da licenza de actividade.

2. Cando fose negativo ou impusese medidas correctoras que non estivesen no proxecto e na memoria que lle xuntou á solicitude, o ditame de incidencia ambiental terá efectos vinculantes para a autoridade municipal a que corresponda resolver sobre o outorgamento ou denegación da licenza da actividade.

3. A resolución recaída deberalle ser notificada ao solicitante e demais interesados no procedemento, así como remitida copia ao órgano emisor do ditame de incidencia ambiental dentro do prazo de 10 días desde a data na que o acto foi ditado.

4. En caso de impugnación en vía administrativa da licenza municipal baseada no contido do ditame de incidencia ambiental, o concello dará traslado do recurso á consellería competente en materia de ambiente para que, se así o considera, presente alegacións no prazo de quince días.

Artigo 13º.-*Contido da licenza de actividade.*

1. A licenza de actividades sometidas a avaliación de incidencia ambiental incorporará o contido do ditame de incidencia ambiental, así como as prescricións necesarias relativas á seguridade e medidas de autoprotección, á saúde e demais aspectos de competencia municipal.

2. A licenza deberá establecer, así mesmo, o prazo para o comezo da actividade que, en todo caso, deberá respectar a normativa sectorial aplicable. De non iniciarse a actividade no prazo sinalado, o concello poderá declarar a caducidade da licenza, logo da instrucción do correspondente procedemento con audiencia do interesado.

Artigo 14º.-*Modificación da licenza de actividade.*

1. A licenza de actividades sometidas á avaliación de incidencia ambiental poderá ser modificada de oficio ou por instancia de parte cando se persiga como fin a adaptación ás modificacións da normativa aplicable ou ao progreso técnico e científico.

2. Procede a modificación de oficio da licenza nos seguintes casos:

a) Cando a contaminación producida pola actividade faga conveniente a revisión dos valores-límite de emisión determinados na licenza ou a adopción de novos valores.

b) Cando se produza unha variación importante do medio receptor con respecto ás condicións existentes no momento do seu outorgamento.

c) Cando o funcionamento do proceso ou da actividade faga necesario utilizar técnicas que melloren substancialmente a súa seguridade.

d) Cando, como consecuencia de importantes cambios nas melloras técnicas disponibles, resulte posible reducir significativamente as emisións sen impoñer custos excesivos.

Artigo 15º.-*Transmisión da licenza de actividade.*

1. Cando se transmita a titularidade da licenza de actividades sometidas á avaliación de incidencia ambiental será precisa a súa comunicación previa ao concello polos sucesivos que intervéñan na transmisión.

2. Unha vez producida a transmisión, o novo titular subrogarase nos dereitos, obrigas e responsabilidades do anterior titular, con excepción das responsabilidades de orde sancionadora.

CAPÍTULO QUINTO

INSPECCIÓN AMBIENTAL

Artigo 16º.-*Vixilancia e seguimento.*

1. O réxime de inspección e vixilancia deste decreto será o contido no capítulo I do título IV da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, polo que se establecen normas de protección do medio.

2. Sen prexuízo das competencias atribuídas á Xunta de Galicia, corresponderalle ao concello a vixilancia e o seguimento do cumprimento das condicións establecidas na licenza das actividades sometidas a avaliación de incidencia ambiental.

Artigo 17º.-*Réxime sancionador.*

O incumprimento das obrigas establecidas neste decreto sancionaranse, cando proceda, de conformidade co disposto nos capítulos II, III e IV do título IV da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, sen prexuízo das responsabilidades civis, penais ou doutra orde a que houbese lugar.

Disposición adicional

Primeira.-*Proxectos, obras ou instalacións sometidos aos procedementos de avaliación de impacto ambiental ou efectos ambientais.*

Se o proxecto, obra ou instalación remitido á consellería competente en materia de ambiente estivese sometido ao procedemento de avaliación de impacto ou efectos ambientais procederase á súa tramitación conforme a normativa reguladora dos ditos procedementos. Nestes supostos, a declaración de impacto ambiental ou de efectos ambientais substituirá para todos os efectos o ditame de incidencia ambiental.

Segunda.-*Actividades agropecuarias e extractivas de recursos minerais.*

1. As actividades agropecuarias desenvolvidas nas construcións e instalacións previstas na disposición transitoria undécima da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, estarán sometidas ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental só cando acometan unha modificación substancial da súa actividade nos termos previstos no artigo 3º deste decreto.

2. As actividades extractivas de recursos minerais desenvolvidas nas explotacións mineiras previstas na disposición transitoria duodécima da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, outorgada a licenza urbanística nos termos previstos na citada disposición, estarán sometidas ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental só nos casos de modificación substancial, conforme os termos previstos no artigo 3º deste decreto, ou de renovación da concesión.

Terceira.-*Procedemento abreviado.*

1. Cando as actividades sometidas á avaliación de incidencia ambiental fosen acometidas directamente pola Administración autonómica como promotora dun proxecto, cuxa aprobación leve implícita a declaración de utilidade pública, o procedemento de avaliación de incidencia ambiental tramitaraseconforme a un procedemento abreviado. Neste sentido, o departamento ou órgano promotor presentará directamente ante a consellería competente en materia de ambiente a documentación sinalada no artigo 7.

2. A consellería competente en materia ambiental someterá directamente o expediente ao trámite de información pública polo termo de vinte días e solicitará os informes de compatibilidade e os informes preceptivos previstos nos artigos 8 e 10 deste decreto, respectivamente. Estes informes serán emitidos nun prazo de quince días desde a recepción da súa solicitude.

3. A consellería competente en materia de ambiente emitirá o ditame de incidencia ambiental previsto no artigo 11 deste decreto, no prazo máximo de vinte días, contados a partir da recepción dos informes sinalados no punto anterior, procedéndose á súa remisión ao concello no prazo dos cinco días seguintes ao da emisión.

4. O prazo máximo do procedemento abreviado de emisión do ditame de incidencia ambiental será de tres meses contados desde a entrada do expediente na consellería competente en materia de ambiente ata o seu traslado ao concello.

Disposición transitoria

Única.-Os expedientes iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste decreto, tramitaranse de conformidade coas normas vixentes na súa iniciación.

Disposición derrogatoria

Única- Quedan derrogadas cantas disposicións, de igual ou inferior rango, se opoñan ao disposto neste decreto.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Conforme o disposto na disposición derrogatoria única da Lei estatal 34/2007, de 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera, e na disposición transitoria segunda da Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, pola que se establecen normas de protección do ambiente, queda sen aplicación no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia o Decreto 2414/1961, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas.

Segunda.-Facúltase o conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución deste decreto.

Terceira.-Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, doce de xuño de dous mil oito.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

Manuel Vázquez Fernández
Conselleiro de Medio Ambiente
e Desenvolvemento Sostible

ANEXO I
Actividades sometidas ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental

Grupo 1.-Actividades zootécnicas.

Nota: estarán sometidas ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental aquelas instalacións nas que se desenvolva alguna das actividades incluídas neste grupo e que non estean sometidas a declaración de impacto ou de efectos ambientais ou queden por baixo dos limiares sinalados no anexo III.

1.1. Explotacións de gandaría (código CNAE 01) e acuicultura (CNAE 05) en réxime intensivo:

1.1.1. Explotacións avícolas: entre 1.000 e 40.000 prazas de galiñas poedeiras e entre 1.000 e 55.000 prazas de pelos.

1.1.2. Explotacións de porcino: entre 25 e 750 prazas de porcas nai e entre 50 e 2.000 prazas de porcos de engorde.

1.1.3. Explotacións de vacún: entre 20 e 300 cabezas de vacún de leite e entre 20 e 600 cabezas de vacún de cebo.

1.1.4. Explotacións de ovino e caprino: entre 500 e 2.000 cabezas.

1.1.5. Explotacións cunícolas: entre 200 e 20.000 prazas.

1.1.6. Instalacións para a acuicultura intensiva que teñan unha capacidade de produción entre 100 e 500 toneladas anuais.

1.2. Industria de produtos alimenticios e bebidas (código CNAE 15):

1.2.1. Matadoiros e instalacións para o sacrificio e/ou desprazamento de animais cunha capacidade de produción de canles inferior a 50 toneladas por día.

1.2.2. Instalacións de eliminación ou aproveitamento de canles ou refugallos de animais con capacidade entre 2 e 10 toneladas por día.

1.2.3. Industrias lácteas nas que se reciba unha cantidade de leite entre 20 e 200 toneladas por día en valor medio anual.

1.2.4. Instalacións cuxa materia prima sexa de orixe vexetal cunha superficie útil superior a 1.000 m² ou unha potencia mecánica instalada superior a 250 kW e unha capacidade de produción inferior a 300 toneladas por día de produtos acabados.

1.3. Industria téxtil (código CNAE 17); industria da confección e peletaría (código CNAE 18):

1.3.1. Instalacións para o tratamento previo (operacións de lavado, branqueo, mercerización) ou para a tinguidura de fibras ou produtos téxtiles cando a capacidade de tratamento non supere as 10 toneladas diarias.

1.3.2. Outras instalacións cunha superficie útil superior a 1.000 m², ou unha potencia mecánica instalada superior a 250 kW.

1.4. Industria do coiro e calzado (código CNAE 19):

1.4.1. Instalacións para a curtidura de coiros cando a capacidade de tratamento non supere as 12 toneladas de produtos acabados por día.

1.4.2. Outras instalacións cunha superficie útil superior a 1.000 m², ou unha potencia mecánica instalada superior a 250 kW.

1.5. Industria da madeira e da cortiza, excepto moble; cestaría e espartaría (código CNAE 20):

1.5.1. Instalacións para a serradura ou transformación da madeira cunha superficie útil superior a 1.000 m², ou unha potencia mecánica instalada superior a 250 kW.

1.6. Industria do papel (código CNAE 21), edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados (código CNAE 22):

1.6.1. Instalacións de produción e tratamento de celulosa cunha capacidade de produción non superior a 15 toneladas diarias.

1.6.2. Instalacións destinadas á fabricación de papel e cartón cunha capacidade de produción non superior a 20 toneladas diarias.

1.6.3. Industria das artes gráficas cunha superficie útil superior a 1.000 m², ou unha potencia mecánica instalada superior a 250 kW.

1.6.4. Actividades correspondentes á industria das artes gráficas que, non alcanzando as condicións de superficie e potencia sinaladas anteriormente, teñan un consumo de disolventes orgánicos igual ou superior a 15 toneladas/ano.

1.7. Fabricación de produtos de caucho e materias plásticas (código CNAE 25):

1.7.1. Instalacións para o tratamento de superficie de materiais plásticos por procedemento electrolítico ou químico, cando o volume das cubetas ou das liñas completas destinadas ao tratamento empregadas non sexa superior a 30 m³, excluídas as cubetas de lavado.

1.7.2. Outras instalacións para a fabricación de productos de plástico e outros polímeros, mediante inxección, moldeo ou extrusión, cando a súa superficie útil sexa superior a 1.000 m², ou a súa potencia mecánica instalada sexa superior a 250 kW.

1.8. Fabricación doutros produtos minerais non metálicos (código CNAE 26):

1.8.1. Instalacións de fabricación de cemento, magnesita e/ou clínker en fornos rotatorios cunha capacidade de produción non superior a 500 toneladas diarias, ou de cal en fornos rotatorios cunha capacidade de produción non superior a 50 toneladas por día, ou en fornos doutro tipo cunha capacidade de produción non superior a 50 toneladas por día.

1.8.2. Instalacións para a obtención de amianto e para a fabricación de produtos a base de amianto entendendo por tales as instalacións destinadas á extracción de amianto, así como o tratamento e transformación do amianto e dos produtos que conteñen amianto: para os produtos de amianto-cemento, cunha produción anual non superior a 20.000 toneladas de produtos acabados; para os usos do amianto como materiais de fricción, cunha produción anual non superior a 50 toneladas de produtos acabados; para os demais usos do amianto, unha utilización anual non superior a 200 toneladas.

1.8.3. Fabricación de formigón en instalacións cun prazo de implantación superior a 2 anos.

1.8.4. Talleres de cantaría cando a súa superficie útil sexa superior a 1.000 m², ou a súa potencia mecánica instalada sexa superior a 250 kW.

1.8.5. Instalacións para a elaboración de elementos prefabricados de formigón cando a súa superficie útil sexa superior a 1.000 m², ou a súa potencia mecánica instalada sexa superior a 250 kW.

1.8.6. Instalacións para a fabricación de vidro incluída a fibra de vidro, cunha capacidade de fusión non superior a 20 toneladas por día.

1.8.7. Instalacións para a fabricación de xeso e produtos cerámicos mediante forneado, en particular tellas, ladrillos, refractarios, azulexos ou produtos cerámicos ornamentais ou de uso doméstico, cunha capacidade de produción non superior a 75 toneladas por día, e unha capacidade de forneado non superior a 4 m³ nin tampouco superior a 300 kg/m³ de densidade de carga por forno.

1.9. Metalurxia (código CNAE 27); fabricación de produtos metálicos, excepto maquinaria e equipo (código CNAE 28):

1.9.1. Laminado en quente cunha capacidade non superior a 20 toneladas de aceiro bruto por hora.

1.9.2. Forxado con martelos cuxa enerxía de impacto non sexa superior a 50 quilo xulios por martelo ou cando a potencia térmica utilizada non sexa superior a 20 MW.

1.9.3. Aplicación de capas de protección de metal fundido cunha capacidade de tratamento non superior a 2 toneladas de aceiro bruto por hora.

1.9.4. Fundicións de metais ferrosos cunha capacidade de produción non superior a 20 toneladas por día.

1.9.5. Instalacións para a transformación de metais ferrosos, entre os cales se atopa o laminado en quente cunha capacidade non superior a 20 toneladas de aceiro bruto por hora.

1.9.6. Instalacións para a fusión de metais non ferrosos, inclusive a aliaxes, así como os produtos de recuperación (refinado, moldeado en fundición) cunha capacidade de fusión non superior a 4 toneladas para o chumbo e o cadmio e non superior a 20 toneladas para todos os demais metais, por día.

1.9.7. Instalacións para o tratamento de superficie de metais por procedemento electrolítico ou químico, cando o volume das cubetas ou das liñas completas destinadas ao tratamento empregadas non sexa superior a 30 m³, excluídas as cubetas de lavado.

1.9.8. Outras instalacións para a fabricación de produtos metálicos cando a súa superficie útil sexa superior a 1.000 m², ou a súa potencia mecánica instalada sexa superior a 250 kW.

1.10. Fabricación de moble; outras industrias manufactureiras (código CNAE 36):

1.10.1. Instalacións para a fabricación de moble, cando a súa superficie útil sexa superior a 1.000 m², ou a súa potencia mecánica instalada sexa superior a 250 kW.

1.10.2. Instalacións para o tratamento de superficie de materiais, obxectos ou produtos con utilización de disolventes orgánicos, en particular para aprestalos, estampalos, revestilos e desengrazalos, impermeabilizalos, pegalos, enlacalos, limpalos ou impregnalos, cunha capacidade de consumo non superior a 150 kg de disolvente por hora, nin tampouco superior a 200 toneladas por ano.

1.10.3. Instalacións para outras actividades manufactureiras, que unicamente realicen operacións de montaxe de compoñentes cando a súa superficie útil sexa superior a 1.000 m², ou a súa potencia mecánica instalada sexa superior a 250 kW.

1.11. Reciclaxe (código CNAE 37):

1.11.1. Instalacións para as actividades de recolleita, tratamento, recuperación e eliminación de residuos sólidos, líquidos ou gasosos, urbanos, agrícolas ou industriais non sometos a outros instrumentos de avaliación ou autorización ambiental, incluíndo as instalacións de selección e tratamento e vertedoiros de residuos inertes cuxo período de explotación sexa igual ou superior a dous anos.

1.11.2. Centros autorizados de tratamento e descontaminación de vehículos ao final da súa vida útil con capacidade de xestión inferior a 2.200 vehículos por ano.

1.12. Captación, depuración e distribución de auga (código CNAE 41):

1.12.1. Plantas de depuración de augas residuais urbanas, de capacidade entre 10.000 e 150.000 habitantes-equivalentes.

1.13. Venda, mantemento e reparación de vehículos de motor; venda polo miúdo de combustible para vehículos de motor (código CNAE 50):

1.13.1. Talleres de reparación de vehículos e maquinaria cando a súa superficie útil sexa superior a 1.000 m² ou a súa potencia mecánica instalada sexa superior a 250 kW.

1.13.2. Parques de almacenamento de combustibles líquidos.

1.13.3. Gasolineiras e estacións de servizo.

1.14. Comercio por xunto e intermediarios do comercio, excepto de vehículos de motor e motocicletas (código CNAE 51):

1.14.1. Comercio por xunto de alimentos e bebidas en establecementos cunha superficie superior a 1.000 m² ou unha potencia superior aos 50 kW.

1.14.2. Comercio por xunto de perfumaría e produtos de beleza.

1.14.3. Comercio por xunto de produtos farmacéuticos.

1.14.4. Comercio por xunto doutros produtos de consumo, en establecementos cunha superficie superior a 1.000 m² ou unha potencia superior aos 50 kW.

1.14.5. Comercio por xunto de produtos semielaborados, chatarra e produtos de refugallo en establecementos cunha superficie superior a 1.000 m^2 ou unha potencia superior aos 50 kW.

1.14.6. Comercio por xunto de combustibles sólidos, líquidos e gaseosos e produtos similares.

1.14.7. Comercio por xunto de madeira, materiais de construción e aparellos sanitarios en establecementos cunha superficie superior a 1.000 m^2 ou unha potencia superior aos 50 kW.

1.14.8. Comercio por xunto de fertilizante e produtos químicos para a agricultura.

1.14.9. Comercio por xunto de caucho e materias plásticas en formas primarias.

1.14.10. Comercio por xunto de produtos químicos industriais e outros produtos semielaborados.

1.14.11. Comercio por xunto doutros compoñentes e equipos electrónicos en establecementos cunha superficie superior a 1.000 m^2 ou unha potencia superior aos 50 kW.

1.14.12. Comercio por xunto de máquinas-ferramenta en establecementos cunha superficie superior a 1.000 m^2 ou unha potencia superior aos 50 kW.

1.14.13. Comercio por xunto de máquinas, accesorios e útiles agrícolas, incluídos os tractores en establecementos cunha superficie superior a 1.000 m^2 ou unha potencia superior aos 50 kW.

1.14.14. Almacéns de obxectos e materiais que poidan ser prexudiciais para o ambiente, entendendo por tales aqueles que teñen presenza de substancias perigosas en cantidades tales que supoñan a existencia de risco de accidente grave.

Grupo 2.-Actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera incluídas no grupo B do anexo IV da Lei 34/2007, de 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera.

Nota: estarán sometidas ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental aquelas instalacións nas que se desenvolva alguna das actividades incluídas neste grupo e que non estean sexeitas a declaración de impacto ou de efectos ambientais ou queden por baixo dos limiares sinalados no anexo III.

2.1. Enerxía:

2.1.1. Centrais térmicas convencionais de potencia inferior a 50 MWt.

2.1.2. Xeradores de vapor de capacidade superior a 20 t/h de vapor e xeradores de calor de potencia superior a 2.000 termias/h. Se varios equipos illados forman parte dunha instalación ou se varias instalacións illadas desembocan nunha soa chaminea común, aplicaranse para estes efectos a suma das potencias dos equipos ou instalacións illados.

2.1.3. Fabricación de aglomerados e briquetes de carbón.

2.1.4. Instalacións de acondicionamento e tratamento de carbón (machacadura, moenda e cribadura).

2.1.5. Almacenamento á intemperie de combustibles sólidos e residuos das centrais térmicas.

2.1.6. Carbonización da madeira (carbón vexetal) en canto sexa unha industria fixa e extensiva.

2.1.7. Instalacións de gasificación e licuefacción de carbón.

2.2. Minaría:

2.2.1. Extracción de rochas, pedras, graxas e area.

2.2.2. Instalacións de tratamento de pedras, seixos e outros produtos minerais (machacadura, esmiuzado, trituradura, pulverizadura, moenda, tamizadura, cribadura, mesturadura, limpadura, ensacadura) cando a capacidade é superior a 200.000 t/a ou para calquera capacidade cando a instalación se atope a menos de 500 m dun núcleo de poboación.

2.2.3. Instalacións de manutención e transporte nas explotacións mineiras.

2.2.4. Almacenamento á intemperie de produtos minerais, incluídos os combustibles sólidos e escorias.

2.3. Siderurxia e fundición:

2.3.1. Produción de fundición de ferro, ferro maleable e aceiro en fornos rotativos e cubiletes e fornos de arco eléctrico, con capacidade de produción igual ou inferior a 10 t.

2.3.2. Fabricación de ferroaliazes en forno eléctrico cando a potencia sexa igual ou inferior a 100 kW.

2.3.3. Tratamento de escorias siderúrxicas.

2.4. Metalurxia non férrea:

2.4.1. Fabricación de silico-aliazes en forno eléctrico (silicio-aluminio, silicio-calcio, silicio-manganeso, ..., con excepción de ferrosilicio), cando a potencia do forno é superior a 100 kW.

2.4.2. Refundición de metais non férreos.

2.4.3. Recuperación dos metais non férreos mediante tratamento por fusión de chatarras, excepto o chumbo.

2.4.4. Preparación, almacenamento á intemperie, carga, descarga, manutención e transporte de minerais nas plantas metalúrxicas.

2.5. Transformados metálicos:

2.5.1. Esmaltados de condutores de cobre.

2.5.2. Galvanizadura, estañadura e emplomadura de ferro ou revestimentos con metal calquera por inmersión en baño de metal fundido.

2.5.3. Fabricación de placas de acumuladores de chumbo con capacidade superior a 1.000 t/a.

2.6. Industrias químicas e conexas:

2.6.1. Fabricación de amoníaco.

2.6.2. Fabricación de alumina.

2.6.3. Producción de cloruro de amonio.

2.6.4. Produción de derivados inorgánicos do mercurio.

2.6.5. Produción de sales de cobre.

2.6.6. Produción de óxidos de chumbo (minio e litarxirio) e carbonato de chumbo (albaialde).

2.6.7. Produción de selenio e os seus derivados.

2.6.8. Produción de hidróxido de amonio, hidróxido potásico e hidróxido sódico.

2.6.9. Produción de hidrocarburos fosforados.

2.6.10. Produción de hidrocarburos halogenados.

2.6.11. Produción de fenol, cresois e nitrofenoles.

2.6.12. Produción de piridina e metilpiridinas (picolinas) e cloropicrina.

2.6.13. Produción de formol, acetaldehído e acroleína e os seus alquil-derivados.

2.6.14. Produción e utilización de aminas.

2.6.15. Produción de ácidos graxos industriais.

2.6.16. Preparación de mesturas bituminosas a base de asfalto, betumes, alcatrán e breas.

2.6.17. Produción de benzol bruto.

2.6.18. Produción de colorantes orgánicos sintéticos.

2.6.19. Produción de litopón, azul de ultramar, azul de prusia e peróxido de ferro.

2.6.20. Saponificación e cocción de xabón.

2.6.21. Rexeneración de cauchu.

2.6.22. Produción de plásticos para moldeo do tipo vinílico, fenólico, acrílico, uretánico e halogenado.

2.6.23. Produción de cauchos nitrílicos e halogenados.

2.6.24. Produción de viscosa e fibras acrílicas.

2.6.25. Fabricación de guarnicións de fricción que utilicen resinas fenoplásticas.

2.6.26. Fabricación de ebonita.

2.6.27. Produción de tintas de imprenta.

2.6.28. Instalacións químicas que utilicen un procedemento químico ou biológico para a fabricación de medicamentos de base.

2.6.29. Produción de pragucidas.

2.6.30. Fabricación de colas e xelatinas.

2.6.31. Fabricación de explosivos.

2.7. Industria téxtil (ningunha).

2.8. Industria alimentaria:

2.8.1. Fabricación de malta e cervexa.

2.8.2. Azucreiras, incluído o depósito de pulpas húmidas de remolacha.

2.8.3. Fabricación de fariña de óseo e glutes de pelos.

2.8.4. Produción de fariña de peixe e extracción e tratamento do aceite de peixe.

2.8.5. Destilarías de alcol e fabricación de augardentes cando a produción expresada en alcol absoluto é superior a 500 l/d.

2.8.6. Fabricación de fermento.

2.8.7. Almacenamento de sebos brutos destinados á extracción de graxas industriais.

2.8.8. Fundición, refundición, neutralización, branqueadura e filtración de graxas e sebos.

2.8.9. Produción de alimentos precocinados e afumado, secado e salgas de alimentos.

2.8.10. Produción de conservas de peixe, crustáceos e moluscos.

2.8.11. Almacenamento de peixes salgados, afumados ou secados cando a cantidade almacenada é superior a 500 kg.

2.8.12. Almacenamento de ovas de peixe.

2.9. Industria da madeira, cortiza e moblas:

2.9.1. Impregnación ou tratamento da madeira con aceite de creosota, alcatrán e outros produtos para a súa conservación.

2.10. Industria de materiais para a construción:

2.10.1. Fabricación de cal e xeso con capacidade de produción igual ou inferior a 5.000 t/a.

2.10.2. Fabricación de produtos de arcila para a construción, azulexos, material refractario e artigos de porcelana, louza e gres.

2.10.3. Fabricación de vidro.

2.10.4. Plantas de preparación de formigón.

2.11. Industria da pel, coiro e calzado:

2.11.1. Almacenamento de pelos frescas ou coiros verdes.

2.11.2. Tratamento e curtidura de coiros e pelos.

2.12. Industrias fabrís e actividades diversas:

2.12.1. Aplicación en frío de vernices non graxos, pinturas e tintas de impresión sobre calquera soporte e cocción ou secado destes, cando a cantidade almacenada no taller é superior a 1.000 litros.

2.12.2. Plantas de tratamento de residuos urbanos con capacidade igual ou inferior a 150 t/d.

2.12.3. Instalacións para a eliminación dos residuos non perigosos, en lugares distintos dos vertedeiros, cunha capacidade de máis de 50 t/día.

2.12.4. Fornos crematorios, hospitais e cemiterios.

2.12.5. Almacenamento á intemperie e manipulación de materiais e refugallos pulverulentos.

2.13. Actividades agrícolas e agro-industriais (ningunha[2]).

Grupo 3.-Actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera incluídas no grupo C do anexo IV da Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera.

Nota: estarán sometidas ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental aquelas instalacións nas que se desenvolva alguna das actividades incluídas neste grupo e que non estean sometidas a declaración de impacto ou de efectos ambientais ou queden por baixo dos limiares sinalados no anexo III.

3.1. Enerxía:

3.1.1. Xeradores de vapor de capacidade igual ou inferior a 20 t/h de vapor e xeradores de calor de potencia igual ou inferior a 2.000 termias/h. Se varios equipos illados forman parte dunha instalación ou se varias instalacións illadas desembocan nunha soa chaminea común, aplicaranse para estes efectos a suma das potencias dos equipos ou instalacións illados.

3.1.2. Produción de gas pobre, de gasógeno ou de auga.

3.2. Minería:

3.2.1. Instalacións de tratamento de pedras e outros produtos minerais (machacadura, esmiuzadura, triturada, pulverización, moenda, tamizadoura, cribadura, mesturadura, limpadura, enxacadura) cando a capacidade é superior a 200.000 Tm/a.

3.2.2. Talladura, serradura e pulidura por medios mecánicos de rocas e pedras naturais.

3.3. Siderurxia e fundición:

3.3.1. Tratamentos térmicos de metais férreos e non férreos.

3.3.2. Operacións de moldeo e tratamento de areas de fundición e outras materias de moldeo.

3.3.3. Fornos de conformado de ferros e perfís.

3.4. Metalurxia non férrea:

3.4.1. Refino de metais en fornos de reverbero a excepción do chumbo e cobre.

3.4.2. Fabricación de silicoaluminas, agás ferrosilicio, cando a potencia do forno é igual ou inferior a 100 kW.

3.5. Transformados metálicos (ningunha [illegible]).

3.6. Industrias químicas e conexas:

3.6.1. Produción de cloruro e nitrato de ferro.

3.6.2. Produción de compostos de cadmio, cinc, cromo, magnesio, manganeso e cobre.

3.6.3. Produción de aromáticos nitrados.

3.6.4. Produción de ácidos fórmico, acético, oxálico, adípico, lático, salicílico, maleico e fálico.

3.6.5. Produción de anhídridos, acético, maleico e fálico.

3.6.6. Fabricación de produtos detergentes.

3.6.7. Produción de celuloide e nitrocelulosa.

3.6.8. Produción de pinturas, vernices e lacas.

3.6.9. Recuperación de prata por tratamento de produtos fotográficos.

3.6.10. Fundidura de resinas.

3.6.11. Oxidación de aceites vexetais.

3.7. Industria téxtil:

3.7.1. Lavado e cardado de la.

3.7.2. Fabricación de fieltros e guatas.

3.8. Industria alimentaria:

3.8.1. Tostadura e torrefactado de cacao, café, malta, achicoria e outros succedáneos do café.

3.8.2. Preparación de produtos opoterápicos e de extractos ou concentrados de carnes, peixe e outras materias animais.

3.8.3. Freidurías industriais de produtos alimentarios (peixes, patacas, etc.) nas aglomeracións urbanas.

3.9. Industria da madeira, cortiza e moblos:

3.9.1. Fabricación de taboleiros aglomerados e de fibras.

3.10. Industria de materiais para a construción:

3.10.1. Centrais de distribución de cementos a granel. Ensacadura de cementos.

3.10.2. Fabricación de produtos de fibrocemento.

3.11. Industrias fabris e actividades diversas:

3.11.1. Aplicación sobre calquera soporte (madeira, coiro, cartón, plásticos, fibras sintéticas, tecido, fieltro, metais, etc.) de asfalto, materiais betuminosos ou aceites asfálticos, de vernices graxos e aceites secantes para a obtención de papel recubierto, tecidos recubertos (balas, coiros artificiais, lona e papeis aceitados e linóleos).

ANEXO II

Criterios para determinar o sometimento ou non ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental das actividades incluídas no artigo 5, punto 5

1. Características dos proyectos ou actividades, en particular:

1.1. As variables cuantitativas (superficie, potencia, produción...).

1.2. A xeración de residuos perigosos, químicos ou bioloxicos.

1.3. As emisións, vertedeiras ou contaminación á atmosfera, á auga ou ao solo.

2. Situación dos proyectos ou actividades con relación á sensibilidade ambiental das áreas xeográficas que poidan verse afectadas, en particular:

2.1. Os cambios de usos do solo.

2.2. A capacidade do medio receptor.

2.3. Zonas declaradas vulnerables conforme coa Directiva 91/676/CEE, do Consello, do 12 de decembro de 1991, relativa á protección das augas contra a contaminación producida por nitratos empregados na agricultura.

2.4. Zonas protexidas baixo a normativa nacional, autonómica ou local debido aos seus valores ecolóxicos, paisaxísticos, culturais ou doutro tipo.

2.5. Outras zonas con importancia ambiental, tales como zonas húmidas, ríos ou masas de auga, zonas usadas polo público para acceder a servizos recreativos e zonas con elementos de importancia histórica ou cultural.

3. Outros criterios a ter en conta en función das características do proxecto:

3.1. Actividades realizadas en zonas ocupadas por usos sensibles tales como hospitais, centros médicos, escolas ou colexios, servizos comunitarios, parques infantís ou similares.

3.2. Localización con relación aos núcleos urbanos.

3.3. Localización con relación a áreas dotadas de equipamentos e infraestruturas asxeitadas, tales como polígonos industriais.

3.4. Dotación de infraestruturas hidráulicas de abastecemento e saneamento.

ANEXO III

Actividades excluídas do procedemento de avaliación de incidencia ambiental

1. Instalacións para a cría de animais domésticos e actividades agrogandeiras:

1.1. Instalacións para a cría intensiva de animais domésticos, sempre que non superen 9 cabezas de gando vacún, equino ou porcino, 15 de ovino ou caprino, 15 coellas nais ou 50 aves.

1.2. Instalacións para cría ou garda de cans, susceptibles de albergar como máximo 5 cans maiores de tres meses.

1.3. Actividades de almacenamento de equipos e produtos agrícolas, sempre que non conten con sistemas de refrixeración e/ou sistemas forzados de ventilación, que como máximo contéñan 2.000 litros de gasóleo ou outros combustibles.

2. Actividades industriais, sempre que a potencia mecánica instalada non supere os 15 kW e a súa superficie non supere os 400 m²:

2.1. Talleres de confección, xastraría, peletería e similares.

2.2. Talleres auxiliares de construción, tales como carpintaría, albanelaría, escaiolistaría, cristalaría, electricidade, fontanaría, calefacción e aire acondicionado.

2.3. Talleres de encadernación e afíns.

2.4. Talleres de relojoaría, ourivaría, óptica, ortopedia, e outros afíns aos anteriormente indicados.

3. Comercio polo miúdo, excepto o comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores; reparación de efectos persoais e aparellos domésticos, sempre que a potencia mecánica instalada non supere os 15 kW e a súa superficie non supere os 400 m²:

3.1. Comercio polo miúdo de alimentos, bebidas e tabaco en establecementos especializados.

3.2. Comercio polo miúdo de produtos farmacéuticos, artigos médicos, beleza e hixiene.

3.3. Comercio polo miúdo de téxtiles, pezas de vestir, calzado e artigos de coiro.

3.4. Comercio polo miúdo de moibles, aparellos de iluminación e outros artigos para o fogar.

3.5. Comercio polo miúdo de electrodomésticos, aparellos de radio, televisión e son.

3.6. Comercio polo miúdo de ferraxaría, vidro, pinturas e materiais de bricolaxe.

3.7. Comercio polo miúdo de materiais de construción, e material de saneamento.

3.8. Comercio polo miúdo de libros, periódicos e papelaría.

3.9. Comercio polo miúdo de óptica, fotografía e precisión.

3.10. Comercio polo miúdo de artigos de relojoaría, xoiaría e prataría.

3.11. Comercio polo miúdo de xogxetes e artigos de deporte.

3.12. Comercio polo miúdo de artigos de droguería, papeis pintados e revestimentos de solos.

3.13. Comercio polo miúdo de sementes, flores, plantas e animais de compañía.

3.14. Galerías de arte comerciais.

3.15. Outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados ou non especializados.

3.16. Comercio polo miúdo de bens de segunda man e anticuarios.

3.17. Reparación de efectos persoais e aparellos domésticos.

3.18. Outro comercio polo miúdo non comprendido noutras partidas.

4. Outras actividades:

4.1. Actividades de ocio e entretenimento e de restauración previstas no Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 292/2004, de 18 de novembro.

4.2. Centros e instalacións de turismo rural.

4.3. Residencias de anciáns, centros de día e escolas infantís.

4.4. Centros e academias de ensino, agás salas de baile, música e canto.

4.5. Despachos profesionais, zootecnias, oficinas e similares.

4.6. Barbarías, saunas, institutos de beleza e similares.

4.7. Actividades de almacenamento de obxectos e materiais, sempre que a súa superficie sexa inferior a 500 m², excepto as de produtos químicos ou farmacéuticos, combustibles, lubricantes, fertilizantes, pragxicidas, herbicidas, pinturas, vernices, ceras ou pneumáticos.

4.8. Garazes para estacionamento de vehículos agás os comerciais de uso público.

4.9. Plantas de tratamento de augas residuais para poboacións inferiores a 2.000 habitantes equivalentes.

(*) Ver anexo I grupo 1.

Corrección de erros.-Resolución do 23 de maio de 2008, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pola que se regula o procedemento de presentación telemática da documentación que controla o traslado de residuos perigosos dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia e o lanzamento do libro de rexistro en formato electrónico.

Advertidos erros no texto da resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 112, de 11 de xuño de 2008, cómpre facer a corrección seguinte:

-Na páxina 11.136, no remate do parágrafo primeiro, onde di: «...disposto no artigo 6º.», debe dicir: «.....disposto no punto sexto».

-Na páxina 11.136, no parágrafo primeiro do punto quinto, onde di: «...do indicado no artigo 4º poderase...», debe dicir: «...do indicado no punto cuarto poderase...».

-Na páxina 11.136, o parágrafo primeiro do punto sétimo, debe dicir: «A notificación previa de traslado (NPT) deberase realizar cunha antelación mínima de 10 días á data prevista do primeiro traslado, indicando os datos correspondentes aos residuos, produtores, transportistas e xestores de destino».

-Na páxina 11.136, no parágrafo segundo do punto sétimo, onde di: «...que se describe no artigo 8º, o produtor ou o xestor intermitente...», debe dicir: «...que se describe no punto oitavo, o produtor ou o xestor intermedio remitente...».

-Na páxina 11.136, no parágrafo terceiro do punto sétimo, onde di: «...que se describe no artigo 9º...», debe dicir: «...que se describe no punto noveno...».

-Na páxina 11.136, no parágrafo segundo do punto oitavo onde di: «...entrega do residuo o transportista...», debe dicir: «...entrega do residuo ao transportista...».

-Na páxina 11.136, os parágrafos terceiro e cuarto do punto oitavo, deben dicir: «O xestor, unha vez que reciba o residuo, acreditará a súa recepción asinando as copias en papel correspondentes e accederá como usuario ao Sirga para completar e asinar electronicamente o DCS con certificado dixital válido, acreditando así ante o órgano administrativo competente a recepción do residuo».

-Na páxina 11.137, os parágrafos primeiro e segundo deben dicir: «Unha vez creado o documento de traslado, emitirá en papel o número de copias necesario, segundo se establece no anexo 3. Unha copia en papel deberá acompañar o residuo durante o seu traslado para quedar finalmente en posesión do xestor-recolledor. O xestor-recolledor, no caso de que acepte o residuo entregado, proporcionará ao pequeno produtor o justificante de entrega (SXCR-2) debidamente asinado e selado. O xestor-recolledor acreditará a realización do traslado asinando e selando debidamente a copia en papel do documento de traslado SXCR-1 e accederá ao Sirga para completalo e asinalo con certificado dixital válido, acreditando así ante o órgano administrativo competente a recepción do residuo».

-Na páxina 11.137, o parágrafo segundo do punto 2 debe dicir: «Unha vez creado o documento de traslado emitirá dúas copias en papel. No momento da recepción dos residuos tanto o pequeno produtor como o xestor-recolledor completarán e asinarán debidamente as copias en papel do documento de traslado (SXCR-3), acreditando con iso a transferencia de titularidade do residuo. Unha das copias quedará en posesión do pequeno produtor e a outra deberá acompañar o residuo durante o seu traslado para quedar finalmente en posesión do xestor-recolledor».

-Na páxina 11.137, na liña décimo primeira do punto 3, onde di: «...no anexo III.», debe dicir: «...no anexo IV».

-Na páxina 11.137, os parágrafos cuarto e quinto do punto 3 deben dicir: «No momento da entrega do residuo ao transportista, o pequeno produtor deberá selar e asinar debidamente o SXCR-3, e accederá ao Sirga para asinalo con certificado dixital válido, acreditando así ante o órgano administrativo competente a entrega do residuo. No momento da recepción do residuo, o xestor destinatario deberá completar e asinar debidamente o documento de traslado SXCR-3, acreditando con iso a transferencia de titularidade do residuo, e accederá ao Sirga para completar e asinar o SXCR-3 con certificado dixital válido, acreditando así ante o órgano administrativo competente a recepción do residuo».

-Na páxina 11.138, despois da liña trece, debe engadirse o seguinte texto: «-Número de rexistro da caracterización básica ou rexistro similar, cando se trate da actividade de eliminación de residuos en vertedoiro».

-Na páxina 11.138, na terceira das consideracións legais do anexo, onde di: «O artigo 5 da Resolución...», debe dicir: «O punto quinto da Resolución...».

– 5 –

ORDENANZA REGULADORA DO DEBER DE CONSERVACIÓN DE EDIFICACIÓNS E TERREOS NAS CONDICIÓNS DE FUNCIONALIDADE, SEGURIDADE E ORNATO PÚBLICO SEGUNDO O SEU DESTINO.-

http://www.bop.depontevedra.es/bop.PONTEVEDRA/2008/bop.PONTEVEDRA.20080326.058.pdf

• • •

MARÍN

ANUNCIO

Transcurrido o prazo de exposición ao público e ao non ter presentado ningunha reclamación considérase aprobada definitivamente a "Ordenanza reguladora do deber de conservación de edificacións e terreos nas condicións de funcionalidade, seguridade e ornato público, segundo o seu destino", de acordo co artigo 49 da Lei de Bases de Réxime Local, conforme o estabrecido no art. 70.2 do citado texto legal faise público o texto íntegro da mesma:

ORDENANZA REGULADORA DO DEBER DE CONSERVACIÓN DE EDIFICACIÓNS E TERREOS NAS CONDICIÓNS DE FUNCIONALIDADE, SEGURIDADE E ORNATO PÚBLICO, SEGUNDO O SEU DESTINO

TÍTULO 1º.—DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.—Competencia.—A presente Ordenanza dictase en virtude da potestade regulamentaria recoñecida dentro do ámbito das súas competencias ós municipios do artigo 4 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en relación co preceptuado no artigo 9 da Lei 8/07 do Solo, artigo 199 da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e artigo 24 e ss. do Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia, 1/99.

Artigo 2.—Esta Ordenanza ten a natureza de Ordenanza de Policía Urbana, non ligada a unhas directrices de planeamento concreto por vir referida a aspectos de salubridade, seguridade, ornato e puramente técnicos.

Artigo 3.—A efectos desta Ordenanza teranse en consideración os solos urbanizados consonte ó disposto no artigo 12.3 da Lei do Solo, 8/2007 e no artigo 16 da Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, Lei 9/2002,

Artigo 4.—Suxeitos obrigados: As obrigas de limpeza e valado contidas nesta Ordenanza recaerán nos supostos de separación do dominio directo e do útil no titular do dominio útil. Se os solares ou parcelas estiveran gravados con dereitos de usos ou usufructos, ou cedidos en arrendamento, recaerá sobor do usuario, usufructuario ou arrendatario, respectivamente, como sustituto do propietario. No derradeiro caso o propietario virá obrigado a tolerar as obras de valado.

No suposto de solares e terreos sobor dos que pesen herdanzas aínda non partidas e adxudicadas, bastará notificar a un dos herdeiros coñecidos, considerándose a ditos efectos como representante da comunidade hereditaria.

As mesmas regras aplicaranse ás persoas xurídicas.

Artigo 5.—O Alcalde exercerá a inspección dos solares e terreos do termo municipal para comprobar o cumprimento das condicións establecidas na presente Ordenanza.

Os membros da Policía local, no exercizo das súas funcións, terán a tódolos efectos legais, o carácter de axentes da autoridade.

TÍTULO 2º.—LIMPEZA DE TERREOS E SOLARES

Artigo 6º.—Prohíbese o vertido de lixo e residuos sólidos de calquera tipo en solares e en zoas libres de propiedade pública ou privada.

Manteranse cun grado de limpeza que impida a presenza de insectos, parásitos, roedores, animais vagabundos e semellantes que poidan ser causa de infección ou perigo para as persoas.

Artigo 7º.—Os propietarios de toda clase de terreos teñen a obriga de mantelos en condicións de seguridade, salubridade e ornato público, libres de resíduos sólidos urbanos, refugallos ou cascallos, vindo obrigados a realizar os traballos precisos para conservar ou repoñer ditas condicións. Esto inclúe o deber de desratización, desbroce e desinfección. Asemade, protexeranse ou eliminaranse os pozos ou desniveis que poidan existir e ser causa de accidente.

Artigo 8º.—En caso de incumprimento das obrigas recollidas nos artigos anteriores o Alcalde, de oficio ou a solicitude de persoa interesada, iniciará o procedemento para dictar unha orde de execución nos termos dos artigos 26 a 31 do RDUG 1/99, poñéndoo en coñecemento do propietario ou propietarios do terreo, construcción ou edificación. Previo informe dos Servizos técnicos, con audiencia ós interesados, dictará resolución, sinalando as deficiencias existentes, ordeando as medidas precisas

para subsanalas e fixando un prazo para a súa execución.

Na resolución que imponía a orde de execución, requeriráselle ó obrigado ou ó seu administrador, para que proceda á execución da orde efectuada que significándolle que de non cumprila, levarase a cabo polo Concello a través do procedemento de execución forzosa previsto na Lei de Bases do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, artigos 96 e seguintes.

Todo elo sen prexuízo da incoación do preceptivo procedemento sancionador.

TÍTULO 3º.—DO VALADO DE SOLARES E PARCELAS SEN EDIFICAR

Artigo 9.—O valado ó que fai referencia este título terá a consideración de obra suxeita a previa licenza.

Artigo 10.—O valado será obrigatorio en solo urbano, teña ou non a condición de solar. Tratándose de obras en execución será obrigatorio en solo urbano e de núcleo rural.

O peche e valado de terreos que colinden con espazos públicos deberá situarse na alineación oficial ou no seu defecto na consolidada.

A obriga de valar por razóns de seguridade, salubridade e ornato pode extenderse as fincas rústicas, incluídas melloras das mesmas,.

Artigo 11.— Do mesmo xeito será obriga do propietario efectuar a reposición do valado cando por calquera causa sufrira desperfectos ou deterioro ou fora obxecto dunha demolición total ou parcial. A reposición axustarase ao disposto na presente Ordenanza e do mesmo seixto está suxeita a licenza municipal.

Artigo 12.—Os peches e valados en solo rústico de especial protección, non poderán lesionar o valor específico que se queira protexer.

Nos lugares de paisaxe aberta e natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais, e nas inmediacións das estradas e camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que os peches e valados limiten o campo visual para poder contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe ou desfiguren a perspectiva propia do mesmo.

Artigo 13.—Condición dos valados e peches de parcelas

Os peches de terreos non edificados en solo urbano faranse cunha parede cega en fábrica de ladrillo ou bloque, que cubra toda a lonxitude da fachada e cunha altura de 3,00 metros, revestida pola cara exterior e pintada en cor branco, salvo que na licenza ou na orde de execución os técnicos municipáis fixen unha cor distinta. O peche contará cun oco de paso protexido con porta coas debidas condicións de resistencia e seguridade, e de dimensións tales que permita as operacións de limpeza e retirada dos posibles residuos.

Os locais en planta baixa dos edificios, ate o seu acondicionamento definitivo, pecharanse con fábrica de ladrillo ou bloque, revestido pola cara exterior e pintada coas mesmas cores da fachada do edificio, ou as que determinen os técnicos municipais en caso de orde de execución. En caso de deixar ocos de ventilación, éstos situaranse únicamente na franxa superior cunha altura máxima de 30 cm e protexidos con malla ou material semellante que impida a entrada de animáis e o vertido de lixo no interior.

O oco de paso estará protexido igual que no caso anterior.

Os valados de obras en execución, tanto en solo urbano como de núcleo rural faranse de xeito provisional con taboleiros de madeira ou metálicos pintados, fixados de xeito seguro e cunha altura de 2,50 m. En caso de que ocupe parte ou a totalidade das beirarrúas, habilitarase un paso seguro cunha largura mínima de 90 cm. A ocupación da vía pública está suxeita á previa autorización.

Nos valados en solo rústico por motivos de seguridade terase en conta a súa especial condición de solo protexido e únicamente se permitirán os peches provisionais de postes sen cimentación e arame. Calquer outro peche deberá ir precedido da correspondente licenza municipal e se lle aplicará a ordenanza correspondente no momento de solicitala.

Artigo 14.—En calquer tipo de valado e peche de terreo ou planta baixa estará prohibida a colocación de publicidade ou murais agás proposta unitaria e autorización expresa do concello.

Artigo 15.—No caso de incumprimento do estabrecido nos artigos anteriores o Alcalde, de oficio ou a instancia de calquera interesado, ordenará a execución do valado ou peche, indicando na Resolución os requisitos e o prazo de execución, previo informe dos Servicios Técnicos e oído o propietario.

Na Resolución, asemade, requerirase ó obrigado ou ó seu administrador para que proceda á execución da orde efectuada que, de non cumprila, levarase a cabo polo Concello a través do procedemento de execución forzosa previsto na Lei de Bases do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, art. 96 e seguintes

A orde de execución equivale á concesión da licenza para a realización da actividade ordeada.

Todo elo sen prexuízo da incoación do preceptivo procedemento sancionador.

TITULO 4º.—ORNATO DAS FACHADAS E MEDIANEIRAS

Artigo 16.—Os propietarios de edificios de todo tipo e uso deberán mantelos nas axeitadas condicións estéticas e de seguridade, procedendo ó adecentamento e reparación daquelas fachadas que se atopen en condicións non axeitadas.

As fachadas e medianeiras das construccións deberán manterse adecentadas, mediante a súa limpeza, pintura, reparación ou reposición dos seus materiais de revestemento. Igual condición deberán presentar as carpinterías, peches, rótulos, toldos e demais elementos superpostos das fachadas.

A rehabilitación de fachadas e medianeiras, cando se trate de obras de pintura, revoco ou eventuais reparacións de instalacións ou elementos decorativos e non altere nin a estructura nin o uso do edificio, terá carácter de obra menor suxeita a licenza.

Artigo 17.—Ós efectos do disposto no artigo precedente, o Concello, de oficio ou a instancia de calquera interesado, poderá dictar obras de execución que obrigará ós propietarios de bens inmobles a realizar as obras que determinen os Servizos Técnicos.

A orde de execución equivale a concesión da licenza para realizar a actividade ordenada agás sexa necesaria a presentación de documentación e intervención técnica.

No suposto de incumprimento da orde de execución farase ésta efectiva polo Concello pola vía da execución forzosa prevista na Lei de Bases do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, artigos 96 e seguintes.

Todo elo sen prexuízo da incoación do preceptivo procedemento sancionador.

TÍTULO 5º.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Artigo 18.—Constitúe infracción urbanística leve o incumprimento da orde de execución das obras necesarias para manter os terreos e edificacións nas condicións de seguridade, salubridade e ornato público, tal como dispón o artigo 217.4 da Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, Lei 9/2002.

Artigo 19.—Do incumprimento das ordes de execución de peche e valado de terreos, así como das relativas á restauración de fachadas, serán responsables os propietarios dos inmobles, e do incumprimento das ordes de execución, da limpeza de terreos e solares por razóns de salubridade, hixiene e ornato, serán responsables as persoas que teñan o dominio útil.

Artigo 20.—O órgano competente para a resolución do procedemento sancionador é o Alcalde, conforme dispón o artigo 21.1.k) da Lei 7/85 de 2 de abril.

Artigo 21.—A potestade sancionadora exercerase mediante o procedemento establecido no Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobada por Real Decreto 1398/93, de 4 de agosto.

TÍTULO 6º.—RECURSOS

Artigo 22.—Contra as resolucións da Alcaldía nas que se recollan as ordes de execución, que poñan fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso de reposición e contencioso administrativo, previa comunicación a este Concello, nos termos do artigo 110.3 da Lei de Bases de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Fixáse en seis meses, dende a entrada en vigor da presente Ordenanza, o tempo no que os propietarios poderán axeitar as súas propiedades o disposto na mema.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente Ordenanza que consta de 22 artigos e unha Disposición final entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente polo Concello e publicado o seu texto completo no Boletín Oficial da Provincia transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85 de 2 de abril.

PROPOSTA DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE URBANISMO CH/0500
EXPTE.: 284/07-ORDENANZA

Coa finalidade de regula-la obriga de todo propietario de conservar e mante-las condicións de funcionalidade, seguridade e ornato público, tanto das construccións como dos terreos; esta concellalía propón á Alcaldía:

— Aproba-la "Ordenanza reguladora do deber de conservación de edificacións e terreos nas condicións de funcionalidade, seguridade e ornato público, segundo o seu destino", segundo o texto que figura como anexo a esta proposta.

Marín, 25 de outubro de 2007.—O Concelleiro-Delegado, Xosé Mª Vilaboa Ramos. 2008002476

• • •

– 6 – PLANO DO ÁMBITO DA ACTUACIÓN DO P.H.G.C.